

2024

Memoria

Cidade da Cultura de Galicia



**XUNTA
DE GALICIA**

MEMORIA 2024

**Cidade da
Cultura
de Galicia**

ÍNDICE

00 /

**CIDADE DA
CULTURA
DE GALICIA**



páxina 6



01 /

**APOSTA
POLAS ARTES
DIXITAIS**



páxina 18



02 /

**ACTIVIDADE
CULTURAL**



páxina 26



03 /

**EMPRENDE-
MENTO
NO GAIÁS**



páxina 122



04 /

BIBLIOTECA
DE GALICIA



páxina 132



05 /

ARQUIVO
DE GALICIA



páxina 146



06 /

EVENTOS



páxina 164




07 /

AS TORRES
HEDJUK



páxina 176



08 /

COMUNIDADE



páxina 178



2024 EN CIFRAS

VISITAS

1,4M

Visitas ao complexo

11,1M

Visitantes desde a apertura
da Cidade da Cultura en 2011

566.897

Accesos á páxina web cidadedacultura.gal

PROGRAMACIÓN CULTURAL

179

Actividades culturais

168

Actividades na Cidade da Cultura

11

Actividades fóra da Cidade da Cultura

260.967

Participantes no programa cultural do Gaiás

243.431

Asistentes a actividades na Cidade da Cultura

17.536

Asistentes a actividades fóra do Gaiás

preto **2M**

Participantes no programa cultural do Gaiás desde
a súa apertura, con máis de 2.000 actividades organizadas:

EXPOSICIÓNS

22

Exposicións, instalacións e intervención artísticas

6

Grandes mostras no
Museo Centro Gaiás

3

Instalacións inmersivas de
realidade virtual

9

Noutros espazos da
Cidade da Cultura

4

Itinerancias
noutras cidades

EVENTOS

689

Eventos acollidos en 2024 de
institucións, empresas e organizacións sociais

71.724

Persoas asistentes

COMUNIDADE

113.119

Persoas seguidoras en redes sociais

17.387

persoas subscritoras do boletín da Cidade da Cultura

3.507

Persoas socias do Club Gaiás





O 2024 incorpórase á biografía da Cidade da Cultura de Galicia como un dos anos que mellor reflicten a expansión da súa actividade, obxectivo prioritario do Plan Estratéxico 2021-2027, a 'folla de ruta' que marca o rumbo da institución no período aberto tras a conclusión da etapa construtiva.

A Cidade da Cultura pechou 2024 con máis de 1,4 millóns de visitas e sendo o ano da súa historia no que máis persoas participaron no seu programa de actividades, con máis de 260.000 asistentes, un incremento dun 30% respecto a 2023. Esta marca explícase fundamentalmente pola excepcional acollida de tres grandes exposicións internacionais: Tesouros Reais. Obras mestras do Terra Sancta Museum, Unha vida viquinga ou Tattoo. Arte baixo a pel.

O recoñecemento aos bos resultados deste exercicio veu tamén da man de institucións tan prestixiosas como o Observatorio da Cultura da Fundación Contemporánea, que situou a Cidade da Cultura na primeira posición do ránking de institucións galegas de 2024, posición que xa ocupou en 2023. De feito, nos últimos seis anos, o Gaiás figurou sempre entre as tres primeiras posicións, o que confirma que a valoración corresponde a unha traxectoria e non a un ano illado.

Xunta a aposta pola internacionalización, no 2024 destacan os avances acadados noutro dos grandes obxectivos: as artes dixitais. O bo ritmo na execución dos traballos para dotar a Galicia do seu primeiro Centro de Artes Dixitais permitirán, precisamente, que neste 2025 se rematen as obras, cumprindo así co prazo comprometido pola Xunta de Galicia.

Favorecendo conexións internacionais



No 2024, a Cidade da Cultura demostrou a súa capacidade e madureza para operar como o grande equipamento que Galicia precisa para relacionarse con institucións destacadas da escena internacional. Máis alá da valoración das cifras, exposicións como *Tesouros Reais*, *Obras mestras do Terra Sancta Museum*, *Unha vida viquinga* ou *Tattoo. Arte baixo a pel* consolidan a Galicia como unha comunidade con infraestruturas e equipos coa cualificación necesaria para acoller proxectos de primeiro nivel.

Ademais de seren tres das exposicións máis visitadas do norte de España, as mostras conectaron a Galicia con museos como o Quai-Branly, un dos principais do mundo no eido da antropoloxía; os museos nacionais de Historia e Arqueoloxía de Suecia, Dinamarca ou Francia, o Museo de Terra Santa de Xerusalén ou a Fundación Gulbenkian de Portugal.

A exposición *Unha vida viquinga* pechou o ano con máis de 50.000 visitantes, sendo a terceira máis visitada de todas as organizadas pola Cidade da Cultura desde a súa apertura. No caso de *Tesouros Reais*, organizáronse 350 visitas comentadas, a práctica totalidade coas prazas esgotadas, o que amosa o enorme interese por parte do público e o esforzo da institución.

Aposta polas artes dixitais



A Cidade da Cultura desenvolveu en 2024 traballos de construción do que será o primeiro Centro de Artes Dixitais de Galicia, cumprindo cos ritmos marcados no proxecto construtivo e permitindo que as obras finalicen a finais de 2025, tal e como recolle o calendario aprobado pola Xunta de Galicia.

A sociedade galega, o colectivo de creadores, as industrias creativas e a comunidade educativa contarán cunha potente infraestrutura que permitirá situar a Galicia na primeira liña das artes dixitais en España.

Máis alá das razóns de aproveitamento de sinerxías dos equipamentos culturais e tecnolóxicos que xa existen na CdeC, a decisión de localizar no Gaiás este centro obedece a que existía

un espazo soterrado, no seu momento pensado como aparcadoiro do Teatro da Música -un dos edificios non construídos-. Este espazo fai posible que o Centro de Artes Dixitais non precise a construción dun edificio novo, senón simplemente unha adaptación de espazos xa existentes.

Produtora de contidos para outros centros culturais



A Cidade da Cultura continuou en 2024 a traballar no obxectivo marcado polo Goberno de Galicia de consolidarse como unha factoría que forneza de contidos a espazos culturais de Galicia e de fóra de Galicia, maximizando así o aproveitamento dos seus recursos. Nesta dirección rematouse o que ten sido un dos proxectos que mellor reflicten este compromiso coa itinerancia de contidos: *Cidades no tempo*.

A través del, a Cidade da Cultura organizou sete mostras, unha en cada unha das principais cidades galegas, mostras dirixidas a reivindicar a Galicia urbana. A última delas -*Pontevedra, no tempo*- clausurouse no mes de setembro, pechando un proxecto que pode ser considerado un dos máis complexos desde un punto de vista técnico dos impulsados pola Xunta de Galicia, se temos en conta os equipos de expertos implicados ou as institucións que colaboraron.

Grazas á Cidade da Cultura, as sete cidades galegas gozaron de mostras dunha calidade excepcional nas que se puxo en valor a súa historia, o seu legado e que obtiveron un recoñecemento moi positivo por parte do público e dos medios de comunicación.

Na cabeza do ránking de institucións culturais galegas



Ademáis dos datos de participación, o Gaiás liderou de novo en 2024 o informe anual do Observatorio da Cultura da Fundación Contemporánea, que o sitúa como a institución cultural máis destacada de Galicia. Este recoñecemento non é novo: leva seis anos consecutivos entre os tres primeiros postos. No listado de proxectos destacados polo grupo de expertos avaliadores, sublíñase de novo iniciativas promovidas pola Cidade da Cultura como o festival *Escenas do Cambio* ou, no eido das artes dixitais, *Hábitats*.

Apoio á comunidade de creadores



O Gaiás fortaleceu no 2024 o programa de Residencias Artísticas (REGA), no seu obxectivo de consolidarse non só como un lugar de exhibición ao que acudir como espectador ou participante das actividades, senón como un espazo onde creadores e creadoras poidan atopar recursos para desenvolver proxectos.

Este impulso tradúcese nunha ampliación dos eidos aos que se abren as REGA, que van desde a escena, a música, a literatura, as artes visuais, o deseño ou o audiovisual ata incluír novas áreas, como a cultura popular ou a ciencia. A través das diferentes convocatorias agrupadas neste progra-

ma e dos acordos de colaboración con outros colectivos (Centro Dramático Galego, Colectivo RPM, Festival Resis...), o Gaiás tece unha rede para dinamizar a comunidade creadora en Galicia.


Polo tractor de eventos



O Gaiás non só destaca pola súa oferta cultural, senón tamén pola súa capacidade de acoller eventos de toda índole. No 2024 celebráronse nos seus espazos máis de XXX encontros, o dobre que no ano anterior, con máis de XXXX persoas participantes. Estas actividades

incluíron desde xornadas empresariais, entregas de premios e foros sectoriais ata concertos, rodaxes, presentacións de produtos ou actos institucionais e sociais organizados por entidades públicas e privadas.

Mellora dos espazos verdes



A Cidade da Cultura avanzou no 2024 na mellora dos espazos ao aire libre, a través dos traballos para a construción do Campo do Gaiás -que se rematarán na primeira metade de 2025-, así como na mellora ecolóxica de áreas como o Parque do Lago, e en medidas orientadas a facer do Gaiás un lugar máis

sostible, accesible e eficiente desde o punto de vista enerxético. A través destas accións, reforzarase a posta en valor das máis de 40 hectáreas de zonas verdes do monte Gaiás, convertidas nun lugar habitual de encontro e lecer para a cidadanía.

Accesibilidade




En consonancia coas prioridades fixadas pola Xunta de Galicia na nova *Lei de Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia*, a Cidade da Cultura impulsou un abano de medidas encamiñadas a facilitar o acceso á cultura de todos os colectivos. Deste xeito, apostouse por implementar medidas como o uso de mochilas vibratorias en concertos musicais para mellorar a experiencia de persoas con dificultades auditivas ou o desenvolvemento de aplicacións móbiles de

autoguía con linguaxe de signos, vídeos subtitulados e outras ferramentas que permiten facer máis inclusiva a visita ás exposicións do Museo Gaiás.

As artes dixitais, a través de experiencias como o *Galiverso* ou *Hábitats*, permitiron tamén impulsar os contidos culturais do Gaiás neste obxectivo de inclusividade, da man de colectivos especializados na integración social.

A aposta pola eliminación de barreiras e a inclusividade seguirá a cobrar relevancia nos vindeiros exercicios. Así, no 2024 desenvolvéronse estudos que servirán de base para intensificar medidas que se aplicarán nos próximos anos e que abranguen modificacións substanciais en diferentes aspectos da vida do complexo, tanto no plano físico coma no dixital.





01/

CARA Á DIXITALIZACIÓN

O ano 2024 estivo marcado polos avances na construción do primeiro Centro de Artes Dixitais de Galicia, unha proposta que permitirá realizar propostas de máximo nivel no eido das artes dixitais. Ademais, servirá como punto de encontro e creación para artistas galegos que queiran experimentar con tecnoloxías disruptivas e experiencias inmersivas.

Neste exercicio incrementáronse as actividades culturais e tamén se continuou avanzando en mellorar a accesibilidade das instalacións así como na sostibilidade e na eficiencia enerxética do complexo. O 2024 foi un ano no que se seguiu humanizando os espazos verdes que rodean a Cidade da Cultura, por exemplo, coa remodelación do campo de ocio, un espazo arborado que servirá para acoller eventos artísticos.

AVANZA A CONSTRUCCIÓN DO PRIMEIRO CENTRO DE ARTES DIXITAIS DE GALICIA



O 2024 foi o ano dos grandes avances no que se refire á construción do que será o primeiro Centro de Artes Dixitais de Galicia, un equipamento de referencia en España para este tipo de tecnoloxías. Así, e grazas ao traballo realizado o ano pasado, a Xunta de Galicia reafirma o seu compromiso para o seu remate a finais de 2025 e iniciar, entón, os traballos de equipamento.

A SOCIEDADE GALEGA, O COLECTIVO DE CREADORES, AS INDUSTRIAS CREATIVAS E A COMUNIDADE EDUCATIVA CONTARÁN ESTE ANO 2025 CUNHA POTENTE INFRAESTRUTURA QUE PERMITIRÁ SITUAR A GALICIA NA PRIMEIRA LIÑA DAS ARTES DIXITAIS EN ESPAÑA.





A súa localización na Cidade da Cultura ofrece unha ventá de oportunidade, xa que non se está a construír un edificio novo, senón que se aproveita un espazo xa existente. Ademais, a súa localización permitirá que as instalacións poidan nutrirse das redes tecnolóxicas, enerxéticas e de seguranza que xa existen no Gaiás, así como das sinerxías e conexións con outros servizos localizados na Cidade da Cultura —como a AMTEGA, o polo GaiásTech ou o Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) dependente do CSIC—.

O CENTRO PORASE EN MARCHA CO FIN DE CONVERTERSE NUN ESPAZO DE REFERENCIA PARA ACOLLER PROXECTOS ARTÍSTICOS NOVIDOSOS QUE XURDAN DAS ARTES DIXITAIS.

AO MESMO TEMPO, DESENVOLVERÁ UNHA ACTIVIDADE COMO BANCO DE EXPERIMENTACIÓN ONDE AS XERACIÓNS DE CREADORES GALEGOS E GALEGAS ATOPEN OS RECURSOS NECESARIOS PARA DESENVOLVEREN A SÚA ACCIÓN CREATIVA.

REMODELACIÓN DO CAMPO DE OCIO E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS



Durante o pasado 2024 continuouse traballando na remodelación do campo de ocio, un espazo multidisciplinar deseñado para acoller actividades artísticas e escénicas multitudinarias, servindo tamén de anexo co espazo de aparcadoiro exterior.

Este espazo exterior, que no seu momento se utilizou como lugar de estacionamento para acoller a todas as persoas que se desprazaban ao Gaiás para vacinarse contra a Covid 19, está a reconverterse nun espazo arborado que sirva de linde para acubillar, no seu interior, eventos artísticos cun deseño inspirado nos campos da feira. Un claro no bosque rodeado de árbores de gran porte que permitirán un illamento fronte ao tráfico.

Ademais, no 2024 tamén se levou a cabo o mantemento dos espazos exteriores incluíndo o Bosque de Galicia; as pequenas intervencións de remodelación dos espazos existentes como, por exemplo, as da Axencia Galega das Industrias Culturais e o deseño e construción das exposicións de pequeno a gran formato que se organizan no Museo Centro Gaiás ou en calquera outro espazo do complexo.



UN GAIÁS MÁIS SOSTIBLE, ACCESIBLE E EFICIENTE



ENERXÍA SOSTIBLE

A Cidade da Cultura está a implementar accións encamiñadas a reducir o seu consumo enerxético e mellorar a súa sustentabilidade. Neste sentido, estase a traballar en medidas ambiciosas que abranguen aspectos moi diferentes e que se irán dando a coñecer ao longo do 2025.

Unha das medidas máis relevantes neste campo está sendo a instalación de 2.000 paneis solares, nunha aposta firme polas enerxías limpas. Cando se complete, un 30% da enerxía que consome o complexo procederá destes paneis. Neste momento do proxecto estase a ultimar a solución construtiva co fin de evitar un impacto na identidade arquitectónica da Cidade da Cultura.

CAPTACIÓN DE AUGA PARA REGA

No 2024 tamén se iniciaron os traballos que foran definidos no exercicio anterior para o aproveitamento da choiva acumulada en zonas como o Parque do Lago co fin de poder empregala para alimentar a rede de rega dos espazos urbanizados e axardinados do complexo.



PLAN DE ACCESIBILIDADE UNIVERSAL

En 2024, a Xunta de Galicia aprobou a Lei galega de cultura inclusiva e accesible. Así, a Cidade da Cultura continúa a traballar nun plan que abrangue medidas para facer das súas infraestruturas un lugar accesible para todos os colectivos.

Nos complexos exteriores do Gaiás xa se están a efectuar as primeiras actuacións de mellora en espazos como pavimentos, aparcadoiros e nos accesos aos edificios de maior afluencia, co fin de poder acabar facendo máis accesible o total do complexo. Ademais, neste 2024 tamén se adoptaron medidas de accesibilidade como a habilitación de mochilas vibratorias

para que persoas con problemas de audición poidan gozar de concertos, ou aplicacións de audioguía con linguaxe de signos para facilitar o acceso aos contidos das exposicións do museo.

O plan abrangue todo un arsenal de solucións arquitectónicas, tecnolóxicas ou multimedia para facer da Cidade da Cultura un modelo que sirva de referencia de ideas para outras institucións culturais.





02/

ACTIVIDADE CULTURAL

Este ano, a Cidade da Cultura volveu ser recoñecida como “insignia da cultura galega 2024” polo Observatorio da Cultura da Fundación Contemporánea, un prestixioso informe elaborado coas valoracións de máis de 400 expertos e profesionais de toda España que mantén a Galicia, repetindo o posto do 2023, como a sexta comunidade pola calidade e innovación da súa oferta.

Neste exercicio, máis de 260.000 persoas participaron no programa cultural do Gaiás, que artellou ao longo de todo o ano actividades diversas e para todos os públicos.

Exposicións internacionais para establecer relacións con destacados museos e institucións de todo o mundo, apoio á creación a través dun sólido programa de residencias artísticas, ampla programación musical e escénica, actividades de lecer cultural para as familias e un programa de itineracias que converte a Cidade da Cultura nun xerador de contido para outras institucións da Comunidade e consolidan o Gaiás entre as máis destacadas infraestruturas culturais do noso país.

02.01/ Exposicións



LUZ NA TERRA. O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS, UNHA INSTITUCIÓN DE ALTA CULTURA

O catedrático emérito de Exposición de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago Ramón Villares foi o encargado de comisariar esta exposición organizada co gallo da celebración do centenario da creación do Seminario de Estudos Galegos en 1923. A mostra poñía en valor a obra desta institución que buscou a modernización da cultura galega e a súa proxección exterior, conectando ou intercambiando experiencias e publicacións con institucións análogas de España, Portugal, Bretaña, Irlanda, Reino Unido, Alemaña e diversos países do continente americano.

Seguindo as seccións estruturais da sala, a exposición exploraba distintas liñas temáticas baixo as seguintes epígrafes: "Tempos fundacionais", "A vida no Seminario", "O traballo no Seminario", "As xeiras de estudo", "Difusión dos estudos", "Relacións exteriores", "Cultura e política", "Pranto polo Seminario", "O Instituto Padre Sarmiento" e "Democracia e Autonomía: un novo seminario".

Nesta mostra tiveron especial participación o Instituto Padre Sarmiento, a Universidade de Santiago de Compostela e o Museo do Pobo Galego. Ademais, editouse unha publicación onde participaron arredor de vinte e cinco persoas expertas nesta institución como Alfonso Mato, Eduardo Pardo de Guevara, Teresa Soeiro, María Xosé Fernández Cerviño ou Justo Beramendi González.



Datas: Do 4 de xullo de 2023 ao 7 de xaneiro de 2024
Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 2
Horario: De martes a domingo de 10:00 a 20:00 h
Comisario: Ramón Villares Paz
Asesores: Alfonso Mato e Miguel Anxo Seixas
Asistencia: 1.339 persoas en 2024 (23.755 en total)



O COMISARIO

Ramón Villares Paz é catedrático emérito de historia contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela, institución da que foi decano, na Facultade de Xeografía e Historia (1986-1990), e reitor magnífico (1990-1994). Membro fundador e presidente (1996-2002) da Asociación española de Historia Contemporánea e membro numerario da Real Academia Galega (2006). Tamén foi presidente do Consello da Cultura Galega (2006-2018). Doutor *honoris causa* polas Universidades de Bos Aires (Arxentina), Minho (Portugal) e Rennes-2 (Francia). Ademais, recibiu os Premios da Crítica de Galicia (1983 e 1985), o Premio Fernandez Latorre (2005), o Premio Puro Cora (2017) e o Premio da Cultura Galega-Proxección Exterior (2018).

CATÁLOGO

Edición: castelán / galego con separata de textos en inglés. **Tamaño:** 28 x 23 cm (pechado). **Extensión:** 346 páxinas. **Tiraxe:** 500. **Edición:** Xunta de Galicia; Consellería de Cultura, Educación FP e Universidades; Fundación Cidade da Cultura de Galicia. **Dirección editorial:** Ramón Villares. **Textos:** Alfonso Mato Domínguez, Ana Romero Masía, Antón Capelán Rey, Antón Costa Rico, Ánxela Bugallo Rodríguez, Dolores Vilavedra Fernández, Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, Felipe Arias Vilas, Francisco Díaz-Fierros Viqueira, Justo Beramendi González, Marga do Val, María Xosé Fernández Cerviño, Miguel Anxo Seixas Seoane, Pedro Puy Fraga, Ramón Villares, Raquel Campos Pico, Teresa Soeiro, Xesús Alonso Montero, Xosé Amancio Liñares Girault, Xosé Antón Fraga Vázquez, Xosé Carlos Valle Pérez, Xosé Henrique Monteagudo Romero, Xosé Lois Armada Pita, Xosé Manuel González Reboredo. **Deseño e maquetación:** Xosé Díaz. **Tradución e revisión:** Linguaserve I.S. S.A. **Impresión:** Gráficas Anduriña.



BARREIRO.

O SILENCIO QUE CHOVE LUZ NA XANELA

A exposición retrospectiva de José María Barreiro no Museo Centro Gaiás reuniu máis de 50 pinturas e 80 debuxos desta figura esencial da arte galega das últimas décadas polo seu papel como continuador da vangarda histórica e o posvanguardismo. A mostra desafiaba a linealidade temporal de máis de medio século de traballo ao salientar as transformacións no presente. O artista, nado en Forcarei, abordou unha ampla gama de temas na súa obra, desde lembranzas ata naturezas mortas, capturando múltiples atmosferas, como interiores de cafés e paisaxes diversas.

A mostra titulouse *Barreiro. O silencio que chove luz na xanela* e incluía pinturas e debuxos, así como textos de Lugrís, poemas de Oroza, e escritos de Cunqueiro, de Laxeiro e de José Hierro. Alén do formato estritamente pictórico, tamén se exhibiron esculturas, documentos e dúas instalacións audiovisuais para proporcionar unha visión integral do autor. A comisaria Pilar Corredoira e o doutor en Historia da arte Xosé Antón Castro estruturaron a exposición de xeito que amosase a un Barreiro íntimo e humano, percorrendo e habitando os espazos e os temas máis significativos da súa obra.

Datas: Do 29 de novembro de 2023 ao 28 de abril de 2024

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 3

Horario: De martes a domingo de 10:00 a 20:00 h

Comisarios: Pilar Corredoira e Xosé Antón Castro

Asistencia: 16.160 persoas en 2024 (20.593 en total)

OS COMISARIOS

Pilar Corredoira é historiadora de Arte Contemporánea, comisaria de exposicións e investigadora no eido da arte galega dos séculos XX e XXI. Licenciada en Historia da Arte pola Universidade Central de Barcelona, inicia a súa andaina profesional a primeiros dos oitenta. Tras unha longa traxectoria desenvolvida no campo das artes plásticas, o seu labor viuse reflectido na área da xestión e o asesoramento a institucións, empresas ou espazos públicos e en numerosos comisariados de exposicións en Galicia, Europa e América. Ademais, na actualidade forma parte dos padroados da Fundación Xaime Quesada Blanco e da Fundación Vacan e colabora como crítica de arte, labor que comezou en 1982 en diversos xornais e revistas nacionais e internacionais.



Xosé Antón Castro é catedrático de Arte Actual da Facultade de Belas Artes de Pontevedra (Universidade de Vigo). Doutor en Historia da Arte pola Universidade Complutense de Madrid, tamén se licenciou en Filosofía e Letras -Historia da Arte- máis en Historia (especialidade de Arqueoloxía) pola Universidade de Santiago de Compostela. É membro do Padroado da Fundación Laxeiro e do Comité Asesor do CGAC (Centro Galego de Arte Contemporánea). Ademais, foi director do Instituto Cervantes de Milán (2004-2008) e do IPCE (Instituto do Patrimonio Cultural de España) do Ministerio de Cultura (2008- 2010). Tamén foi membro dos Padroados da Alhambra de Granada, do Arquivo de Indias, da Fundación Lázaro Galdiano e de Obras Pías, entre outros, e do Consello da Cultura Galega.

CATÁLOGO

Edición: galego / castelán con separata cos textos en inglés. **Tamaño:** 240 x 290 mm (pechado). **Extensión:** 268 páxinas. **Tiraxe:** 500. **Edición:** Fundación Cidade da Cultura. Xunta de Galicia. **Autoría:** Pilar Corredoira e Antón Castro. **Deseño e maquetación:** Igráfica. **Tradución e revisión:** Interlingua e Linguaserve I.S. S.A. Edición en tapa dura cosida.



TESOUROS REAIS. OBRAS MESTRAS DO TERRA SANCTA MUSEUM

Tesouros reais. Obras mestras do Terra Sancta Museum foi unha exposición internacional que trouxo a Santiago de Compostela o extraordinario e pouco coñecido tesouro artístico do Terra Sancta Museum de Xerusalén, composto por doazóns das monarquías católicas europeas ao longo de 500 anos. A exposición amosou parte deste tesouro artístico, conformado por valiosos obxectos relixiosos de metais e pedras preciosas, cálices, ourivería, códices, ornamentos, vestiduras sacras de rara manufatura... e permitiu percorrer a historia da Basílica do Santo Sepulcro e o papel da Custodia de Terra Santa, a comunidade de frades da Orde de San Francisco que exerce como gardiá deste singular patrimonio arqueolóxico, artístico e litúrxico. Na súa estada en Galicia, a mostra completouse con pezas arqueolóxicas, pictóricas e outras obras senlleiras de institucións galegas como o Museo de Terra Santa do compostelán Convento de San Francisco, o Museo das Peregrinacións, e tamén de fóra de Galicia como o propio Museu Calouste Gulbenkian.



Datas: Do 21 de marzo de 2024 ao 4 de agosto de 2024
Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 2
Horario: De martes a domingo de 10:00 a 20:00 h
Comisarios: Jacques Charles-Gaffiot, André das Neves Afonso, Esperanza Gigirey Liste e Juan Manuel Buján
Asistencia: 39.798 persoas



OS COMISARIOS

Jacques Charles-Gaffiot é historiador da arte, autor e integrante do Comité Científico do Terra Sancta Museum. Membro da xunta directiva da acción artística Cidade de París, da Unión de Críticos de París, da Association da Demeure Historique e da Sociedade de Amigos de Versailles. É, ademais, membro fundador do Observatorio do Patrimonio Relixioso e vicepresidente da asociación Cercle du Patrimoine.

André das Neves Afonso é conservador das coleccións de Ourivería e Xoiaría do Museu Calouste Gulbenkian en Lisboa desde novembro de 2021 e, anteriormente, desempeñou as funcións de asistente das mesmas coleccións no Museu Nacional de Arte Antiga, institución da que formara parte desde 2010.

Esperanza Gigirey Liste é directora do Museo das Peregrinacións e de Santiago desde 2017. É presidenta do Consello Galego de Museos e forma parte do Consello Asesor do Museo de Arte Sacra de San Paio de Antealtares, así como do Consello de Centros Museísticos de Galicia, constituído recentemente. É licenciada en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela, coas especialidades en museoloxía e historia da arte moderna e contemporánea.

Juan Manuel Buján é ministro provincial da orde dos franciscanos en Santiago de Compostela. Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Salamanca e licenciado en Teoloxía e en Ciencias Relixiosas pola Universidade Pontificia de Salamanca. É tamén director e profesor do Colexio Plurilingüe Franciscanos de Lugo, director da revista *Liceo Franciscano*, presidente de Escolas Católicas de Galicia e autor de varias publicacións sobre os franciscanos en Galicia.

CATÁLOGO

Edición: galego / castelán con separata cos textos en inglés. **Tamaño:** 230 x 300 mm (pechado). **Extensión:** 448 páxinas. **Encadernación:** flexible. **Tiraxe:** 500. **Edición:** Fundación Cidade da Cultura. Xunta de Galicia. **Autoría:** textos principais dos comisarios científicos, Jacques Charles-Gaffiot e André Afonso; dos comisarios executivos, Esperanza Gigirey e Juan Manuel Buján, e dunha destacada selección de historiadores, conservadores e expertos que afondan no centenar de pezas que compoñen a mostra. **Tradución e revisión:** Interlingua e Secretaría Xeral de Políticas Culturais.



HÁBITATS. NATUREZA ESTENDIDA

A última exposición inaugurada en 2023 foi *Hábitats. Natureza estendida*, unha experiencia sensorial inmersiva que amosaba, a través dunha viaxe polos cinco continentes, a diversidade de ecosistemas do planeta Terra. Combinando nunha única capa os mundos físico e dixital, *Hábitats* transportábanos, sen saír do Museo Centro Gaiás, por nove destinos nos que podemos convivir e interactuar con animais e plantas recreadas grazas ás tecnoloxías de realidade virtual e da realidade aumentada.

Desde o deserto de Sonora en Estados Unidos ata a Gran Barreira de Coral australiana; desde o Mar de Weddell, na Antártida á Cova de Ceza, no Courel. Na nosa aventura atopamos, entre outros, elefantes, tartarugas, baleas, axolotes, osos, simios, quenllas e moitas outras especies ás que tivemos o privilexio de observar de preto nos seus propios hábitats, grazas ás lentes de realidade estendida.

Datas: Do 5 de decembro de 2023 ao 19 de maio de 2024

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 1

Horario: De martes a domingo de 10:00 a 20:00 h

Responsable: Carlos Seijo

Desenvolve: Maxina

Entradas: 3€ Entradas dispoñibles en [Ataquilla.com](https://ataquilla.com) e no punto de Información do Museo Centro Gaiás

Público: Actividade dirixida a maiores de 9 anos

Asistencia: 9.278 persoas en 2024 (11.026 en total)



HÁBITATS VISITABLES:

1. Lagos e humidaís (Xochimilco, México).
2. Selva tropical (Amazonia, Perú).
3. Desertos (Sonora, EEUU).
4. Polar (Mar de Weddel. Antártida).
5. Montañoso (Cova oso cavernario. Lugo e cornixa cantábrica).
6. Sabana (Másai Mara, Kenya).
7. Arenais (Rasz Al Jin. Omán).
8. Arrecifes de Coral (Gran Barreira, Australia).
9. Os océanos.

RESPONSABLE DO PROXECTO

Carlos Seijo (A Coruña, 1980) é un artista audiovisual galego cunha traxectoria que nace da estética e dos gráficos xerados por ordenador para fusionarse, nos seus últimos proxectos, coas tecnoloxías emerxentes de realidade estendida e virtual. Na actualidade, dirixe o estudio galego Maxina, fundado xunto coa súa irmá Noela Seijo, especializado en efectos visuais, animación 3D e contidos inmersivos.



OUTRAS HISTORIAS POSIBLES

A exposición *Outras historias posibles* reivindicou a traxectoria e a pluralidade do talento de seis creadoras contemporáneas galegas nadas na década dos 50: Ana García Pan, Emilia Guimeráns, Anne Heyvaert, Tusi Sandoval, Branca Silva e Laura Terré. A mostra, comisariada pola investigadora e crítica de arte Susana Cendán, reuniu máis dun centenar de pinturas, esculturas, xilografías e debuxos que permitiron apreciar o talento de cada unha delas, sen deixar ao carón o contexto social e persoal no que se desenvolveron profesionalmente. Ademais, buscou crear relatos que complementasen e enriquecesen a historia destas artistas, destacando aspectos como a maternidade, os roles de xénero, as modas e tendencias no mercado da arte, e as disciplinas escollidas para traballar.



A exposición foi un conxunto heteroxéneo que mostrou a experimentación a través da obra artística destas seis autoras:

- **Ana García Pan** (A Coruña, 1951) cunha obra dominada pola cor como protagonista absoluta, usando a espontaneidade como recurso aparente, premeditado e irónico.
- **Emilia Guimeráns** (Vigo, 1958) explora todas as capacidades expresivas da cerámica nas súas series escultóricas, influídas polas paisaxes galegas e polo seu vínculo coa natureza.
- **Anne Heyvaert** (Memphis, 1959) aborda a súa creación dende o realismo minucioso de óleos e debuxos, que xogan a cuestionar o que representan.
- **Tusi Sandoval** (Pontevedra, 1954) traballa con anacos de pel que en principio serían un refugallo pero dos que ela extrae todo o seu potencial artístico.
- **Branca Silva** (A Coruña, 1951) traballa coa curiosidade e os desexos de capturar os seus soños a través da súa pintura.
- **Laura Terré** (Vigo, 1959) usa a figuración para compoñer escenas de marcado carácter social e cheas de compromiso.

A mostra tamén buscou desmitificar a idea do "xenio-artista" ao resaltar a importancia das redes de apoio e as circunstancias cotiás que inflúen na creación artística.



Datas: Do 28 de maio de 2024 ao 26 de xaneiro de 2025
 Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 3
 Horario: De martes a domingo de 10:00 a 20:00 h
 Comisaria: Susana Cendán
 Asistencia: 52.744 persoas



A COMISARIA

Susana Cendán é licenciada en Historia da Arte (Universidade de Santiago de Compostela) e doutora en Historia da Arte Moderna e Contemporánea pola Universidade Complutense de Madrid. Na actualidade, exerce a docencia na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, no Máster en Deseño e Dirección Creativa de Moda e no Grao en Deseño da Universidade de Vigo.

Xunto coa docencia, a súa traxectoria curricular complementábase con investigacións e proxectos expositivos relacionados coa construción cultural da identidade, a análise da indumentaria —entendida como unha forma de expresión creativa—, a exposición de narrativas pexorativas ao redor da muller e, concretamente, a muller artista, e a reivindicación dunha maneira plural de entender a arte.

CATÁLOGO

Edición: castelán / galego / inglés. **Tamaño:** 22,5 x 29,5 cm.
Extensión: 219 páxinas. **Tirada:** 500 exemplares. **Encadernación** en tapa dura con lombo recto. **Edita:** Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e Fundación Cidade da Cultura de Galicia. **Coordinación editorial:** Fundación Cidade da Cultura de Galicia. **Deseño e maquetación:** Patricia Dopico. **Fotografía:** Manuel G. Vicente. **Tradución e revisión:** ALOS Soluciones Lingüísticas. **Imprenta:** Agencia Gráfica. **Textos:** Susana Cendán. **Biografías:** Rebeca Lar.



UNHA VIDA VIQUINGA

Con marcado carácter internacional, a exposición comisariada por Irene García Losquiño achegou á Cidade da Cultura unha visión máis ampla e diversa do pobo viquingo, afastándose dos clichés habituais de conquistas e violencia. Esta mostra foi unha das maiores realizadas en España sobre esta civilización, reunindo unhas 120 pezas históricas e arqueolóxicas procedentes de institucións museísticas de Suecia, Dinamarca, Francia e España, incluíndo catro museos nacionais e unha Biblioteca Nacional.

Co obxectivo de derrubar prexuizos sobre os viquingos, a exposición afondaba na cultura nórdica durante a Idade Viquinga —dende o século VIII ata o século XI— a través dun relato que seguía as distintas etapas da vida dunha persoa dese período: nacemento, infancia, xuventude, madurez e morte, incluíndo a concepción do alén.

O discurso expositivo tamén exploraba os contactos da diáspora viquinga con diversas rexións, incluída Galicia. Aínda que non foi un territorio de asentamento masivo, as incursións viquingas deixaron pegada en lugares como a Ría de Arousa, a ribeira do Ulla e a Mariña Lucense.

Datas: Do 12 de xullo de 2024 ao 5 de xaneiro de 2025

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 1

Horario: De martes a domingo de 10:00 a 20:00 h

Comisaria: Irene García Losquiño

Asistencia: 57.789 persoas





A COMISARIA

Irene García Losquiño é doutora en Estudos Escandinavos e Máster en Estudos Medievais pola Universidade de Aberdeen. É investigadora e especialista na Idade Viquinga e liderou proxectos interdisciplinares que se centran na presenza viquinga na Península Ibérica en comparación con outras áreas como Inglaterra ou Normandía. Actualmente, exerce como investigadora no Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC).

CATÁLOGO

Edición: galego e castelán con separata en inglés. **Tamaño:** 21 x 27 cm. **Extensión:** 328 páxinas. **Tirada:** 500 exemplares. **Encadernación:** Flexbinder. **Edita:** Fundación Cidade da Cultura. Xunta de Galicia. **Deseño e maquetación:** David Carballal. **Tradución e revisión:** Alos Soluciones lingüísticas. **Imprenta:** Agencia Gráfica. **Textos:** Irene García Losquiño e o comité científico asesor formado por Neil Price, Charlotte Hedenstier-na-Jonson, Alexandra Sanmark, Declan Taggart, Stefan Brink, Rosa M. Rodríguez Porto, Inés García López, José Carlos Sánchez Pardo e Manuel Gago Mariño. **Ilustracións:** David Rubín.



TATTOO. ARTE BAIXO A PEL

Tras ser exhibida en Francia, Estados Unidos, Rusia, Canadá e Taiwán, chegou a Galicia unha das mostras máis completas e fascinantes sobre a tatuaxe, unha oportunidade única para comprender a fascinación humana por marcar a pel con tinta.

Tattoo. Arte baixo a pel seguía a viaxe da tatuaxe a través do tempo e de diversos continentes, explorando como esta práctica se converteu nunha expresión artística e nun fenómeno global. Producida polo Musée du quai Branly – Jacques Chirac, a exposición reunía 240 obras, entre pezas históricas e contemporáneas, procedentes de 18 países. Entre os obxectos expostos había pinturas, debuxos, libros, modelos de silicona tatuados, ferramentas de tatuaxe, máscaras, fotografías, selos e nove audiovisuais.

A tatuaxe, que en tempos pasados foi un elemento ritual nas sociedades tradicionais, sufriu a erradicación coa colonización. En moitos lugares quedou relegada a un uso punitivo e marxinador, pero logrou sobrevivir e, no século XIX, converteuse en símbolo de orgullo e espectáculo. No século XX, grazas aos intercambios internacionais promovidos por tatuadores activistas, xurdiron os códigos e técnicas que definen a tatuaxe moderna.

A exposición, a través do seu percorrido polos usos rituais, máxicos e sociais da tatuaxe, destacaba a súa emancipación como unha auténtica forma de arte, e revelaba a forza dun fenómeno que segue en plena evolución.



Datas: Do 24 de outubro de 2024 ao 20 de abril de 2025

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 1

Horario: De martes a domingo de 10:00 a 20:00 h

Comisaria: Anne Richard.

Organiza: Fundación Cidade da Cultura,
Musée du quai Branly - Jacques Chirac

Colabora: Fundación "La Caixa"

Asistencia: 17.562 persoas

A COMISARIA

Desde 1986, baixo o pseudónimo de *Anne & Julien*, *Anne de HEY!* ou *Rosita Warlock*, **Anne Richard** traballa no mercado da arte, a industria musical, o cómic e os medios de comunicación, e na actualidade defínese como a fundadora de *HEY! modern art & pop culture*, unha estrutura multidisciplinar que combina unha revista de arte bilingüe lida en todo o mundo, exposicións para institucións e espectáculos para o circo. Artífice de numerosos proxectos, entre eles a exposición *Tatoueurs, Tatoués* no Musée du quai Branly - Jacques Chirac de París, que chega a Galicia co título *Tattoo. Arte baixo a pel*, o seu coñecemento e dominio das subculturas, así como unha firme implicación nos campos da arte, a reportaxe e a edición, convertérona nunha importante axente do panorama cultural europeo de vangarda, con grandes éxitos tanto no ámbito francés como o internacional.

02.01.01/ Exposicións en itinerancia



CIDADES NO TEMPO

Cidades no tempo foi un gran proxecto expositivo que abrangue as sete principais cidades galegas, co obxecto de desenvolver sete mostras singulares que compartiron unha mesma estrutura. O seu percorrido iniciouse o 3 de xuño de 2022 na sede de Afundación en Santiago de Compostela, para continuar polos distintos espazos da entidade en Ferrol, Lugo, A Coruña, Vigo, Pontevedra e Ourense durante os anos 2022, 2023 e 2024. Foi unha das propostas principais da programación do Xacobeo 21-22 da Xunta de Galicia, que neste caso xurdiu da colaboración —a través da Fundación Cidade da Cultura—, con Afundación (Obra Social ABANCA).

Neste proxecto, as sedes que Afundación posúe nas principais cidades galegas acubillaron as distintas mostras cunha estrutura compartida e distribuída nas seccións “Mitos e orixes”, “Tramas”, “Escenarios”, “Patróns”, “Cidade narrada” e “Cidade que nos contamos”, mais cun carácter singular engadido que narra cada unha das súas historias.

A través da combinación entre materiais físicos e tecnoloxías interactivas con documentos, planos, mapas, fotografías, obras de arte e obxectos históricos e cotiáns, este formato de exposición propuxo unha experiencia multimedia de descubrimento das orixes das culturas urbanas, sendo un dos proxectos expositivos de maior complexidade técnica impulsados pola Xunta de Galicia nos últimos tempos.

Comisario: Manuel Gago

Colaboración: Afundación

Asistencia: 14.889 persoas en 2024 (50.221 en total)

O COMISARIO

Manuel Gago é doutor en Ciencias da Comunicación pola USC, director da plataforma de divulgación cultural culturagalega.gal do Consello da Cultura Galega e profesor na Facultade de Ciencias da Comunicación da USC. É responsable de numerosas iniciativas de posta en valor do patrimonio cultural, ademais de colaborador dos principais medios de comunicación do país. Como comisario de exposicións, traballou con algunhas das máis relevantes institucións do ámbito galego e xestionou pezas dos máis destacados centros internacionais.



VIGO NO TEMPO

A exposición *Vigo no tempo* foi a quinta mostra do proxecto *Cidades no tempo*. Organizada pola Xunta de Galicia e Afundación, percorría a evolución de Vigo dende as súas orixes ata a actualidade, abordando temas como desenvolvemento urbano, a economía, a cultura e o lecer. A exposición exploraba a cidade a través de obxectos de alta cultura e cotiáns, documentos históricos, mapas, recreacións virtuais e fotografías. Deste xeito, tomaban vida nun mesmo escenario as diferentes facetas de Vigo, a industrial (con todo o desenvolvemento ligado ao mar e a entidades como Citroën), a editorial, a social, a mitolóxica e a cultural.

Para esta mostra contou co asesoramento, como coordinador local, do columnista e editor de Xerais entre 1994 e 2018, **Manuel Bragado**.

Datas: Do 10 de novembro de 2023 ao 21 de xaneiro de 2024
Espazo: Sala exposicións sede Afundación, Vigo
Horario: De luns a sábado de 11:00 a 14:00 h e de 17.30 a 20.30 h
 Domingos e festivos de decembro de 11:00 a 14:00 h e de 17.30 a 20.30 h (agás o 25 de decembro e as tardes do 24 e 31 de decembro e o 5 de xaneiro)
Asistencia: 4.655 persoas en 2024 (12.474 en total)

CATÁLOGO

Edición: castelán / galego. **Tamaño:** 28 x 23 cm. **Extensión:** 248 ilustracións. **Tirada:** 500 exemplares. Edición: Xunta de Galicia; Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades; Fundación Cidade da Cultura de Galicia. **Coordinación editorial:** Fundación Cidade da Cultura de Galicia. **Deseño e maquetación:** Desoños. **Tradución:** Linguaserve, **Revisión:** Interlingua. **Imprenta:** Gráficas Anduriña.



OURENSE NO TEMPO

Ourense no Tempo foi a sexta exposición que formou parte do proxecto *Cidades no Tempo*, organizado pola Xunta de Galicia e Afundación, que buscaba reivindicar a cultura urbana nas sete principais cidades galegas. A exposición en Ourense, a través de diversas pezas, explorou a evolución da cidade, a súa vinculación coa auga, a súa posición estratéxica nas comunicacións e o seu desenvolvemento en varios campos como a creación artística, a cultura, o lecer, a vida social e a economía. Ademais, destacou a grande actividade intelectual da cidade, recreando unha área inspirada nos cafés de Ourense, onde se teceron redes de artistas e intelectuais que contribuíron ao pensamento e á arte galegos.

Para esta mostra contou co asesoramento, como coordinador local, do arqueólogo e escritor **José María Eguileta**.

Datas: Do 04 de marzo de 2024 ao 12 de maio de 2024

Espazo: Sala de Exposicións Afundación Ourense

Horario: De luns a venres de 17.30 a 20.30 h

Sábados, domingos e festivos de decembro
de 12:00 a 14:00 h e de 17.30 a 20.30 h

Asistencia: 7.102 persoas

CATÁLOGO

Edición: castelán / galego. **Tamaño:** 28 x 23 cm. **Extensión:** 251 ilustracións. **Tirada:** 500 exemplares. **Edición:** Xunta de Galicia; Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades; Fundación Cidade da Cultura de Galicia. **Coordinación editorial:** Fundación Cidade da Cultura de Galicia. **Deseño e maquetación:** Desoños. **Tradución e revisión:** Interlingua. **Imprenta:** Gráficas Anduriña.



PONTEVEDRA NO TEMPO

Pontevedra no tempo supón o peche de *Cidades no tempo*, un gran proxecto expositivo conformado por sete mostras singulares correspondentes ás principais cidades galegas que comparten unha mesma concepción e estrutura.

O mesmo que o resto do proxecto, *Pontevedra no tempo* foi comisariada por Manuel Gago, mais nesta ocasión contou coa escritora, produtora, guionista e directora pontevedresa Milagros Bará como coordinadora local.

A exploración da mostra a través de ámbitos coma os mitos, tramas, a dualidade ría/río, cidade produtiva, cidade sistema, estética, escenarios ou cidade narrada descubriu unha mestura de sofisticación e sinxeleza, de bo vivir. Segundo o comisario, "Pontevedra naceu como un burgo, como unha vila, no século XII. Tras unha dilatada viaxe urbana, continúa sendo unha vila de espírito. Unha boa vila".

Datas: Do 15 de xullo ao 14 de setembro de 2024
Espazo: Sala de Exposicións Afundación Pontevedra
Horario: De luns a sábado, de 11:00 a 14:00 h e de 17:30 a 20:30 h
Asistencia: 3.132 persoas

CATÁLOGO

Edición: galego e castelán con separata en inglés. Tapa dura cosida. **Tamaño:** 23 x 28,6 cm. **Extensión:** 248 páxinas. **Tirada:** 500 exemplares. **Edición:** Fundación Cidade da Cultura, Xunta de Galicia. Textos: Manuel Gago Mariño e Milagros Bará Viñas. **Deseño e maquetación:** Desoños. **Ilustracións:** Miguel Robledo. **Fotografías:** Manuel G. Vicente e Ovidio Aldegunde. **Tradución:** Alos Soluciones Lingüísticas.



A VÍA DA PRATA. AIRES DO SUR

A Vía da Prata. Aires do Sur conformaba un relato único no que as imaxes tomadas por grandes clásicos se sucedían nun interesante diálogo coa mirada actual de fotógrafos e fotógrafas do noso presente. Tirando do fío por novos camiños e fondos documentais, este proxecto expositivo e editorial foi quen de construír un relato posicionando o visitante no punto de vista do peregrino. Deste xeito, a mostra amosaba paisaxes, monumentos e escenas cotiás que foron inmortalizadas desde o século XIX ata os nosos días. Estivo conformada por 140 imaxes de 40 fotógrafos e fotógrafas que convidaban a contemplar a realidade coa ollada curiosa e serena do camiñante.

A exposición amosaba imaxes de artistas que fotografaron os camiños e a xente da Vía da Prata desde finais do século XIX e ao longo dos séculos XX e XXI, e que forman xa parte da nosa memoria, como Antón Passaporte, Aurélio da Paz dos Reis, Enrique Guinea, J. Lacoste, Jean Poujade, Jean Laurent, José Suárez, Martínez Hebert, Nicolás Muller, Anna Turbau, Carmenchu Alemán, Laura Martínez Lombardía, Tere Fernández ou Yorgos Karailias, entre moitos outros.

Entre os arquivos e institucións cedentes podíase atopar o A.H.P. de Lugo, o Fondo Patronato Nacional de Turismo, o Ministerio de Cultura e Deporte, o Arquivo Municipal de Vitoria, o Arquivo Rexional da Comunidade de Madrid (Fondo Nicolás Muller), o Arquivo Fotográfico Pacheco Concello de Vigo, o Arxiu Nacional de Catalunya, a Biblioteca Nacional de España ou o Centro Portugués de Fotografía.

Comisaria: Lucía Laín

Asistencia: 1.801 persoas (20.840 persoas en total)

A COMISARIA

Lucía Laín é historiadora, comisaria, guionista e documentalista. A súa paixón pola historia da fotografía remóntase aos anos nos que traballaba como coordinadora de desenvolvemento e contidos en longametraxes documentais. Experimentada documentalista, ten comisariadas máis de doce exposicións.



CATÁLOGO

Edición: castelán / galego / inglés. **Tamaño:** 21 x 25 cm.
Extensión: 256 páxinas. **Tirada:** 1.000 exemplares. En-
cadernación en tapa dura con lombo recto. **Edita:** Xunta
de Galicia, Consellería de Educación e Universidade e
Fundación Cidade da Cultura de Galicia. **Coordinación
editorial:** Fundación Cidade da Cultura de Galicia. **Deseño
e maquetación:** Laboratorio Numax. Tradución e revisión:
Linguaserve e Elena Bernardo. **Imprenta:** Gráficas Anduri-
ña. **Textos:** Lucía Laín.

OURENSE

Datas: Do 18 de xuño ao 1 de setembro de 2024
Espazo: Centro Cultural Marcos Valcárcel, sala 2
Horario: Luns a venres, de 11:00 a 14:00 h e de 17:00 a 21:00 h
Sábados, domingos e festivos, de 11:00 a 14:00 h
Colabora: Deputación de Ourense
Asistencia: 1.801 persoas

02.02/ Apoio á creación artística

02.02.01/ Hejduk





A INAUGURACIÓN. UN EVENTO QUE NON TERMINA DE COMEZAR

JOEL BLANCO — INTERVENCIÓN GANADORA EAN12

O proxecto gañador da X Convocatoria de Intervencións Artísticas da 12ª edición do Artista de Encontros Novos (#EAN12) foi concibido como unha reflexión sobre a inmovilidade temporal do capitalismo contemporáneo. Cun título tan suxestivo como *A inauguración*, o artista coruñés Joel Blanco desenvolveu no marco das Torres Hejduk unha reflexión sobre a noción dun presente continuo, un ciclo interminable onde o pasado se resiste a esvaecerse e o futuro semella esquivo.

A acción foi escenificada como unha festa da que o público asistente forma parte de xeito inmediato. Os refugallos do evento, a disposición dos obxectos e as pezas de Los Bravú, Lúa Gándara, Francisco Ramallo, Miguel Scheroff e Francesc Roselló poñían en evidencia a idea de temporalidade suspendida.

A intervención artística arrancou ademais cunha performance conducida por Sara Gema Domínguez Castillo e Eléonore Ozanne, exercendo como anfitrías, mentres que El Andrés elaborou unha atmosfera musical que soou durante toda a exposición da intervención en forma de bucle infinito.

Datas: Do 31 de agosto de 2023 ata o 7 de xaneiro de 2024

Espazo: Torres Hejduk

Acceso: De luns a domingo

Horario: De 10:00 a 20:00 h

O ARTISTA

Tras graduarse na Design Academy de Eindhoven en 2017, o artista coruñés Joel Blanco acumulou múltiples recoñecementos, entre eles o Neo2 Designers Awards 2020 e o destacado Best of España —34 talentos do deseño e da arte de AD 2022—. Como deseñador de produto e investigador de tendencias, especializado en estratexia, deseño especulativo e deseño-ficción, foi recoñecido pola revista *Forbes* como un dos 40 futuristas máis salientables de España en 2022.



DA SEMENTE Á ÁRBORE. UN BEN PARA A NOSA VIDA

MÓNICA RODRÍGUEZ PARCERO — INTERVENCIÓN PAISAXÍSTICA NAS TORRES HEJDUK

Da semente á árbore. Un ben para a nosa vida conectou coa idea orixinal para a que foran deseñadas as Torres Hejduk, pensadas como torres botánicas. Deste xeito, os espazos utilizáronse a xeito de invernadoiro, onde se recrearon dous tipos de bosques galegos — atlántico e mediterráneo —, e como aula, onde se expuxeron froitos, sementes e produtos finais obtidos da árbore.

A intervención pretendeu destacar a importancia dos bosques e do monte e a súa multifuncionalidade. Ecoloxicamente, os bosques caracterizáronse polo dominio dun estrato formado por árbores, elemento principal deste ecosistema onde conviviron unha gran diversidade de especies animais e vexetais. As árbores tamén conformaron o monte con outras especies arbustivas, de matogueira e herbáceas.

A experiencia convidounos a mergullarnos no ciclo forestal que foi dende a semente aos beneficios finais das árbores para a nosa vida: contribución á mitigación do cambio climático, protección do solo, conservación dos recursos hídricos ou fonte de recursos naturais e materias primas, ademais dunha función paisaxística, social, cultural e de lecer.

Datas: Do 22 de marzo de 2024 ata o 4 de agosto de 2024

Espazo: Torres Hejduk

Acceso: De luns a domingo

Horario: De 10:00 a 20:00 h

INTERVENCIÓN PAISAXÍSTICA DE MÓNICA RODRÍGUEZ PARCERO

Enxeñeira de montes e enxeñeira técnica agrícola pola Universidade de Santiago de Compostela. Traballou no sector dos viveiros e das empresas de servizos forestais e dende o 2007 desenvolve as súas funcións como xefa de Área de Fomento Forestal no Servizo de Saúde e Vitalidade do Monte da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural. Desenvolveu esta intervención con **Estudios Técnicos Topysa, S.L.**, cuxas actividades abranguen dende o deseño á realización de proxectos de educación ambiental e da xestión do medio natural.



H+E.

ISABEL MERCHANT E ÓSCAR MANRIQUE — INTERVENCIÓN GANADORA EAN13

A proposta de Isabel Merchant e de Óscar Manrique resultou gañadora entre os 12 proxectos presentados ao Concurso de Intervencións Artísticas nas Torres Hejduk, convocado no marco do XIII Encontro de Artistas Novos, EAN13. Este certame buscaba dar visibilidade a artistas emerxentes, ofrecéndolles un espazo expositivo non convencional nunha plataforma consolidada como o EAN.

A obra, titulada *H+E*, representaba unha alegoría da amizade entre os arquitectos John Hejduk e Peter Eisenman, materializada na construción das Torres Hejduk no Gaiás. As torres, inicialmente concibidas para un proxecto de xardíns botánicos no parque de Belvís, foron finalmente erixidas no Gaiás en homenaxe a Hejduk tras a súa morte no ano 2000, converténdose no primeiro edificio do complexo e nun símbolo icónico da Cidade da Cultura.

H+E requiría a participación activa de dúas persoas, que ao tocar os extremos dunha barra, xeraban unha atmosfera visual única, evocando conexións neuronais, ramificacións vexetais ou o brillo das estrelas, creando unha experiencia inmersiva.

Datas: Do 26 de agosto de 2024 ata o 5 de xaneiro de 2025

Espazo: Torres Hejduk

Acceso: De luns a domingo

Horario: De 10:00 a 20:00 h

Asistencia Inauguración: 58 persoas

OS ARTISTAS

Isabel Merchant (Madrid, 1999) é artista visual, graduada en Belas Artes e Deseño pola Universidad Francisco de Vitoria en Madrid, cursando o máster Contemporary Art Practice no Royal College of Art de Londres, onde reside actualmente. En 2023 foi premiada nos XXXIV Circuitos de Artes Plásticas da Comunidade de Madrid e recibiu tamén o 1º Premio Anual We:Now.

Óscar Manrique (León, 1994) é comisario independente, crítico e historiador da arte especializado en arte contemporánea e cultura visual. Desde 2023 dirixe a galería Ginsberg + TZU xunto a Claudia Pareja no barrio madrileño de Carabanchel.

02.02.02/ EAN



XIV EAN ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS

Co XIV Encontro de Artistas Novos, o Gaiás converteuse por décimo cuarto ano consecutivo nun espazo de encontro no que creadores e creadoras emerxentes tiveron a oportunidade de dar a coñecer os seus traballos e debater ao redor da arte contemporánea durante catro días de convivencia e intercambio de coñecementos e ideas con outros axentes culturais.

O fórum, novamente dirixido polo comisario Rafael Doctor, promovía a convivencia entre artistas emerxentes de Galicia e procedentes doutros lugares, así como o contacto con destacados nomes do panorama actual como Chechu Álava, Elena Fernández Prada, David Catá e Estela de Castro, que compartiron cos artistas emerxentes participan-

tes as súas experiencias e reflexións ao redor do mundo da arte e do proceso de creación. Cada un dos participantes do XII EAN realizou unha presentación pública centrada no seu traballo e proxecto creativo persoal, servindo de plataforma e escaparate das súas creacións.

A comisaria e xestora cultural Sara Donoso; o artista e comisario Eduardo Díaz Valiña, o xornalista e comisario Javier Díaz-Guardiola, o tamén xornalista e xestor cultural Martín Moniche e o docente e comunicador Rubén Alves, participaron tamén no encontro como observadores ou art followers, compartindo cos participantes a súa experiencia no apoio a novos talentos desde o eido curatorial ou da divulgación.



Selección artistas participantes: Lidia Amado, Diego Amarillo, Irene Ávila Carreira, Marta Baceidero, Fran Baena, Sandra Bejarano, Borja Bernárdez, Sebastián Boesmi, Ricardo Candia, Antonio Carro Pereira, Eva Casanueva, Rosa Gabriela Chávez, Álvaro Corral Cid, Iria Del Bosque, Raquel Díaz Jiménez, Alex Fuertes, Alex Gambin, Cecilia García Giralda, Víctor Manuel García Martín, Óscar García Martínez, Víctor González Pérez, Wences Lamas, María del Prado López Torres, Sergio Martínez Delicado, Jan Matthews, Rosa Medina, Irene Molina Ginel, Diego Morcillo, Alberto Ovejero, Marcos Pazos Pazo, Nicolás Pisada, Laura Reimúndez, Sabela Rey, Lucas Selezio, Marcos Sevilla, Cristina Souto Pita, Laura Tabarés, Sofía Taboada, David Urazán e Nacho Vergara.

Datas: Do 26 ao 29 de agosto

Espazo: Auditorio 2, Edificio CINC, Cidade da Cultura

Colaboración: Fundación Banco Sabadell

Asistencia: 47 persoas

02.02.03/ REGA. Apoio á creación



REGA – CLÁSICAS DESFEITAS – 2024

VOL. IX: HAMLET, O DE CUNQUEIRO

O programa *Clásicas Desfeitas* previsto para o 2024 incluíu tres pezas escénicas que permitían redescubrir clásicos da literatura galega a través doutras disciplinas artísticas. Nesta edición o grupo de innovación educativa ComTecArt da Universidade de Vigo —impulsor da primeira residencia de creación dixital e videoxogos da Cidade da Cultura—, integrou-se ademais no ciclo como responsable da adaptación e dirección volume 9 en colaboración coa Cia. Teatral Boccaccione de São Paulo (Brasil) e a e compañía Marinita y sus Maromas (Galicia).

Hamlet, o de Cunqueiro, foi o título do primeiro dos proxectos escollidos, unha proposta multidisciplinar que mesturaba dúas disciplinas aparentemente inconexas entre si: o teatro e os videoxogos. Tamén fixo un labor de ponte simbólica entre as culturas galega e brasileira usando como vehículo un extracto de *O incerto señor don Hamlet*, de Álvaro Cunqueiro, hibridado co relato *A cartomante*, de Machado de Assis —unha das figuras máis salientables da literatura brasileira—, ao que se foi engadiu unha aparición convidada collida directamente da obra orixinal de Shakespeare.





Data: Do 22 de xaneiro ao 2 de febreiro de 2024
 Organiza: Fundación Cidade da Cultura de Galicia,
 Centro Dramático Galego
 Espazo: Espazos REGA 2 e 3
 Colabora: Grupo ComTecArt da Universidade de Vigo
 Compañías: Cia. Teatral Boccaccione (São Paulo, Brasil),
 Marinita y sus maromas (Vigo)
 Residentes: 12 persoas

AS COMPAÑÍAS

Cia. Teatral Boccaccione. Nace no ano 2006 en Ribeirão Preto (São Paulo, Brasil) como un grupo que investiga a relación do teatro coa música, as súas manifestacións populares e desenvolvementos comunitarios. Desde entón, crearon unha linguaxe escénica propia, diversa e festiva que interpe-la directamente ao público.

Marinita y sus Maromas. Compañía de Teatro Travestí residente en Vigo que comeza a súa andaina polo 2016 no eido underground da cidade olívica. Trátase dun teatro de barrio que pretende achegar á comunidade as realidades dos corpos non normativos e a multitude de formas de amar.





REGA – CLÁSICAS DESFEITAS – 2024

VOLS. X E XI: MÍTICAS PERO SECUNDARIAS

O segundo proxecto escollido do programa *Clásicas Desfeitas* deste ano 2024 foi o díptico *Míticas pero secundarias*, traballo desenvolvido por Antón Reixa e Antela Cid. Personaxes como Polícrates, Ismene, Crisótemis, Iocasta, Edipo ou Políxena foron a fonte de inspiración para estes volumes 10 e 11 do ciclo, que vimos florecer de xeito independente pero complementario nas Residencias Artísticas do Gaiás.

A infeliz felicidade e o prezo do aceite, de Antón Reixa.

Antón Reixa, autor, director e intérprete da primeira parte do espectáculo, amosounos como foco principal da súa creación o complexo do heroe Polícrates, un trastorno que podería ter moito de galego e a Rosalía de Castro e a súa obra como máximo expoñente. Dende este punto de partida e enriquecendo a súa pescuda coas colaboracións da escritora

Chus Pato, do actor Quico Cadaval e do director da Fundación Rosalía Anxo Angueira, Reixa levounos a coñecer os obxectivos, devires e reflexións da súa personaxe.

Tres somos ti, de Antela Cid

Antela Cid exerceu de creadora total nesta peza, a segunda parte do díptico *Míticas pero secundarias*, peza escrita, deseñada e interpretada por ela. Tres mitos gregos femininos: Ismene, Crisótemis e Políxena foron a base dunha proposta actual que incluíu textos teatrais e poéticos de Antela Cid e temas musicais contemporáneos. Tres historias invisibles e atemporais. Un berro individual e colectivo coa intención de camiñar cara a un mundo mellor onde a desigualdade non teña cabida.



Datas: Do 12 ao 24 de febreiro de 2024

Formato: Actividade presencial

Organiza: Fundación Cidade da Cultura de Galicia,
Centro Dramático Galego

Espazo: Edificio Fontán, cafetería e sala de atención a visitantes

Compañías: Antón Reixa e Antela Cid

Residentes: 2 persoas

OS ARTISTAS

Antón Reixa. Poeta, escritor, cantante e letrista de Os Resentidos e Nación Reixa, ademais de produtor, director audiovisual e comisario de exposicións. En 2021 foille concedida polo goberno español a Medalla de ouro ao mérito nas Belas Artes.

Antela Cid. Titulada na ESAD de Galicia no Grao en Interpretación Textual e no Máster de Igualdade de Xénero e Coeducación pola USC. Traballa como actriz en cine, teatro e televisión, performer e dramaturga en diferentes produtoras e compañías.



RESIDENCIAS INCIPIT

MATILDE MEIRELES

Na segunda edición desta vía colaborativa aberta entre o Instituto de Ciencias do Patrimonio (INCIPIT, CSIC) e as Residencias Artísticas do Gaiás REGA da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, a artista sonora e investigadora lusa residente no Reino Unido Matilde Meireles traballou xunto a investigadores do proxecto PALCOS [palcos.gal] nunha investigación sobre a cultura material da verbena desenvolvida no mesmo INCIPIT e financiada pola Axencia Galega de Innovación (GAIN).

A idea desta residencia era explorar as múltiples sonoridades que envolven o espazo material dos campos da festa, tanto deses que xa non se usan como daqueles que aínda se activan durante a celebración das festas parroquiais. A través do uso de distintas técnicas de gravación de campo amplificáronse as posibilidades da escoita a diferentes escalas para reflexionar sobre como o paso do tempo e os cambios na forma de facer a festa están incrustados nos vestixios materiais das paisaxes festivas. O rexistro destas paisaxes sonoras estivo acompañado da recollida de testemuños e memorias asociadas á festa.

Esta residencia e os materiais recolleitos supuxeron o punto de partida para a produción dunha exposición/instalación que será un dous resultados finais do proxecto PALCOS en 2025.

Datas: Residencia: do 6 ao 22 de maio
Presentación de resultados: 20 de maio
Espazo: Espazo REGA 3
Colaboración: Incipit-CSIC
Integrantes: 1 persoa
Presentación: 17 persoas asistentes



REGA — SEREAS/ODA LUDITA

RESIS EN RESIDENCIA

Nunha nova colaboración entre a Fundación Cidade da Cultura e a asociación cultural AÍS e o RESIS, festival internacional de música contemporánea e artes vivas da Coruña, desenvolveuse *Sereas/Oda Ludita*, proxecto de composición e instalación sonora do artista Xoán Xil López con orixe nos acontecementos sociais que tiveron lugar na Fábrica de Tabacos da Coruña en 1857: un levantamento cun compoñente ludita provocado pola introdución de maquinaria que supoñía a redución dos postos de traballo.

Escrita para soprano, voz falada, acordeón, cello, percusión e electrónica, e baseada nos textos escritos por Alba Cid para a ocasión, a composición de Xoán Xil dialogaba cun dispositivo formado por seis sirenas mecánicas, voces artificiais que lembran as sonoridades da sirena da propia fábrica, un fito da paisaxe sonora da cidade que aínda permanece na memoria e no imaxinario de moitas persoas.

Como instrumento, este set de sirenas formaba parte da partitura e podía controlarse manualmente para xerar as diferentes harmonías complexas, glissandos e batementos que puideron experimentar os asistentes á demostración do venres 10 de maio no Andar -1 do Museo. A interpretación desa tarde foi protagonizada pola soprano Adriana Aranda, o acordeonista Nikola Tanaskovic, o violonchelista Millán Abeledo, o percusionista Noè Rodrigo e a mesma Alba Cid poñendo voz aos seus textos.

Datas: Residencia: Do 7 ao 10 de maio

Exhibición: 10 de maio de 2024

Presentación no festival RESIS en Coruña: 11 de maio de 2024

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar -1

Colaboración: Asociación Cultural AÍS

Acceso: De balde e acceso libre ata completar a capacidade da sala

Asistencia: Integrantes do proxecto: 6 persoas

Presentación no Andar -1 do museo: 9 persoas



REGA — RESIDENCIA LITERARIA

Este formato de residencia está deseñado como apoio e acompañamento para escritoras e escritores emerxentes, promovendo o intercambio de experiencias e a posta en común de coñecementos. É unha iniciativa especialmente pensada para mozas e mozos de até 35 anos, pero aberta a aspirantes de todas as idades.

Durante catorce días, as persoas participantes analizaron os seus propios proxectos e aprenderon dos traballos dos seus compañeiros e compañeiras. Ademais, realizaron unha análise doutras lecturas e participaron en encontros con persoas que asistiron a outras residencias do Gaiás, así como en charlas con autores e autoras de renome, como Brais Lamela (participante da primeira edición da residencia) e a autora catalá Irene Solà. En definitiva, a Residencia Literaria constituíu un espazo para fomentar o crecemento persoal, compartindo tempo con persoas diversas unidas por unha paixón común: a literatura.

As dez persoas seleccionadas nesta edición de 2024 foron Daniel Gutiérrez Toca, Alicia Otero González, Anxo Martínez Rojo, Carlos Lixó Gómez, María Alonso Espasandín, Alfredo José Fernández Marques, Sergio González Cancela, Helena Chaves Varela, Leticia Rodríguez González e Lucía Cernadas Varela.

Datas: Do 1 ao 13 de xullo

Espazo: Espazo REGA 1, Espazo REGA 3
Biblioteca e Arquivo de Galicia
Fundación Camilo José Cela
Casa Museo Rosalía de Castro

Participantes: 12 persoas



PROGRAMA

- **Mércores 3 de xullo** (de 16:00 a 20:00 h):
encontro con Irene Solà.
- **Venres 5 de xullo** (de 10:00 a 14:00 h):
visita á Fundación Camilo José Cela.
- **Martes 9 de xullo** (de 10:00 a 14:00 h):
encontro con residentes das anteriores edicións.
- **Martes 9 de xullo** (de 16:00 a 20:00 h):
encontro con Brais Lamela.
- **Mércores 10 de xullo** (de 10:00 a 12:00 h):
visita á Casa Museo Rosalía de Castro.
- **Mércores 10 de xullo** (de 12:00 a 14:00 h):
encontro cos residentes da Residencia Paraíso.
- **Xoves 11 de xullo** (de 12:00 a 14:00 h):
visita comentada á Biblioteca e Arquivo de Galicia.

O DIRECTOR

Escritor, xornalista e profesor de escritura creativa, Javier Peña deuse a coñecer coa súa novela de debut, *Infelices*, que foi elixida entre as mellores do ano por críticos de medios de comunicación como a Cadena SER, RNE, *La Voz de Galicia* ou Zenda. En setembro de 2022 publicou a súa segunda novela, *Agnes*, que tamén se coou entre as mellores obras de narrativa do ano para medios como Esquire ou Forbes. Creador e coordinador das dúas edicións do Obradoiro de Novela Cidade da Cultura, que se celebraron en 2019 e 2020, tamén deseñou o Taller de Novela Casa Blackie, así como o recoñecido podcast Grandes Infelices.



REGA — RESIDENCIAS PARAÍSO. DO OUTRO LADO

FRAN RODRÍGUEZ E BRAIS POMBO.

A primeira das dúas residencias combinadas entre a Cidade da Cultura e o Salón Teatro / CDG en Santiago de Compostela deste ano 2024 acolle un proxecto dos creadores galegos Fran Rodríguez e Brais Pombo. Do outro lado era un traballo de investigación escénica sobre o ecoloxismo, a comunidade e a súa descomposición no rural, que contaba coa colaboración do colectivo Memoria e Cinema e coa compañía de teatro Mevadeus.

A canteira que abriu o monte de Traspielas é o símbolo do que partían Rodríguez e Pombo para afondar nas consecuencias que esta ferida, dende o máis persoal ata o máis global, reflexionando sobre o concepto de habitar nun sentido amplo, poñendo o corpo e o audiovisual como ferramentas de traballo. Do outro lado, indagaba en como o capitalismo se introduce na clase campesiña, desfacendo a comunidade e a súa capacidade de autosuficiencia para converter a esas persoas en entes individuais que entran a ser produtoras e consumidoras no mercado, convidando a reflexionar sobre a nosa forma de habitar o mundo na actualidade.

Datas: Do 1 ao 14 de xullo, na Cidade da Cultura.

Do 29 de xullo ao 3 de agosto no Salón Teatro
de Santiago de Compostela

Salón Teatro, Santiago de Compostela.

Artistas: Fran Rodríguez e Brais Pombo

Colaboración: Centro Dramático Galego e Colectivo RPM

Presentación proxecto: 27 persoas

OS ARTISTAS

O traballo de **Fran Rodríguez** céntrase na interacción entre o corpo e a contorna, usando como soportes o cine, a fotografía e o son. Actualmente está realizando a súa primeira longametraxe, *Da túa man para a miña*, xunto con Coral Piñeiro, e coa produtora Miramemira.

Brais Pombo naceu en Fornelos de Montes (Pontevedra) en 1999. É actor, performer e músico formado en interpretación xestual na ESAD de Galicia e na Janáček Academy of Music and Performing Arts en Brno, República Checa.



REGA — RESIDENCIAS PARAÍSO. NO NECESITO UN NOMBRE PARA SER MASCOTA

ANA COTORÉ.

A segunda das residencias combinadas entre a Cidade da Cultura e o Salón Teatro / CDG en Santiago de Compostela no ano 2024 acolleu o proxecto *No necesito un nome para ser mascota*, da bailarina e creadora aragonesa Ana Cotoré. Durante a súa residencia, Cotoré explorou os conceptos de domesticación e cansazo no sistema capitalista, con especial foco na saúde mental, a través da danza, o corpo e o texto, acompañada polo iluminador Victor Longás e coa mirada externa de Álvaro Murillo.

Baseándose nunha experiencia autobiográfica, *No necesito un nome para ser mascota* propoñía unha reflexión escénica sobre os momentos de ruptura e reestruturación que provocan as circunstancias externas. O día 3 de agosto, Cotoré realizou unha presentación do traballo desenvolvido.

Datas: Do 15 ao 27 de xullo na Cidade da Cultura
Do 29 de xullo ao 3 de agosto no Salón Teatro
de Santiago de Compostela

Espazo: Espazo REGA 2
Salón Teatro, Santiago de Compostela

Artistas: Ana Cotoré

Colaboración: Centro Dramático Galego e Colectivo RPM

Presentación proxecto: 48 persoas

A ARTISTA

Ana Cotoré é bailarina, intérprete, creadora e pedagoga nada en Zaragoza. Paralelamente, é licenciada en Psicoloxía e graduada en Educación Social, disciplinas que influíron profundamente na súa investigación do movemento e na súa traxectoria artística.



AXUDAS REGA

O programa de bolsas REGA volveu ofrecer nesta edición catro axudas de formación a través de residencias, dirixidas ao desenvolvemento de proxectos vinculados ás artes visuais, escénicas, musicais e de deseño. Déuselle valor especialmente á intersección con outras disciplinas, destacando o carácter híbrido que define a cultura contemporánea. Esta iniciativa anual é un sistema de apoio á creación contemporánea de artistas que desenvolven a súa actividade en Galicia, ofrecendo unha residencia de traballo de entre tres semanas e mes e medio nos espazos REGA do Museo Centro Gaiás. Ademais, concedéronse 8.000€ para cada proxecto seleccionado co fin de facilitar a materialización das súas propostas.

TÉXTIL SUSPENDIDO, MARÍA BARROS.

A deseñadora **María Barros** realizouse un traballo de investigación centrado nas técnicas de alta costura, explorando as posibilidades creativas que ofrecen diferentes disciplinas artísticas. O seu proxecto consistiu na creación dunha serie de pezas téxtiles suspendidas, desenvolvendo volumes escultóricos, tridimensionais e con movemento. O obxectivo principal desta investigación era realizar unha exploración tanto material como volumétrica, investigando as propiedades dos tecidos e fibras téxtiles, así como as estruturas e soportes que darían forma ás pezas finais.

Datas: Do 16 de setembro ao 11 de outubro de 2024

Espazo: Espazo REGA 1

Especialidade: Deseño

Acompañamento: Mercedes Vicente

Asistencia: 24 persoas



DEUS TE LIVRE, SERGIO MAREY

No seu proxecto *Deus te livre*, **Sergio Marey**, artista orixinario de Lugo, propuxo a creación dunha instalación multidisciplinar que combinaba elementos téxtiles, vídeo, audio e performance. Esta proposta tiña como finalidade reflexionar sobre as analogías culturais entre Galicia e Portugal, establecendo un diálogo simbólico coas figuras de Fernando Pessoa e o propio autor, Sergio Díaz Marey. O proxecto serviu como plataforma para investigar as representacións LGTBI+ a través dun paralelismo entre a súa propia identidade e a do poeta portugués.

Datas: Do 24 de setembro de novembro de 2024

Espazo: Espazo REGA 4

Especialidade: Artes visuais

Acompañamento: Edu Valiña

Asistencia: 18 persoas



CA CO FLEX!, ISA FERNÁNDEZ

Pola súa banda, **Isa Fernández** presentou un proxecto que abordou o tema do acceso á vivenda nas vilas e cidades galegas, centrándose nas dificultades que atopa a denominada "xeración millennial" para independizarse e vivir con autonomía. A través desta reflexión de carácter social, a investigación construíu espazos escénicos arquitectónicos empregando o cartón non só como material, senón tamén como elemento poético e simbólico, subliñando a vulnerabilidade e a precariedade que define a situación actual de moita mocidade.

Datas: Do 26 de setembro ao 17 de novembro de 2024

Espazo: Espazo REGA 3

Especialidade: Artes escénicas

Acompañamento: Santiago Cortegoso

Asistencia: 110 persoas



EXERCICIOS SONOROS DE CARTOGRAFÍA INVERSA, PABLO SEOANE

Os músicos **Pablo Seoane** e **Macarena Montesinos** desenvolveron no Gaiás un proxecto que combinaba música e audiovisual a partir da relectura de cartas náuticas e de mapas topográficos da costa galega, conservados na Biblioteca e Arquivo de Galicia e dispoñibles na Biblioteca Dixital de Galicia, con material que abrangúa dende 1603 ata o século XX. O proxecto, titulado *Exercicios sonoros de cartografía inversa*, exploraba a relación entre mapas, territorio e realidade, investigando novos sistemas de notación musical.

Datas: Do 14 de outubro ao 24 de novembro

Espazo: Espazo REGA 2

Especialidade: Artes musicais.

Acompañamento: Beatriz R. Fontán

Residentes: 2 persoas

Asistencia á presentación: 19 persoas

02.03/ Música e escena



CLÁSICAS DESFEITAS – 2024

VOL. IX: HAMLET, O DE CUNQUEIRO

O día 2 de febreiro de 2024 tivo lugar a estrea de *Hamlet, o de Cunqueiro*, unha proposta multidisciplinar creada polas compañías Boccaccione de Brasil e Marinita y sus Maromas de Vigo durante a súa residencia no Gaiás. A colaboración co grupo de innovación docente ComTecArt, da Universidade de Vigo, enriqueceu a dramaturxia da peza con dinámicas de videoxogo.

A peza tendía unha ponte simbólica entre as culturas galega e brasileira a través dun triplo misterio que debía resolver o público que asistiu a un percorrido escénico conducido por protagonistas de *A Cartomante*, de Machado de Assis, e *O incerto Señor Don Hamlet*, de Álvaro Cunqueiro, no que tamén interviña o lendario personaxe de Shakespeare.

Datas: Do 2 ao 3 de febreiro de 2024

Organiza: Fundación Cidade da Cultura de Galicia, Centro Dramático Galego

Espazo: Galería de servizos, entrada polo Salón de Convencións do Edificio CINC

Horario: Dous pases por día ás 18:00 h e 20:00 h

Colabora: Grupo ComTecArt da Universidade de Vigo

Compañías: Cia. Teatral Boccaccione (São Paulo, Brasil), Marinita y sus maromas (Vigo)

Entrada: 9 € A disposición na web de Ataquilla.com, no despacho de billetes do Museo Centro Gaiás e o propio día das actuacións no acceso ao Salón de Convencións

Asistencia: 104 persoas



AS COMPAÑÍAS

Cia. Teatral Boccaccione. Nace no ano 2006 en Ribeirão Preto (São Paulo, Brasil) como un grupo que investiga a relación do teatro coa música, as súas manifestacións populares e desenvolvementos comunitarios. Desde entón, crearon unha linguaxe escénica propia, diversa e festiva que interpe-la directamente ao público.

Marinita y sus Maromas. Compañía de Teatro Travestí instalada en Vigo que comeza a súa andaina polo 2016 no eido underground da cidade olívica. Trátase dun teatro de barrio que pretende achegar á comunidade as realidades dos corpos non normativos e a multitude de formas de amar.





CLÁSICAS DESFEITAS – 2024

VOLS. X E XI: MÍTICAS PERO SECUNDARIAS

O segundo dos proxectos escollidos do programa Clásicas Desfeitas deste ano 2024 foi o díptico *Míticas pero secundarias*, traballo desenvolvido por Antón Reixa e Antela Cid. *A infeliz felicidade e o prezo do aceite* era o título da primeira peza de dito díptico, aquela creada, dirixida e interpretada por Antón Reixa co complexo do heroe Polícrates e as súas conexións coa nosa Rosalía de Castro como eixe central. Enriquecendo a pescuda coas colaboracións da escritora Chus Pato, do actor Quico Cadaval e do director da Fundación Rosalía Anxo Angueira, Reixa levounos a coñecer os obxectivos, devires e reflexións da súa personaxe.

Pola súa banda, Antela Cid exerceu de creadora total de *Tres somos ti*, unha peza feminista que revisitaba a historia de varias heroínas da mitoloxía grega co obxectivo de engadir-lles unha nova perspectiva onde a desigualdade non teña cabida.



OS ARTISTAS

Datas: Do 23 ao 24 de febreiro de 2024

Organiza: Fundación Cidade da Cultura, Centro Dramático Galego

Espazo: Edificio Fontán, cafetería e sala de atención a visitantes

Horario: 20:30 h

Compañías: Antón Reixa e Antela Cid

Colabora: Crémilo Proyectos Culturales

Entrada: 9 € A disposición na web de Ataquilla.com, no despacho de billetes do Museo Centro Gaiás e o propio día na entrada do Edificio Fontán

Asistencia: 120 persoas

Antón Reixa. Poeta, escritor, cantante e letrista de Os Resentidos e Nación Reixa, ademais de produtor, director audiovisual e comisario de exposicións. En 2021 foille concedida polo goberno español a Medalla de ouro ao mérito nas Belas Artes.

Antela Cid. Titulada na ESAD de Galicia no Grao en Interpretación Textual e no Máster de Igualdade de Xénero e Coeducación pola USC. Traballa como actriz en cine, teatro e televisión, performer e dramaturga en diferentes produtoras e compañías.



ESCENAS DO CAMBIO 2024

O festival Escenas do Cambio celebrou o seu décimo aniversario cunha programación na que converxeron espazos, artistas e públicos diversos fusionándose nunha única paisaxe. Unha selección de 13 espectáculos nos que a danza, a música, a performance e o teatro esluíron os seus límites para crear experiencias transformadoras.

O festival, que contou cunha nova directora, a coreógrafa e bailarina, Kirenía Martínez, construíuse nesta edición como un latexo emocional que impulsa a busca da utopía e da liberdade, recupera o saber antigo e convida a abrazar o primario, rebusca na memoria e estira as posibilidades expresivas da linguaxe e da palabra, sexa esta escrita, falada ou expresada nos corpos.

A programación incluíu trece proposta que desafiaron os límites da creación artística. Seis dos espectáculos tiveron ademais a súa estrea a escala mundial no festival. Participaron nesta edición as artistas e compañías galegas Gallaecia Ensemble Barroco, Ai, Cariño! —novísima compañía formada por Cris Vilariño e Diego M. Buceta—, Mateo Feijóo, David Loira, o dúo audiovisual formado polo DJ Yuraq Walla e Emilio Horyaans e as bailarinas Clara Ferrao, Marcia Vázquez, Ana Beatriz Pérez e Raquel Ferradás.

Desde Cataluña, contou coa artista ciborg Moon Ribas e o acróbata Quim Girón; Raquel Ponce desde Canarias; Álvaro Murillo e Artomático entre Estremadura e Madrid, e a compañía A intrusa desde o País Vasco. No apartado internacional, contou co artista portugués António Gonçalves e o escritor Pedro Eiras, coa recoñecida intérprete e mestra internacional residente en Bélxica Laura Aris, e asistíuse ao reencontro entre o bailarín español Andrés Corchero e o xaponés Oguri. Ademais, en colaboración co proxecto Phônē e o Centro Dramático Galego, gozamos dunha mostra de dramaturxia contemporánea en tres linguas minorizadas europeas: o ladino de Tirol do Sur, o yiddish falado en Romanía e o irlandés.

A DIRECTORA

Kirenía Martínez é coreógrafa, bailarina, actriz e codirectora da Cía Entremáns desde 2006. Actualmente, combina as creacións propias con encargos coreográficos, colaboracións cinematográficas, literarias e proxectos formativos e de cooperación europea con outras entidades no eido internacional, entre as que sobresaen: *E-migrantes*, primeira parte da triloxía *Vulnerables*; *Instante Gradual*, seleccionada na primeira convocatoria de Mobilidade Europea I-Portunus; *Vagaface ou Brumalión* e *o Can de Pedra*, baseada nun conto inédito de Uxío Novoneyra e estreada no Teatro Aeroplio de Atenas.



Datas: Do 3 ao 5 e maio de 2024

Espazo: Museo Centro Gaiás, Edificio CINC, Galería de servizos, Sala Eisenman, Salón Teatro, Santiago de Compostela

Entrada: 9€ exceptuando os espectáculos *Corpo que se fai imaxe* de Antónío Gonçalves, *My Neighbor Sky* de Andrés Corchero e Oguri, *Phone* e *Remix X* de Yuraq Walla x Emilio Horyaans; as presentacións *Comando Dramatúrxico* coordinado por Afonso Becerra e *Língua Bífida* de Pedro Eiras e Antónío Gonçalves que foron de acceso libre ata completar capacidade. Ademais, as instalacións *Corpo que se fai imaxe* de Antónío Gonçalves e *Sed* de Raquel Ponce puideron visitarse libremente os días do festival en horario de apertura de 10 a 20 horas. As entradas estiveron á disposición do público en Ataquilla.com e no despacho de billetes do Museo Centro Gaiás

Abono: 40 € O abono incluíu acceso a todos os espectáculos

Asistencia: 1.030 persoas.

PROGRAMA

Venres, 3 Maio

- 13:00h: Inauguración da instalación *Corpo que se fai imaxe* de Antónío Gonçalves.
- 17:00h: *My Neighbor is a Sky* por Andres Corchero e Oguri.
- 18:15h: *SED* por Raquel Ponce.
- 19:45h: *Millo Verde* de Ay, Cariño
- 21:15h: Manifiesto – Celebración dos 10 anos do Festival, por Mateo Feijoo.
- 21:15h: Peché do día co Proxecto *CALIDOSCOPIO*.

Sábado, 4 maio

- 12:00h: *Rebaño Sinfónico* con Moon Ribas e Quim Girón.
- 16:00h: *Língua Bífida* Charla con Pedro Eiras e Antonio Gonçalves.
- 16:30h: *My Neighbor Sky* de Andrés Corchero e Oguri.
- 17:30h: *BLONDI* de David Loira.
- 19:45h: *PHONE: International Night Galicia* na fachada do Salón Teatro con artistas internacionais: STADTTHEATER BR NECK, TEATRUL EVREIESC, FIBIN – AN TAIBHDHEARC.
- 22:45h: *REMIX X: Unha década de Escenas do Cambio* con sesión de DJ de Yuraq Walla e Emilio Horyaans e video proxección.

Domingo, 5 maio

- 12:00h: *Rebaño Sinfónico* con Moon Ribas e Quim Girón.
- 16:00h: *Comando Dramatúrxico* coordinado por Afonso Becerra.
- 18:00h: *DUAL* de Álvaro Murillo y Artomático.
- 19:30h: *Let Sleeping Dogs Lie* de Laura Aris.
- 21:00h: Peché con *Prusik* de La Intrusa



DÍA DA MÚSICA BRANCA VELA, BUDIÑO

Budiño presentou o seu novo disco *Branca Vela* na Cidade da Música no marco da celebración do Día da Música.

Branca Vela é a combinación de ritmos, sons, instrumentos e percusións tradicionais coa vangarda electrónica. Atravesando un dos mellores momentos da música neotradicional, Budiño quixo amosar en directo a consistencia de dúas décadas traballando co seu propio son, un son distinto e único. Este código neotradicional tamén encaixa á perfección co resto de músicos que conforman a banda coa que xira, xa que comparten esa formación tradicional e ese interese xenuíno pola música máis electrónica. A banda estivo constituída neste concerto por Mónica de Nut, Andrés Boutureira, Tania Caamaño e Fran Barcia.

Con este novo disco, o seu oitavo, Budiño busca "descolocar de novo" o seu público, dándolle importancia á mestura entre a percusión tradicional e a electrónica. O novo traballo conta coas voces de Guadi Galego, Leilía e De Vacas, así como con letras de Manuel Rivas e Antía Otero.

O novo directo de Budiño promete ser unha conxunción de música e baile, do tradicional coa vangarda, das grandes voces do país cunha banda de grandes talentos en directo. É, en conclusión, un espectáculo exclusivo e irreplicable, unha oportunidade única para celebrar o Día Mundial da Música.

Ademais da parte puramente musical, a novidade deste concerto é que se dispuxo de mochilas vibratorias equipadas con tecnoloxía para mellorar a experiencia musical de persoas xordas ou con perda auditiva. Durante o concerto dispúxose dun Punto de Accesibilidade onde as persoas interesadas en probar esta tecnoloxía puideron facer uso de seis equipos, ao tempo que contaron con asistencia técnica e coa axuda dunha intérprete de lingua de signos para facilitar o seu manexo.

Datas: O 21 de xuño de 2024

Espazo: Praza Central, Cidade da Cultura

Horario: 21:00 h

Acceso: De balde ata completar aforo

Asistencia: 500 persoas



FORADADA. IX ENCONTRO D10! DE FORMACIÓN E INNOVACIÓN EN CIRCO

Durante o ciclo *D10! Encontro para a Formación e Innovación en Circo*, organizado por Pistacatro, presentouse na escena a peza de África Llorens Foradada. Esta proposta escénica, realizada na Cidade da Cultura, foi unha produción da compañía Moll de l'Os.

A obra inspirábase na lenda que conta que quen logra atravesar a Roca Foradada do macizo de Montserrat, en Cataluña, cun cesto cheo de auga e sen verter nin unha soa gota, experimenta unha transformación de xénero. A partir desta historia, a compañía creou un espectáculo híbrido que combinaba acrobacias, circo e movemento, ofrecendo unha reflexión sobre a identidade de xénero. A protagonista da peza exploraba as súas propias prisións internas, utilizando o corpo e elementos como cestos de vimbio para construír un ritual visualmente poderoso, cheo de sensibilidade e de significado.

Datas: O 27 de novembro de 2024

Museo Centro Gaiás, Andar -1

Horario: 19:00 h

Acceso: Entrada de balde con inscrición previa na web de Ataquilla

Asistencia: 112 persoas



ATARDECER NO GAIÁS

O xa clásico programa de concertos do verán compostelán para gozar da música co solpor de fondo, incluíu este ano tanto bandas de renome como de artistas novos, bandas internacionais, nacionais e locais. Con respecto aos xéneros, *Atardecer no Gaiás* mantivo a súa ecléctica harmonía mesturando sesións dedicadas á música electrónica con outras centradas no folk, no son tropical, no pop ou no rap rural.

Datas: Do 4 de xullo ao 30 de agosto de 2024

Horario: 21:00 h

Espazo: Praza central

Acceso: Entrada libre e de balde ata completar aforo

Patrocinio: Cervezas Alhambra

Asistencia: 5.700 persoas

OS GRUPOS ELIXIDOS PARA O VERÁN DESTE ANO 2024 FORON OS SEGUINTE:

- 4 de xullo: **Lucho RK** (Música urbana - Canarias)
- 5 de xullo: **De Ninghures** (Neo Folk - Galicia)
- 11 de xullo: **Flow do Toxo** (Rap Rural - Galicia)
- 12 de xullo: **Naked Family** (Indie pop - Madrid)
- 18 de xullo: **A Pedreira** (Neo folk - Galicia)
- 19 de xullo: **Mandale Mecha** (Son tropical - Brasil)
- 1 de agosto: **Branko** (Electrónica - Portugal)
- 2 de agosto: **Amoebo** (Tonti pop - Galicia)
- 8 de agosto: **Faneka** (Folk progresivo - Cataluña)
- 9 de agosto: **Cosmic Wacho** (Cumbia urbana - Murcia)
- 15 de agosto: **Xuventude Crea - Alana** (Folk pop - Galicia)
- 16 de agosto: **Carrera Blanca** (Cuqui punki - Madrid)
- 22 de agosto: **Bewis de la Rosa** (Rap rural - Madrid)
- 23 de agosto: **Alarido** (Pop urbano - Galicia)
- 29 de agosto: **Santi Araújo** (Indie pop - Galicia)
- 30 de agosto: **Rocío Saiz** (Pop electrónico - Madrid)





ÓPTICAS CONTEMPORÁNEAS

Datas: O 15 de setembro, o 18 de outubro e o 16 de novembro de 2024

Formato: Actividade presencial

Lugar: Museo Centro Gaiás, Andar -1

Entradas: Miradas na memoria: 9€ en [Ataquilla.com](https://ataquilla.com)

Mudar a pel: 5 € en [Ataquilla.com](https://ataquilla.com)

Asistencia: 714 persoas

ENSEMBLE MÚSICA PRÁCTICA & ABRAHAM CUPEIRO — MIRADAS NA MEMORIA

A actuación do ensemble Música Práctica, acompañada polo recoñecido músico Abraham Cupeiro, supuxo unha das grandes apostas na apertura do ciclo Ópticas Contemporáneas no Museo Centro Gaiás. Este concerto ofreceu unha experiencia única que conectou o pasado co presente, recuperando os sons ancestrais de civilizacións como a romana, a celta e a grega, para transformalos a través da interpretación contemporánea. Cupeiro e o ensemble fusionaron instrumentos históricos, como a corna ou a carnyx, con técnicas musicais actuais, ofrecendo un repertorio que foi desde pezas de raíz antiga ata novas composicións inspiradas por aquelas tradicións. A combinación de historia e modernidade conseguiu crear un diálogo musical que non só evocaba o pasado senón que tamén o fixo relevante para o público actual, resaltando a universalidade da música como linguaxe sen fronteiras.



O REPERTORIO ESCOLLIDO FOI:

- Karlheinz Stockhausen (1928-2007). **TIERKREIS Aquarius**
- Joseba Torre (1968). **MÚSICA DE CÁMARA II**
- Karlheinz Stockhausen. **TIERKREIS Géminis**
- Leonardo Balada (1933) **CUATRIS**
- Karlheinz Stockhausen **TIERKREIS Libra**
- Fernando Buide (1980) **La Constelación de Sagitario** Abraham Cupeiro, solista (obra de estreia en colaboración coa Quincena Musical Donostiarra).

Data: O 15 de setembro de 2024

Lugar: Museo Centro Gaiás, Andar -1

Hora: 19:00 h

Composición: Fernando Buide

Músicos: Regina Laza, Fernando Buide, Manuel Lorenzo, Alejandro Sanz e Abraham Cupeiro

Colaboración: Quincena Musical Donostiarra

Asistencia: 300 persoas



MARI LUZ ESTEBAN, LLORIÁN GARCÍA E ANDRÉS RODRÍGUEZ MONTEAVARO — MUDAR A PEL

Mudar a pel é unha obra que combina imaxes, sons e palabras para transmitirle á audiencia aspectos da sociedade actual que tamén son obxecto de estudo antropolóxico. Esta peza única foi interpretada polos seus creadores: Mari Luz Esteban, profesora e investigadora; Llorián García, musicólogo e gaiteiro; e Andrés Rodríguez Monteavaro, historiador e artista sonoro, o 18 de outubro no marco do ciclo *Ópticas Contemporáneas 2024* da Cidade da Cultura. Nun mundo revolto por pandemias, violencias, degradación ambiental e desigualdades extremas, esa pel vinculada aos sentidos, ao contacto, ás voces e aos obxectos familiares que nos dan seguridade, está ferida. Como exploración desta ferida e das súas posibles formas de curación, *Mudar a pel* afondaba nas conexións entre antropoloxía, arte, música e literatura, ofrecendo unha experiencia que se podía sentir co corpo enteiro.

Este proxecto foi o resultado da primeira residencia de investigación e experimentación artística, promovida en colaboración entre a Fundación Cidade da Cultura e o Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit-CSIC), dentro do programa de Residencias Artísticas do Gaiás (REGA).

Data: O 18 de outubro de 2024

Lugar: Museo Centro Gaiás, Andar -1

Hora: 20:00 h

Interven: Mari Luz Esteban, Llorián García e Andrés Rodríguez

Colaboración: Incipit - CSIC

Asistencia: 85 persoas



REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA — THE FOUR SEASONS RECOMPOSED

A Real Filharmonía de Galicia pechou o ciclo *Ópticas Contemporáneas 2024* da Cidade da Cultura cun concerto especial o 16 de novembro. Baixo a dirección de Baldur Brönnimann, interpretouse *The Four Seasons Recomposed*, de Max Richter, unha revisión minimalista de *As catro estacións* de Vivaldi que combina instrumentación clásica e electrónica.

A obra deconstruíu a partitura orixinal mantendo a súa esencia, aínda que Richter eliminou tres cuartas partes do material de Vivaldi. A tonalidade de cada estación conservouse, permitindo recoñecer frases do clásico. Estreada en 2012 pola Britten Sinfonia, esta peza foi amplamente interpretada por grupos e orquestras de todo o mundo. Recentemente, cobrou novo interese tras aparecer na serie de Netflix *Bridgerton*, facendo viral o tema *Spring 1*.

Richter consolidouse como un dos compositores máis influentes da súa xeración grazas á súa fusión de música clásica e electrónica, presente en numerosas bandas sonoras de cine e televisión, como *Arrival*, *Ad Astra*, *The Leftovers* ou *Black Mirror*.

Data: O 16 de novembro de 2024

Lugar: Museo Centro Gaiás, Andar -1

Hora: 20:00 h

Dirección: Baldur Brönnimann

Violín: James Dahlgren

Colaboración: Quincena Musical Donostiarra,

Consorcio de Santiago

Asistencia: 329 persoas

02.04/ En familia



NADAL NO GAIÁS 2023–2024

YGGDRASIL

A mediados do mes decembro de 2023 un mar de rizomas creados con material téxtil reutilizado inundaba o espazo do Hall de Tirantes abrazando a árbore de madeira do Gaiás e a cúpula visible desde o acceso principal do museo. Tratábase de *Yggdrasil*, a instalación decorativa escollida para esta ocasión, que conectaba o Nadal actual co da tradición nórdica como forma de volver ás raíces, retomar unhas celebracións máis sostíbeis e reconectar coa vertente máis libre e lúdica do ser humano. O *Yggdrasil* é un freixo xigantesco no que están os sete mundos da mitoloxía nórdica: se as súas ramas crecen e están sas, todo florece. Se pola contra, podrecen, as cousas van mal no universo. Createctura, a empresa encargada do proxecto, quixo facer así fincapé na importancia dunhas boas raíces para que as ramas poidan florecer.

Acompañando a árbore como eixe central, a instalación espallábase por un espazo poboado por cabanas xeométricas de tea e caixas luminosas coas que as persoas visitantes podían interactuar e experimentar o poder transformador da luz, elemento que enchía o espazo de maxia cunha infinidade de matices en forma de reflexos, cores e contrastes entre luz e sombras.

O día 15 de decembro foi a data escollida para proceder ao prendido da iluminación interior do Nadal no Gaiás. Para a ocasión convidouse a participar ás familias do Club Gaiás, que puideron pasar en primicia unha tarde de xogo, luz e maxia que rematou coa tradicional “chocolatada” para as persoas asistentes.

DESENVOLVE:

Createctura, con Patricia G. Abraín á fronte, é un proxecto de investigación e innovación pedagóxica a través do deseño de espazos, a integración artística e o desenvolvemento da creatividade. Conta con delegacións en Cantabria, Galicia e Madrid. O seu principal obxectivo é investigar o potencial das linguaxes artísticas en relación coa transformación de espazos de aprendizaxe. Desenvolve a súa actividade en todo tipo de contextos escolares, culturais e artísticos no ámbito internacional.

Datas: Do 15 de decembro de 2023 ao 7 de xaneiro de 2024

Concepto e deseño: Createctura. Patricia G. Abraín.

Espazo: Museo Centro Gaiás. Hall de tirantes,

Horario: De luns a domingo de 10:00 a 20:00 h.

Pechado 25 de decembro e 1 de xaneiro.

O 24 e 31 de decembro aberto de 10:00 a 15:00 h

Asistencia: 1.307 en 2024 (4.492 persoas en total)



LUGH! TERRITORIOS LUMINOSOS. SESIÓN DE XOGO EN FAMILIA

As actividades familiares de Nadal que a Fundación Cidade da Cultura programou arredor do gran freixo da mitoloxía nórdica, o *Yggdrasil*, presentáronse como sesións de xogo libre na mesma liña temática de retorno ás orixes da propia instalación. Este gran freixo era unha árbore sagrada para o deus Lugh, unha das máis destacadas divindades panceltas, deus das artes e das habilidades e relacionado coa artesanía. Con esta premisa, dende Createctura crearon este espazo para experimentar cos límites mentais que asociamos a certos obxectos, puxéronse á disposición das familias todo tipo de materiais reutilizados, como pezas de madeira ou plástico tratado, anacos de tecidos, aparellos xeradores de luces e de sombras ou cabanas creadas a escala infantil. Todo disposto para crear e gozar en familia, compartindo e propiciando a creatividade e o pensamento crítico.

Datas: O 27 de novembro de 2024

Espazo: Museo Centro Gaiás, hall de tirantes

Data: 16, 17, 23 e 30 de decembro de 2023

Horario: De 11:00 a 12:30 h

Data: O 22, 26, 27, 28 e 29 de decembro de 2023 e 2, 3 e 4 de xaneiro de 2024

Hora: De 16:30 a 18:00 h

Idades: Para todas as idades

Acceso: Libre e de balde ata completar o aforo (20 familias por quenda)

Asistencia: 569 en 2024 (1.882 persoas en total)



PEQUEFILMES

O primeiro grande evento do ano 2024 alén das actividades do Nadal, foi a oitava edición do festival de curtametraxes infantís “Pequefilmes”, que trouxo ao Gaiás unha escolma do mellor cinema infantil. O programa, que se desenvolveu por vez primeira ao longo de tres días, estivo conformado por 53 curtametraxes divididas en dúas seccións competitivas, Fanecas e Miñocas, e a xa tradicional Vagalumes, dedicada ao público máis noviño da casa.

Fóra de concurso Pequefilmes ofreceu a posibilidade de ver outras 23 curtas en colaboración cos festivais Clermont-Ferrand e IndieJúnior que concentraban o mellor do programado nas últimas edicións de cada un dos devanditos certames.

Así mesmo, co obxectivo de que nenas e nenos puidesen completar a súa experiencia festiva, esta edición contou cun obradoiro de cinema impartido pola animadora e ilustradora Iria Fafián. Nel, as persoas participantes formaron parte activa de todo o proceso de elaboración dunha versión de *Polgariño* en cinema de sombras chinesas ao máis puro estilo Lotte Reiniger, desde o recorte e animación de figuras ata a dobraxe a gravación dos planos. O resultado final do traballo destes pequenos cineastas foi publicado nas redes sociais da Cidade da Cultura.

PREMIOS DO PÚBLICO

As nenas e nenos asistentes ás proxeccións das dúas seccións competitivas, Fanecas e Miñocas, foron os encargados de decidir mediante os seus votos o palmarés desta oitava edición do certame. Así, a peza máis votada da sección Miñocas, foi a suíza *The Smortlybacks come back!*, curtametraxe de animación dirixida por Ted Sieger. Pola súa banda, a curta de ficción *Largo viaje* dirixida polo español Héctor Herce, obtivo a distinción de mellor filme da sección Fanecas.

Datas: Do 26 ao 28 de xaneiro de 2024

Espazo: Edificio CINC, salón de convencións, auditorios 1 e 2, e corredores

Hora: Venres 26: de 17:45 a 20:00 h

Sábado 27: de 11:00 a 14:15 h e de 16:30 a 20:00 h

Domingo 28: de 11:00 a 14:15 h

Dirixe: Jorge Rivero

Entradas: Sesión presencial Seccións Oficiais: 3€/persoa.

Sesión presencial Vagalumes: 3€/persoa.

Obradoiros: 3€/persoa.

A entrada incluíu o acceso da persoa adulta acompañante.

Sesións especiais mostras de festivais: acceso mediante retirada e convite de balde.

Puideron mercarse a través da web Ataquilla.com e presencialmente no punto de información do Museo Centro Gaiás para a venda anticipada, e no Edificio CINC antes de cada sesión

Público: Vagalumes: de 0 a 3 anos

Miñocas: maiores de 4 anos

Fanecas: maiores de 7 anos

Obradoiro: maiores de 5 anos acompañados dunha persoa adulta

Asistencia: 1.824 persoas



BAILE DE ENTROIDO. ENTROIDO NA HORTA

BRAIS DAS HORTAS

O 12 de febreiro de 2024, unha morea de froitas, hortalizas e pequenos horticultores tomaron o Museo Centro Gaiás para gozar dunha tarde de Entroido que comezou coa música e animación por parte dun DJ e un equipo de animadores que convidou ao público a bailar todo tipo de divertidas coreografías.

Cando, ás 17:30 h., chegou a hora do Consertasso de Brais das HORTAS, un cantante que fixo as delicias de nenas e nenos recorrendo a todo tipo de xéneros musicais con solvencia e, sobre todo, con moito humor.

Un gran desfile e concurso de disfraces acabou de animar unha festa que convidaba a xogar e a experimentar coa terra, sen esquecer o posto de doces tradicionais, que engaiolou a toda a familia hortícola.

Datas: O 12 de febreiro de 2024

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar -1

Hora: De 16:30 a 20:00 h

Acceso: Mediante adquisición de entrada a través de Ataquilla e no despacho de billetes do Museo Centro Gaiás a un prezo de 3€ persoa

Público: Para todas as idades

Asistencia: 598 persoas



[DE]CONSTRUÍRNOS EN FAMILIA. 8M DÍA INTERNACIONAL DA MULLER 2024

A nosa proposta para celebrar en familia o 8M, Día Internacional da Muller, foi *[De]construírnos* a través dun xogo divertido que nos permitiu derrubar estereotipos e construír unha sociedade igualitaria para todos. Nesa gran xincana por equipos, o Museo Centro Gaiás transformouse nun xigantesco taboleiro de xogo, e os participantes convertéronse nas fichas deste xogo pola igualdade.

A medida que avanzamos polas casas do taboleiro, o traballo en equipo foi esencial para superar as diferentes probas e desafíos. Todos os retos estiveron deseñados para que, nesa data reivindicativa, descubrísemos de maneira divertida os rostros, nomes e historias de mulleres referentes, rompésemos prexuízos, tomásemos conciencia de desigualdades que quizais aínda non notáramos e coñecésemos as contribucións do movemento feminista a unha sociedade máis xusta.

Datas: O 12 de febreiro de 2024

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar -1

Hora: De 11:00 a 14:00 h e de 17:00 a 20:00 h

Acceso: Entrada de balde con inscrición previa na web cidadedacultura.org

Público: A partir de 3 anos. Actividade pensada para gozar en familia

Asistencia: 40 persoas



OBRADOIRO FAMILIAR SOBRE FRANCISCO ASOREY

DÍA DAS ARTES GALEGAS

No Día das Artes Galegas dedicado a Francisco Asorey, o Espazo REGA 1 do Museo Centro Gaiás acolleu dous obradoiros, un deles dirixido a persoas adultas e outro dirixido á rapazada de entre 6 e 12 anos acompañada dunha persoa adulta. Este segundo colectivo traballou coa súa propia creatividade para coñecer a importancia do cambadés para a nosa cultura. Utilizando a técnica máis característica do autor, a policromía sobre madeira, nenas e nenos recrearon ao seu xeito unha das figuras máis representativas de Asorey, a muller galega.

Francisco Asorey (1889-1961) está considerado un dos renovadores da arte galega e unha das figuras máis relevantes na renovación escultórica española do século XX. Traballou a pedra e a madeira nas súas esculturas e con este último material realizou no seu obradoiro de Santiago unha serie de tallas policromadas nas que a protagonista é a muller galega. Nelas experimentou coa cor, levando a cabo un tratamento naturalista aplicando sutilmente a policromía sen perder a calidade da madeira e dotando as pezas de gran humanidade.

Datas: O 6 de abril de 2024

Espazo: Museo Centro Gaiás, Espazo REGA 1

Hora: De 16:30 a 18:00 h

Acceso: Entradas a 3 € a través da web cidadedacultura.org

Público: Entre 6 e 12 anos co acompañamento dunha persoa adulta

Asistencia: 15 persoas



DÍA MUNDIAL DO CIRCO

ESPECTÁCULO 'ROYAL CIRC'

Como cada ano, a Fundación Cidade da Cultura quixo celebrar coas familias o Día Mundial do Circo. Cun espectáculo cheo de humor, a compañía La Finestra trouxo ao Gaiás o seu *Royal Circ* co obxecto de deleitar a cativada e acompañantes, aos que fixeron partícipes da procura dun lugar definitivo para o seu pequeno circo ambulante, nunha historia de enredos adubada de malabares, de acrobacias e todo tipo de trucos circenses.

Datas: O 20 de abril de 2024

Espazo: Edificio CINC, salón de convencións

Hora: Ás 18:00 h

Acceso: Entradas a 5 € a través de Ataquilla

Asistencia: 160 persoas

A COMPAÑÍA

A valenciana La Finestra Nou Circ é unha compañía creada en 2012 co obxectivo de producir e difundir espectáculos cunha liña artística multidisciplinar que cheguen a todos os públicos, tanta en salas como na rúa. Os seus espectáculos, protagonizados polos artistas Olga Osuna e Alberto Vidal, combinan malabares, aéreos, acrobacias, equilibrios e clown con outras artes escénicas como a música, a danza e o teatro.



RAÍCES E ÁS. CAMPAMENTO URBANO SOBRE NATUREZA E BIODIVERSIDADE

En xuño, comezou o campamento de verán da Cidade da Cultura, que se organizou en tres quendas desenvolvidas tamén nos meses de xullo e setembro. Este ano, o campamento centrouse na natureza e na biodiversidade, combinando educación ambiental coa valorización do patrimonio natural e sociocultural dun xeito lúdico. Os nenos e nenas participaron en actividades como a construción de refuxios de morcegos e hoteis de insectos, a observación da fauna e flora, xincanas ambientais e unha xornada de acampada.

Baixo o título *Raíces e ás*, a actividade estivo dirixida a dúas franxas de idade, de 4 a 7 anos e de 8 a 14 anos, promovendo valores como a conexión coa natureza, a creatividade, o traballo en equipo e o desenvolvemento dunha conciencia ambiental sólida. Ademais, o campamento ofreceu un espazo de madrugadores, facilitando a conciliación para as familias.

Datas: O 6 de abril de 2024

Espazo: Edificio Fontán, zonas verdes

Hora: De 10:00 a 15:00 h

Acceso: Entradas a 30 € a través de Ataquilla

Quendas: 1ª quenda: do 24 ao 28 de xuño

2ª quenda: do 1 ao 5 de xullo

3ª quenda: do 2 ao 6 de setembro

Financiamento: Plan Corresponsables

Asistencia: 117 persoas



VERÁN NO GAIÁS 2024. ACTIVIDADES PARA PÚBLICO FAMILIAR

Datas: O 3, 10, 17 e 31 de xullo de 2024

Entrada: De balde

Hora: 17:00 h

Acceso: Acceso libre até completar capacidade

Público: Público familiar

Asistencia: 2.617 persoas

KARPATY. LA TROUPE MALABÓ

Durante o verán de 2024 programáronse catro actividades en gran formato dirixidas ao público familiar. A primeira delas foi *Karpaty*, un proxecto multidisciplinar que mesturaba varias técnicas circenses, con música en directo e clown, a cargo da Compañía Malabó. O espectáculo poñía o foco na migración, na procura dun lugar onde poder ser, no envellecemento, na saúde mental e na fantasía pero, sobre todo, no humor.

Data: O 3 de xullo de 2024

Espazos: Xardín do Teatro

Asistencia: 917 persoas



CRASSH XIRI. WETUMTUM

A compañía portuguesa Wetumtum ofreceu no Xardín do Teatro un espectáculo cheo de enerxía e dese ritmo contagioso aos que xa nos teñen afeitos, ademais doutras características que tamén os definen, como son a percusión, o humor, a boa predisposición e o único idioma co que se comunican, o "crasshonês". A ese suxectivo cóctel sumáronlle, por primeira vez, sons electrónicos intercalando temas orixinais e versións doutros atemporais.

Data: O 10 de xullo de 2024

Espazos: Xardín do Teatro

Asistencia: 400 persoas



VIVA O POP. ROCK EN FAMILIA

O mércores 17 de xullo, Rock en familia puxo a pequenos e maiores a bailar co mellor pop dos 80 e 90. Co acompañamento da contadora de historias Olga Abad, a cativada puido gozar en directo dun concerto protagonizado por temas de Alaska, Radio Futura, Nacha Pop, Coque Malla e as bandas máis representativas do Pop estatal, en definitiva, da banda sonora que marcou a adolescencia dos seus pais e nais.

Data: O 17 de xullo de 2024

Espazos: Praza Central

Asistencia: 1.000 persoas



DE VILATRISTE A VILALEGRE: A UTÓPICA RODANTE. TEATRO Ó CUBO

Co gallo do 40º aniversario do Centro Dramático Galego, a Cidade da Cultura acolleu unha das paradas da Utópica Rodante, que percorreu Galicia celebrando esta efeméride. A montaxe De *Vilatriste a Vilalegre* combinaba teatro actoral e de monicreques, tomando o mundo do cómic como referencia para crear unha historia na que a fantasía se enfrontaba á realidade social do rural galego. A trama xurdía a partir do conflito xerado en Vilatriste, unha poboación que recibía novos habitantes con estrañeza e desconfianza.

Data: O 31 de xullo de 2024

Espazos: Xardín do Teatro

Coaboración: Centro Dramático Galego

Asistencia: 300 persoas



CIDADE IMAXINARIA

O 7 de setembro, a Cidade da Cultura converteuse no escenario desa gran festa familiar que é Cidade Imaxinaria, enchendo de maxia e entretemento todos os espazos do monte Gaiás. Pola tarde, o público asistente gozou dunha variada programación que incluía personaxes fantásticas, acrobacias aéreas, xogos tradicionais, zonas de realidade mixta e espazos sensoriais para os máis pequenos.

A xornada estivo marcada por tres espectáculos de pista con escenario fixo e distintos pases, ademais de tres actuacións itinerantes que percorreron os diferentes recunchos do recinto. O evento ofreceu tamén sete zonas de xogo e actividades, que combinaron entretementos tradicionais e circenses, espazos exclusivos para bebés, e a xa emblemática escoliña de circo. Unha das novidades desta edición foi a incorporación dun pinball que incluía unha experiencia de realidade virtual, engadindo un toque de tecnoloxía e sorpresa á celebración.

Datas: O 7 de setembro de 2024

Espazo: Espazos exteriores da Cidade da Cultura

Entrada: De balde

Hora: De 16:00 a 20:00 h

Acceso: Acceso libre e de balde ata completar capacidade

Público: Público familiar

Asistencia: 8.000 persoas



ESPECTÁCULOS:

Espectáculos de pista

- **Artilugio** | Markeliñe (País Vasco)
[de 16:00 a 17:00 h e de 18:00 a 19:00 h]
- **Herencia** | La Industrial Teatrera (Cataluña)
[de 17:00 a 17:55 h]
- **Transir** | Rojo Telón (País Vasco)
[de 19:00 a 19:50 h]


* Por mor das condicións climatolóxicas desfavorables, os espectáculos de pista tiveron que ser desenvolvidos ao acubillo de Museo Centro Gaiás.

Espectáculos itinerantes

- **Go Go & Stay Stay** | (Mimo's Dixie Band (Portugal)
[de 16:30 a 17:05 h. e de 18:00 a 18:35 h]
- **Aukera** | Bambolea Producciones (Madrid)
[de 17:00 a 17:40 h e de 18:30 a 19:10 h]
- **A Real Banda de Cadeiras Encartables** | Bufa & Sons (Galicia)
[de 16.45 a 17.15 h. e de 18.15 a 18.45 h]

Espectáculos Lúdicos

- **Xogos tradicionais** | Miudiño Sociedade Cooperativa (Galicia)
- **Escolíña de circo** | Pistacatro (Galicia)
- **Espazo multisensorial para bebés** | Risotadas (Galicia)
- **Circus Feira** | Bambolea Producciones (Madrid)
- **Ovo** | Wetumtum (Cataluña)
- **Steampinball** | Holoqué (Cataluña)
- **Área Máxica** | Pedro Volta (Galicia)
- **Mural colaborativo antipolución** | Vella Escola (Galicia)



ÓPTICAS PARA A CATIVADA

Durante os dous últimos concertos do ciclo de outono Ópticas Contemporáneas, programouse un espazo alternativo para favorecer a conciliación familiar denominado Ópticas para a cativada. Deste xeito, a cativada puido quedar xogando e experimentando nun espazo apropiado para elas e eles, gozando igualmente da música, ao tempo que os adultos responsables gozaban dos concertos.

Datas: O 18 de outubro e 16 de novembro de 2024

Espazo: Espazo REGA 2

Idades: De 5 a 10 anos

Acceso: De balde, previa reserva de praza en [Ataquilla.com](https://ataquilla.com) ou no despacho de billetes do Museo Centro Gaiás

Asistencia: 40 persoas

OBRADOIRO EN PARALELO AO CONCERTO MUDAR A PEL

Neste obradoiro, as nenas e nenos exploraron palabras, texturas, movementos e sons de maneira libre, conectándoos co seu sentir individual. Foi unha experiencia lúdica para aprender como utilizar estas expresións para comunicar emocións, pensamentos e ideas, ademais de ser unha ferramenta para relacionarse cos demais.

Data: O 18 de outubro de 2024

Hora: De 19:30 a 21:30 h

Espazo: Espazo REGA 2

Asistencia: 20 persoas

OBRADOIRO EN PARALELO AO CONCERTO THE FOUR SEASONS RECOMPOSED

Este obradoiro ofreceu unha aproximación á música descritiva mediante a percusión, o movemento e a creación de espazos simbólicos e máscaras para cada unha das catro estacións. As nenas e nenos exploraron os efectos musicais e os instrumentos que representan a primavera, o verán, o outono e o inverno na obra clásica de Antonio Vivaldi e na versión contemporánea de Max Richter, descubrindo as semellanzas e diferenzas entre ambas as dúas.

Data: O 16 de novembro de 2024

Hora: De 19:30 a 21:30 h

Espazo: Espazo REGA 1

Asistencia: 20 persoas



ZAPABURU

Zapaburu foi unha instalación creada por Gheada, un estudio de arte con sede en Bilbao especializado en entretemento inmersivo, artes visuais e creación de contidos orixinais. Diseñada por Raisa Álava e Ruth Juan, a obra foi previamente presentada no Museo de Reproducciones Artísticas de Bilbao. No outono de 2024, a instalación chegou por vez primeira a Galicia, transformando o Museo Centro Gaiás nun espazo interactivo no que a cativada asumiu un papel protagonista. A proposta destacouose por involucrar os nenos e nenas na creación e na participación artística, fomentando o seu interese pola cultura desde idades temperás.

Durante a súa estancia no Gaiás, máis de 700 nenos e nenas participaron ao longo dunha fin de semana chea de cores, de texturas e de obxectos para experimentar e divertirse. A iniciativa apostou por crear un universo no que os máis pequenos puideron gozar activamente da arte nunha experiencia enriquecedora e divertida en familia.

Datas: Do 8 ao 10 de novembro de 2024

Espazo: Andar -1, Museo Centro Gaiás

Idades: De 0 a 3 anos

De 3 a 6 anos

Acceso: 3€, previa reserva de praza en [Ataquilla.com](https://ataquilla.com) ou no despacho de billetes do Museo Centro Gaiás

Asistencia: 1.704 persoas



NADAL NO GAIÁS 2024–2025.

YULE, UN NADAL VIQUINGO

Aproveitando a celebración da exposición *Unha vida viquinga* no Museo Centro Gaiás, o mundo viquingo serviu de inspiración para a decoración de Nadal deste 2024. Os pobos nórdicos, entre eles os viquingos, celebraban o solsticio de inverno cunha festa chamada Yule, da que coñecemos algunhas tradicións que serven como inspiración para a proposta de decoración. O espazo foi deseñado por David Carballal, artífice do deseño da exposición *Unha vida Viquinga*, enlazando así o Nadal e a exposición non só por temática se non pola súa imaxe visual.

Ao entrar na sala, o primeiro que atopamos é un gran barco viquingo, onde podemos ver representada unha muller, un home, unha nena e un neno viquingos. Os asistentes puideron poñerse detrás destas figuras para fotografarse coas súas caras nos ocos correspondentes.

Desde o barco avanzamos pola sala nun carreiro flanqueado por fachos. A un dos lados do camiño vemos a silueta dunha gran cabra Yule, xunto á que tamén nos podemos fotografar. A cabra Yule é un dos principais símbolos do nadal escandinavo e a portadora dos agasallos para a rapazada. Seguimos o percorrido ata chegar á fogueira do madeiro de Yule, un enorme tronco que ardía durante toda a noite no interior das casas. Este lume escorrentaba os malos espíritos e as súas cinzas espaxábanse posteriormente sobre os campos para asegurar unha boa colleita ao ano seguinte.

Da fogueira pasamos á arbore Yule, que na tradición nórdica é unha representación do Yggdrasil, a árbore da vida na súa mitoloxía. De aquí xorde a árbore do Nadal, decorada cun xogo de luces led controladas por DMX, que representan as estacións: as tonalidades brancas, azuis e violetas do inverno darán



paso á amarela, verde claro e rosa da primavera, continuando ca laranxa e vermella viva do verán e finalizando cas ocre e moradas do outono. Ademais, as instalacións contaban cunha pequena recreación dunha vila viquinga con casiñas, así como cunha zona de xogo, onde poder lanzar bólas de neve sintéticas a pequenas siluetas de trasnos realizadas en cartón que simbolizan eses medos que vencemos e deixamos atrás.

O día 3 de decembro foi a data escollida para proceder ao prendido da iluminación interior do Nadal no Gaiás. Para a ocasión convidouse a participar ás familias do Club Gaiás, que puideron pasar en primicia unha tarde de xogo, luz e maxia que rematou coa tradicional "chocolatada" para as persoas asistentes.

Data: Do 3 de decembro de 2024 ao 7 xaneiro de 2025

Concepto e deseño: David Carballal

Espazo: Museo Centro Gaiás. Hall de tirantes.

Horario: De luns a domingo de 10:00 a 20:00 h.

Pechado 25 de decembro e 1 de xaneiro.

O 24 e 31 de decembro aberto de 10:00 a 15:00 h

Asistencia: 6.310 persoas



YULE, UN NADAL VIQUINGO. ACTIVIDADES DE NADAL

A carón da grande árbore de madeira do Gaiás, propúxose unha programación de obradoiros familiares para celebrar o Nadal dunha forma creativa e participativa. Entre as actividades destacadas, convidouse aos asistentes máis novos da casa a decorar a pel con runas inspiradas na tradición viquinga, deseñar e elaborar unha peza única de xoiaría, ou construír con papel unha embarcación tradicional ou a emblemática cabra de Yule.

Obradoiros: Os nenos e nenas contaron con obradoiros de xoiaría viquinga e de tatuaxes con runas. Nos obradoiros de xoiaría puideron crear as súas propias pezas, como pulseiras, colares e amuletos, inspirados nos deseños e nas técnicas empregadas polos antigos pobos nórdicos. Nos obradoiros de tatuaxes os nenos e nenas puideron elixir entre diferentes deseños temporais e, guiados polos monitores, aplicar as tatuaxes de xeito sinxelo. Ademais, este obradoiro permitiulles aos máis curiosos descubrir os significados dos antigos símbolos viquingos.

Contacontos: Estas sesións de contos ao redor da fogueira onde ardeu durante todo o Nadal o noso tizón de Yule deixaron voar a imaxinación combinando aprendizaxe, tradición e entretemento nunhas datas cheas de maxia.

Os pequenos e as pequenas artistas da casa puideron sacar o seu lado máis creativo e decorar como máis lles prestara o noso bosque de cabra de Yule que traía os agasallos dos nenos e nenas viquingas no concurso infantil de postais. As categorías foron ata 4 anos, de 5 a 7 anos e de 8 a 12 anos, e houbo dous premiados por categoría, cuxos traballos destacaron pola súa orixinalidade ao reinterpretar a cabra de Yule. Os nenos e nenas premiadas recibiron un lote de libros e xogos en galego e un convite familiar ao espectáculo do Circo de Nadal na Cidade da Cultura, que se desenvolveu o mesmo día que a entrega de premios.

Data: Do 3 de decembro de 2024 ao 7 xaneiro de 2025
 Espazo: Museo Centro Gaiás. Hall de tirantes,
 Horario: Obradoiros: días 3, 14, 15, 21, 22, 23 e 30 de decembro de 2024, en horario de 18 h a 20 h Días 26, 27, 28 e 29 de decembro de 2024 e 2, 3 e 4 de xaneiro de 2025, en horario de 12:00 a 14:00 h e de 18:00 a 20:00 h
 Contacontos: 20, 22, 27 e 29 de decembro ás 17:30 h
 Entrega de premios do concurso de nadal: 27 de decembro ás 17:30 h
 Asistencia obradoiros: 1.779 persoas
 Asistencia contacontos: 120 persoas
 Participantes concurso de postais: 78 persoas



CIRCO DE NADAL

O 27 e 28 de decembro, o Museo Centro Gaiás encheuse de maxia cun espectáculo circense que abraiou a toda a familia. A pequena protagonista, unha mascota chea de curiosidade e de valentía, descobre na noite de Nadal que o membro máis novo da súa peculiar familia non recibiu o seu agasallo. Xuntos, embarcaranse nunha extraordinaria viaxe cara a un mundo de fantasía onde as fronteiras da realidade se esvaece. Un universo onírico agárdaos, con acrobacias, coreografías desbordantes de enerxía, animatrónicos abraiante e personaxes máxicos que os guiaron nesta aventura inesquecible propiciada pola compañía La Fiesta Escénica. Cun mundo de soños como pano de fondo, descubriron a verdadeira esencia da amizade, o afecto e o respecto, rematando cun conmovedor agasallo final.

A COMPAÑÍA

A compañía La Fiesta Escénica xurdiu na Arxentina pero asentouse en Galicia, en Baiona, no ano 2001. Ao grupo sumáronse dende entón artistas locais e internacionais. A súa aposta pola creación de animais de gran realismo recibiu recoñecemento internacional, e volve revolucionar o mundo escénico con estas novas creacións

Data: O 27 e 28 de decembro de 2024

Espazo: Andar -1, Museo Centro Gaiás

Horario: 18:00 h

Entradas: 5 €. Dispoñibles a través da páxina web de Ataquilla.com ou despacho de billetes

do Museo Centro Gaiás

Compañía: La Fiesta Escénica

Asistencia: 820 persoas

03.05/ Letras e pensamento



DÍA DAS LETRAS GALEGAS.

LUÍSA VILLALTA.

ENCONTRO ENTRE CENTROS ESCOLARES

A Cidade da Cultura sumouse no mes de maio á celebración do Día das Letras Galegas, dedicado este ano 2024 á música, profesora e poeta Luísa Villalta, cunha variada programación divulgativa destinada a dar a coñecer a súa figura e a súa obra a toda a cidadanía. O primeiro acto tivo como protagonista o alumnado dos centros IES Canido de Ferrol e o IESP Xosé Neira Vilas de Oleiros, institucións escolares nas que a homenaxeada impartiu clase ao longo da súa carreira como profesora.

O encontro estivo moderado pola poeta viguesa Nuria Vil, que animou un xa de por si lúdico e didáctico encontro no que o alumnado debateu e interpretou o traballo literario de Villalta, e mesmo a súa vida.

A MODERADORA

A poeta Nuria Vil defínese como resitadora. Desde 2016 forma parte do espectáculo de poesía escénica Dúas Gamberras e un Micro, da plataforma de crítica literaria A Segra e, recentemente, do proxecto multidisciplinar Indóciles, no que achega ao público a obra de Luísa Villalta xunto a Vero Rilo e Mónica de Nut.


Datas: 08 de maio de 2024

Espazo: Auditorio 1, Edificio CINC

Moderadora: Nuria Vil

Centros participantes: IES Canido de Ferrol
e o IESP Xosé Neira Vilas de Oleiros

Participantes en rede: 104 persoas



LUÍSA VILLALTA. RELECTURAS

A lectura participativa dunha escolma de vinte poemas de Luísa Villalta foi unha actividade conmemorativa do Día das Letras Galegas que se desenvolveu en dúas fases.

En primeiro lugar, o sábado 11 de maio o público asistente ao Museo Centro Gaiás puido ler en alto os poemas da autora construíndo un novo relato da peza escollida e creando un diálogo continuo entre o pasado e o presente da nosa literatura.

A segunda fase estivo composta polas “relecturas” nadas nesas gravacións que, tras un proceso de edición, foron subidas ás redes sociais da Cidade da Cultura o mesmo día 17 de maio. O obxectivo desta acción era divulgar a obra de Luísa Villalta e seguir creando novas perspectivas proporcionadas por novos públicos.

A profesora e poeta Oriana Méndez foi a persoa encargada de realizar a antoloxía. A súa selección representa os catro poemarios que a autora homenaxeada dispuxo en vida para a súa publicación: *Música reservada* (1991), *Ruído* (1995), *Rota ao interior do ollo* (1995) e *En concreto* (2004), seguindo criterios da significación e da representatividade dos textos no marco de cada libro.

Datas: O 17 de maio de 2024

Espazo: Museo Centro Gaiás

Escolma de textos: Oriana Méndez

Data: Gravación 11 de maio de 2024

Emisión a partir do 17 de maio de 2024

Participantes: Participan na gravación 21 persoas

Participantes en rede: 78 espectadores únicos a través da canle de Youtube da Cidade da Cultura

02.06/ Programa de visitas



VISITAS REGULARES AO PROGRAMA DE EXPOSICIÓNS

O programa de visitas comentadas á Cidade da Cultura está especialmente pensado para achegar os programas expositivos e os contidos do Gaiás á cidadanía e a todas aquelas persoas interesadas. A través dos guías especializados é posible coñecer dun xeito máis lúdico e divulgativo os contidos das exposicións. Estas visitas son programadas de xeito regular nas tardes dos días laborables e nas mañás e nas tardes dos días festivos, dependendo da época do ano, con reforzos especiais en épocas de maior afluencia de público. É preciso facer unha reserva de praza previa e de balde na web da Cidade da Cultura de Galicia. Este formato de visita está concibido como sistema para chegar ao maior número de público posible e vese complementado cos programas especializados dirixidos a colectivos como os centros educativos.

Datas: Todo o ano 2024

Lugar: Museo Centro Gaiás

Asistencia: 13.811 persoas

LUZ NA TERRA. O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS: UNHA INSTITUCIÓN DE ALTA CULTURA

Datas: Do 4 de xullo de 2023 ao 7 de xaneiro de 2024.

Aforo: 20 persoas con inscrición previa na páxina da Cidade da Cultura.

Asistencia: 32 persoas

BARREIRO. O SILENCIO QUE CHOVE LUZ NA XANELA

Datas: Do 29 de novembro de 2023 ao 28 de abril de 2024

Aforo: 20 persoas con inscrición previa na páxina da Cidade da Cultura.

Asistencia: 73 persoas



TESOUROS REAIS. OBRAS MESTRAS DO TERRA SANCTA MUSEUM

Datas: Do 22 de marzo ao 4 de agosto de 2024.
Aforo: 20 persoas con inscrición previa na páxina
da Cidade da Cultura.
Asistencia: 5.590 persoas

UNHA VIDA VIQUINGA

Datas: 12 de xullo de 2024 ao 5 de xaneiro de 2025
Aforo: 20 persoas con inscrición previa na páxina
da Cidade da Cultura.
Asistencia: 7.399 persoas.

TATTOO. ARTE BAIXO A PEL

Datas: Do 24 de outubro de 2024 e o 20 de abril de 2025
Aforo: 25 persoas con inscrición previa na páxina
da Cidade da Cultura.
Asistencia: 717 persoas.



VISITAS CONCERTADAS AO PROGRAMA DE EXPOSICIÓNS

O programa de visitas concertadas ás exposicións do Museo Centro Gaiás está pensado para achegar os programas expositivos e os contidos do Gaiás a aqueles grupos de persoas que estean interesados nunha visita guiada.

Datas: Todo o ano 2024
Lugar: Museo Centro Gaiás
Asistencia: 3.798 persoas

BARREIRO. O SILENCIO QUE CHOVE LUZ NA XANELA

Datas: Do 29 de novembro de 2023 ao 28 de abril de 2024
Aforo: 20 persoas con inscrición previa na páxina da Cidade da Cultura.
Asistencia: 30 persoas

TESOUROS REAIS. OBRAS MESTRAS DO TERRA SANCTA MUSEUM

Datas: Do 22 de marzo ao 4 de agosto de 2024.
Aforo: 20 persoas ata o 20 de abril, 25 a partir dese día, con inscrición previa na páxina da Cidade da Cultura
Asistencia: 1.968 persoas

OUTRAS HISTORIAS POSIBLES


Datas: Do 22 de maio de 2024 ao 26 de xaneiro de 2025
Aforo: 20 persoas ata o 20 de abril, 25 a partir dese día, con inscrición previa na páxina da Cidade da Cultura
Asistencia: 29 persoas

UNHA VIDA VIQUINGA

Datas: 12 de xullo de 2024 ao 5 de xaneiro de 2025
Aforo: 20 persoas ata o 20 de abril, 25 a partir dese día, con inscrición previa na páxina da Cidade da Cultura
Asistencia: 1.645 persoas

TATTOO. ARTE BAIXO A PEL

Datas: Do 24 de outubro de 2024 e o 20 de abril de 2025
Aforo: 25 persoas con inscrición previa na páxina da Cidade da Cultura.
Asistencia: 126 persoas.



VISITAS DIDÁCTICAS AO PROGRAMA DE EXPOSICIÓNS

O programa de visitas didácticas está especialmente pensado para achegar as exposicións á comunidade educativa, adaptando os seus contidos aos diferentes niveis escolares.

Datas: Todo o ano 2024
Lugar: Museo Centro Gaiás
Asistencia: 4.757 persoas

HÁBITATS. NATUREZA ESTENDIDA

Datas: Do 9 de xaneiro até o 16 de maio de 2024
Aforo: 12 persoas por quenda con inscrición previa na páxina web da Cidade da Cultura
Asistencia: 2.102 persoas

BARREIRO. O SILENCIO QUE CHOVE LUZ NA XANELA

Datas: Do 29 de novembro de 2023 ao 28 de abril de 2024
Asistencia: 182 persoas

TESOUROS REAIS. OBRAS MESTRAS DO TERRA SANCTA MUSEUM

Datas: Do 22 de marzo ao 4 de agosto de 2024.
Asistencia: 572 persoas

UNHA VIDA VIQUINGA


Datas: 12 de xullo de 2024 ao 5 de xaneiro de 2025
Asistencia: 1.771 persoas

TATTOO. ARTE BAIXO A PEL

Datas: Do 24 de outubro de 2024 e o 20 de abril de 2025
Asistencia: 90 persoas

OUTRAS HISTORIAS POSIBLES

Datas: Do 22 de maio de 2024 ao 26 de xaneiro de 2025
Asistencia: 40 persoas



VISITAS ARQUITECTÓNICAS E AOS ESPAZOS NATURAIS

As visitas arquitectónicas e aos espazos naturais supoñen un xeito novo de realizar unha descuberta do Gaiás: para abraiarse cunha breve panorámica da súa arquitectura, coñecer as liñas mestras do proxecto, así como os principais usos e fitos do complexo e as claves do seu funcionamento. Na visita ensínanse diversos espazos explicando os seus usos e configuración, achegándose tamén a lugares non accesibles para o público habitual, como a galería de servizos subterránea que comunica o subsolo de todos os edificios.

Datas: Todo o ano 2024

Espazo: Varios espazos destacados do complexo arquitectónico.

Punto de encontro: Museo Centro Gaiás

Asistencia: 3.311 persoas

VISITAS ARQUITECTÓNICAS CONCERTADAS

Lugar: Diferentes espazos da Cidade da Cultura

Datas: De martes a domingo, dende o 2 de xaneiro de 2024, segundo demanda dos grupos

Aforo: 20 persoas con inscrición previa na páxina da Cidade da Cultura

Asistencia: 949 persoas

VISITAS ARQUITECTÓNICAS DIDÁCTICAS

Lugar: Diferentes espazos da Cidade da Cultura

Datas: De martes a domingo, dende o 2 de xaneiro de 2024, segundo demanda dos grupos

Niveis: Primaria, secundaria, bacharelato e FP

Asistencia: 2.003 persoas

VISITAS ARQUITECTÓNICAS REGULARES

Lugar: Diferentes espazos da Cidade da Cultura

Datas: De martes a domingo, dende o 2 de xaneiro de 2024, segundo demanda dos grupos

Aforo: 20 persoas con inscrición previa na páxina da Cidade da Cultura

Asistencia: 289 persoas


VISITAS ARQUITECTÓNICAS NATURAIS

Lugar: Zonas verdes da Cidade da Cultura

Datas: De martes a domingo, dende o 2 de xaneiro de 2024, segundo demanda dos grupos

Aforo: 20 persoas con inscrición previa na páxina da Cidade da Cultura

Asistencia: 70 persoas



VISITAS ESPECIAIS DE NADAL (2023–2024)

XINCANA DE ARQUITECTURA

Atendendo ás demandas de ocio de cativos e familias durante os días do Nadal, a Cidade da Cultura comezou o ano desafiando as familias a descubrir os segredos máis agochados do Gaiás mediante unha xincana que incluía tanto a exploración física dos espazos como un concurso de preguntas. O obxectivo era aproveitar o tempo compartido en familia para achegar aos membros máis novos da casa o mundo da arquitectura contemporánea; o medio, unha sesión lúdica e didáctica formulada para todas as idades.


Datas: Do 2 ao 7 de xaneiro de 2024

Espazo: Diferentes espazos da Cidade da Cultura

Hora: Ás 11:30 h

Duración: 60 min

Asistencia: 95 persoas



VISITAS ESPECIAIS DE SEMANA SANTA

VISITA ARQUITECTÓNICA

Durante a Semana Santa de 2024, estendéronse os horarios das visitas arquitectónicas co obxectivo de fomentar unha maior dispoñibilidade e acceso entre os visitantes que acudiron á cidade nese período. Estes paseos comentados permitiron achegarse á arquitectura contemporánea e marabillarse coas liñas e volumes proxectados polo neoiorquino Peter Eisenman. Os visitantes tiveron a oportunidade de admirar a impresionante fachada de cristal do Museo Centro Gaiás, que alcanza case 43 metros de altura. Tamén puideron comprender a primeira ollada o xogo de trazos e volumes que conforman o deseño da Cidade da Cultura e os usos e fitos do complexo arquitectónico. Este percorrido, tanto ameno como divulgativo, permitiu descubrir a monumental praza central, os espazos verdes do monte Gaiás e gozar de vistas panorámicas de Santiago de Compostela desde este miradoiro onde se unen natureza e arte.

Data: Do 23 ao 31 de marzo de 2024
Espazo: Diferentes espazos da Cidade da Cultura
Asistencia: 117 persoas

TESOUROS REAIS

Durante a Semana Santa, reforzáronse as visitas guiadas á recentemente inaugurada exposición *Tesouros Reais. Obras Mestras do Terra Sancta Museum*. Este percorrido comentado permitiu descubrir o extraordinario e pouco coñecido tesouro artístico do Terra Sancta Museum de Xerusalén, composto por doazóns das monarquías católicas europeas ao longo de 500 anos. As valiosas pezas, creadas para os ollos de Deus, foron enviadas a Xerusalén polos reis e raíñas máis poderosos de Europa, un lugar de profunda simboloxía espiritual e un importante centro de proxección do seu poder e devoción.

Data: Do 23 ao 31 de marzo de 2024
Espazo: Museo Centro Gaiás | Andar 2
Asistencia: 420 persoas



DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS

OS SEGREDOS DE TESOUROS REAIS. VISITAS ESPECIAIS

O Consello Internacional dos Museos celebrou no ano 2024 o Día Internacional dos Museos baixo o lema "Museos pola educación e a investigación". Con tal motivo, e da man do servizo de educación, mediación e atención o visitante puido descubrir o que non se ve das exposicións do Museo Centro Gaiás: o proceso. Así mesmo, puido coñecer os complexos procedementos de produción e montaxe, así como unha escolma de 'tesouros' da mostra especialmente elixidos para esta visita, como foron:

- Altar de Pentecoste
- Denario de Tiberio / Leptón de Poncio Pilato / Shéqel
- Maqueta Santo Sepulcro de Constantino
- Maqueta Frei Bartolomé de las Heras
- Lámpada votiva en filigrana de ouro
- Firmáns e Capitulacións Otomás
- Baldaquino Juarra
- Cáliz de Felipe II
- Lámpada votiva João V
- Lámpada do correo-mor do Reino de Portugal
- Conxunto de Carlo VII de Nápoles
- Báculo de Luis XIV

Datas: Do 17 ao 21 de maio de 2024

Inscripcións: A través da páxina web da Cidade da Cultura de Galicia

Hora: Ás 16:00 h

Duración: 50 min

Asistencia: 40 persoas



TATTOO. ARTE BAIXO A PEL

VISITA ESPECIAL CON HENK SCHIFFMACHER (HANKY PANKY)

A tarde da inauguración de *Tattoo. Arte baixo a pel* no Museo Centro Gaiás tivo lugar unha visita moi especial: un encontro exclusivo entre Henk Schiffmacher, coñecido como Hanky Panky, e un grupo de tatuadoras e tatuadores galegos. Esta sesión foi unha oportunidade única para que profesionais da tatuaxe compartisen unha tarde enteira coa lenda viva da arte corporal, aproveitando a súa presenza en Santiago de Compostela para a apertura da mostra.

Durante a visita, Henk compartiu anécdotas das súas viaxes e reflexionou sobre a evolución da tatuaxe, mentres exploraban xuntos algunhas das pezas máis significativas da exposición. Entre os obxectos expostos do artista e coleccionista destacaban unha das primeiras máquinas de tatuar eléctricas e un baúl de tatuador ambulante dos Estados Unidos, ademais de libros e gravados antigos que Henk foi coleccionando ao longo da súa vida.

Esa tarde de encontro permitiu que o público asistente se mergullase nas historias e coñecementos dunha figura que soubo transformar a tatuaxe nunha expresión artística global, consolidando a exposición como un espazo de inspiración para a comunidade tatuadora en Galicia.

Datas: Do 17 ao 21 de maio de 2024

Espazo: Andar 2, Museo Centro Gaiás.

Hora: Das 17:00 h. ás 20:00 h

Inscripcións: A través da páxina web da Cidade da Cultura de Galicia

Asistencia: 66 persoas





02.07/ Accións divulgativas



O GALIVERSO

Datas: Todo o ano 2024

Datas: De martes a domingo, dende o 20 de outubro de 2022

Horario: De martes a venres de 16:00 a 20:00 h

Sábados, domingos e festivos (agás luns):
de 11:00 a 14.30 e de 16:00 a 20:00 h

Colabora: Servizo de Coordinación Estratéxica e Innovación da
Secretaría Xeral da Consellería de Cultura, Educación,
FP e Universidades

Acceso: Desde o mes de abril de 2023, con reserva de praza a
través da páxina web de Ataquilla.com

Asistencia: 8.613 persoas en 2024 (21.257 persoas en total)

GALIVERSO DE NADAL. O APALPADOR

Dado o éxito da primeira edición, o público miúdo puido visitar de novo a casa do Apalpador, para coñecer un pouco máis en profundidade esta figura mítica do Nadal galego nunha experiencia inmersiva adaptada a nenas e nenos a partir de 6 anos.

Data: Do 15 de decembro de 2023 ao 7 de xaneiro de 2024

Espazo: Museo Centro Gaiás, sala seminario

Asistencia: 479 persoas en 2024 (1.513 en total)

GALIVERSO DE NADAL 24-25. O APALPADOR

Data: Do 3 de decembro de 2024 ao 5 de xaneiro de 2025

Espazo: Museo Centro Gaiás, sala seminario

Asistencia: 993 persoas.



GALIVERSO

O ano 2024 comezou ofrecéndolle ao público asistente a posibilidade de escoller calquera das tres versións do Galiverso desenvolvidas ata o momento, isto é: *Galiverso empeza aquí*, *Galiverso somerxido* e *O vello Portomarín*.

O proxecto pioneiro deste particular metaverso do patrimonio galego, *O Galiverso empeza aquí*, permitía gozar de xeito único, accesible e respectuoso coa súa conservación de 12 experiencias diferentes que percorren as catro provincias galegas, como son:

- O solpor dende o Faro de Fisterra.
- O interior da lanterna da Torre de Hércules, na Coruña.
- A cripta de Santiago Apóstolo, na Catedral de Santiago de Compostela.
- A muralla romana de Lugo.
- A torre de Xiá en San Paio de Narla, en Lugo.
- O templo romano soterrado de Santa Baia de Bóveda en Mera, en Lugo.
- O interior dunha palloza do Cebreiro, en Lugo.
- O Mosteiro de Santa María a Real de Oseira en San Cristovo de Cea, en Ourense.
- O canón do Sil entre as provincias de Ourense e Lugo.
- O Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil, en Ourense.
- Os tellados da Catedral de Tui, en Pontevedra.

Pola súa banda, *Galiverso somerxido* permitía percorrer e explorar a Galicia submarina dende o interior dun batiscafo virtual. Esta versión incluía unha inmersión entre especies mariñas galegas e o paso dun rorcual, un paseo polo fondo menos profundo e un descenso á profundidade ata o pecio *Achondo*, afundido por naufraxio na Ría de Vigo no ano 1986.

Por último, *O vello Portomarín* ofrecía un paseo virtual pola antiga vila de Portomarín tal como era antes de quedar asolagada polo río Miño en 1963 coa construción do encoro de Belesar. A reconstrución do vello Portomarín dentro do Galiverso partiu dun amplo e rigoroso traballo documental a partir das gravacións da época conservadas na Filmoteca de Galicia, planos e cartografías antigas, e as máis de 40.000 fotografías que atesourara José López, de Foto Pereira Portomarín.

Data: Do 9 de xaneiro de 2024 ata o 17 de marzo de 2024

Espazo: Museo Centro Gaiás, sala seminario

Asistencia: 2.493 persoas.



O GALIVERSO DOS MUSEOS

O proxecto do Galiverso estreou unha nova experiencia de realidade virtual no Museo Centro Gaiás: *O Galiverso dos Museos*.

Esta montaxe permitiu entrar nunha versión virtual dos once museos xestionados pola Xunta de Galicia nas catro provincias galegas, e desde este escenario virtual, observar e interactuar con algunhas das pezas máis destacadas que conservan. Entre elas, a escultura do cabaleiro de Beade (século XVII) do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense; o torques do Castro de Viladonga, ou o primeiro astrolabio atopado en Galicia, datado entre os séculos XVI e XVII e conservado no Museo do Mar de Galicia. Tamén foi posible introducirse dentro da paisaxe pintada por Luguís no cadro *Marina Surrealista*, que se exhibe no Museo de Belas Artes da Coruña.

Ao colocar as lentes de realidade virtual, despregouse un mapa onde aparecían localizados os once centros que forman parte da Rede de Museos da Xunta. Sobre este, flotando a modo de paraugas, había unha zona denominada Galiverso desde a que se entraba nun espazo futurista —vinculado ao futuro Centro de Artes Dixitais de Galicia que se estaba a construír na Cidade da Cultura— que permitía explorar algunhas das tecnoloxías empregadas na creación das diferentes experiencias do Galiverso, como a fotogrametría, o son espacial ou a intelixencia artificial.

Ademais de manipular de maneira virtual as réplicas dixitais dos obxectos, o Galiverso dos Museos incorporou a característica da “persistencia” na contorna virtual, de maneira que as pezas quedaban no mesmo lugar e posición nas que as deixou o visitante anterior. Pero tamén foi posible deixar a pegada da propia man no Galiverso, a través do apartado «Persistencia» na sección Galiverso do mapa.

O Galiverso máis inclusivo: para aquelas persoas con dificultades de visión e auditivas, o Galiverso dos Museos empregou tecnoloxías e dispositivos que lles permitiron acceder á experiencia dunha maneira adaptada. Neste sentido, a sala incluíu unha zona táctil na que poder “ver coas mans” réplicas impresas en 3D de catro dos obxectos pertencentes aos museos e que foron recreadas tamén na experiencia virtual. Unha aplicación deseñada pola Universidade de Vigo explicoulles ás usuarias e usuarios o funcionamento deste espazo, no que tamén había auriculares de vía ósea e de bucle magnético para que as persoas con dificultades auditivas puidesen escoitar as instrucións.

Data: Do 25 de marzo de 2024 ata o 14 de xullo de 2024
Espazo: Museo Centro Gaiás, sala seminario
Asistencia: 3.620 persoas



O GALIVERSO NO CORAZÓN DA PEDRA

O proxecto Galiverso estreou *Galiverso no corazón da pedra*, unha experiencia de realidade virtual que permitiu explorar marabillas naturais, arqueolóxicas e históricas de Galicia, coa pedra como protagonista. A través de lentes virtuais, os participantes puideron acceder a lugares habitualmente inaccesibles como a cova de Eirós, a cova do Rei Cintolo ou o xacemento de Aquis Querquennis, entre outros. O equipo de produción do proxecto colaborou con expertos en arqueoloxía, historia e espeleoloxía para documentar os enclaves e garantir unha experiencia rigorosa e inmersiva, incorporando elementos interactivos que engadiron atractivo e curiosidade á proposta.

Data: Dende o 27 de decembro de 2024

Espazo: Museo Centro Gaiás, sala seminario

Asistencia: 1.028 persoas.



OBRADOIRO SOBRE FRANCISCO ASOREY

DÍA DAS ARTES GALEGAS

O uso da madeira e a cor son dous dos aspectos máis chamativos da obra do pintor e escultor cambadés Francisco Asorey, homenaxeado este ano polo Día das Artes Galegas. Co obxectivo de chegar a súa figura tanto ao público adulto como ao máis novo, programáronse dous obradoiros centrados no artista.

Da man das xestoras de Taller Abierto, o público adulto recibiu unha pequena formación teórica para afondar nas diferentes técnicas que Asorey desenvolveu no seu momento sobre a madeira e as súas influencias. Unha segunda parte dedicada á experimentación práctica permitiulle ao público asistente xogar coa súa propia creatividade e comprender de primeira man a técnica da policromía e os conceptos abordados.

Datas: O 6 de abril de 2024

Espazo: Museo Centro Gaiás, Espazo REGA 1

Hora: De 11:30 a 13:30 h

Acceso: Entradas a 3 € a través da web cidadedacultura.org

Asistencia: 20 persoas



HOLI GAIÁS E PEQUE HOLI

A Fundación Cidade da Cultura acolleu a sexta edición da Holi Gaiás, unha carreira de 5 km caracterizada polo seu espírito festivo que conmemora as últimas semanas dunha estación como a primavera cunha explosión de música e de cores e que se inspira no festival Holi da India. A actividade desenvolveuse como práctica saudable e permitiu pasar un momento agradable cheo de diversión, coa familia ou coas amizades, nun espazo singular como o Monte Gaiás.

A Holi é tamén unha proba oficial que conta coas categorías infantil (do 2009 ao 2014) e adulta (2008 e anteriores) e este ano, como novidade, celebrouse por primeira vez a Peque Holi, unha carreira de 700 metros de percorrido especificamente deseñada para nenas e nenos nados entre os anos 2015 e 2020.

Unha vez rematada a carreira tivo lugar o momento máis agardado, protagonizado polo lanzamento de pos e un baile tras o que se iniciou a entrega dos premios:

- 3 primeiros clasificados na categoría infantil masculina.
- 3 primeiras clasificados na categoría infantil feminina.
- 3 primeiros clasificados na categoría adulta masculina.
- 3 primeiras clasificados na categoría adulta feminina.

Datas: O 8 de xuño de 2024

Espazo: Exteriores da Cidade da Cultura

Horario: 11:30 h – Peque Holi

12:00 h – Holi Gaiás

Acceso: Inscripcións 5 € a través da páxina da Federación Galega de Atletismo

Patrocina: Viaqua

Colabora: Federación Galega de Atletismo

Coca-Cola

Gadis

Asistencia: 1.044 persoas



VII FESTIVAL DE BANDAS INFANTÍS E XUVENÍS DE GALICIA

Por sétimo ano consecutivo, o Gaiás volveu acoller o Festival de Bandas Infantís e xuvenís que organiza a Federación Galega de Bandas de Música Populares (FGBMP) en colaboración coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude co obxectivo de dar a coñecer o traballo que fan as formacións máis novas das bandas de música galegas.

Esta xornada de convivencia anual naceu para promover un espazo no que os novos intérpretes puidesen atoparse, establecer vínculos e xerar futuras sinerxías entre bandas, así como fomentar a educación na diversidade a través da música como linguaxe universal.

Datas: O 13 de xullo de 2024

Espazo: Andar -1, Museo Centro Gaiás e Xardín do Teatro

Horario: De 11:00 a 20:00 h

Acceso: Entrada de balde ata completar capacidade

Organiza: Federación Galega de Bandas de Música Populares

Colaboran: Dirección Xeral de Xuventude e a AGADIC

Músicos: 500 participantes de 12 formacións

Asistencia: 700 persoas

PROGRAMA

Mañá

- 11:00 h | Apertura institucional e interpretación conxunta do Himno Galego
- 11:30 h | Banda da Escola da Agrupación Musical do Rosal
- 12:00 h | Chiquiband da Agrupación Musical da Limia
- 12:30 h | Banda Xuvenil de Santa Cruz de Ribadulla
- 13:00 h | Banda Xuvenil de Celanova
- 13:30 h | Banda Escola Unión Musical de Tenorio
- 14:00 h | Banda Xuvenil da Escola de Música de Salvaterra

Tarde

- 16:30 h | Banda da Escola de Música de Xinzo
- 17:00 h | Banda Xuvenil de Vilatuxe
- 17:30 h | Xove Banda de Valga
- 18:00 h | Minibanda de Vilalba
- 18:30 h | Banda Xuvenil de Agolada
- 19:00 h | Banda Sinfónica Xuvenil Galega



RESIDENCIA ARTÍSTICA DA BANDA SINFÓNICA GALEGA

EFEMÉRIDES 2024

A residencia artística que acolleu o XVI encontro da Banda Sinfónica Galega —celebrado por primeira vez na Cidade da Cultura—, recibiu o nome de Efemérides 2024. As xornadas celebráronse entre o 29 de xullo e o 3 de agosto e estaban pensadas para incentivar a mellora formativa dos 65 músicos que compoñen a Banda Sinfónica. Durante a residencia, estes artistas novos estiveron acompañados do profesor de vento madeira, Carlos Timiraos; polo profesor de vento metal, Carlos Figueira Abuín, polo profesor de percusión Diego Rosal Chaves e o director artístico do proxecto, David Fiuza Souto.

A residencia Efemérides 2024 culminou cun concerto celebrado o sábado 3 de agosto ás 21 h no corredor de acceso á Praza Central. O programa estivo conformado por un singular repertorio vinculado ao ano 24, dos séculos XIX, XX e XXI, que incluíu a *Obertura para Harmoniemusik* que Felix Mendelssohn escribiu en 1824; o poema sinfónico de Ottorino Respighi de 1924, e a estrea dunha peza composta polo compositor galego Santiago Barreira.

Datas: Do 29 de xullo ao 3 de agosto de 2024

Espazo: Andar -1, Museo Centro Gaiás e
corredor de acceso á Praza Central

Organiza: Federación Galega de Bandas de Música Populares

Colabora: Dirección Xeral de Cultura

Concerto: 3 de agosto ás 21 h

Acceso: Entrada libre ata completar capacidade

Residentes: 65 persoas

Asistentes ao concerto: 260 persoas



25N DÍA CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA

A proposta de obradoiros en familia centrouse en visibilizar a obra das mulleres protagonistas da exposición *Outras historias posibles* e en promover a prevención das violencias machistas mediante a creación artística. Estes obradoiros, deseñados para implicar todas as persoas dunha unidade familiar, buscaban fomentar a participación activa na arte ao tempo que se exploraban dinámicas para identificar e recoñecer situacións de maltrato, frecuentemente camufladas e normalizadas.

A actividade desenvolveuse en dúas fases principais. Na primeira parte, as persoas participantes tiveron a oportunidade de coñecer en profundidade a exposición, prestando especial atención ás mulleres creadoras que foron historicamente invisibilizadas no ámbito artístico. Na segunda parte, o foco trasladouse ao traballo creativo, onde os asistentes contaron historias a través da arte e empregaron as técnicas artísticas presentes na mostra. Como peche, cada grupo explicáballes a súa creación ao resto das persoas participantes, promovendo un intercambio enriquecedor, seguido dunha reflexión colectiva sobre o proceso e os obxectivos do obradoiro.

Datas: O 30 de novembro de 2024

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 3, Espazo REGA 3.

Horario: De 16:00 a 19:00h

Acceso: 3€ Entradas dispoñibles en [Ataquilla.com](https://ataquilla.com)

Asistencia: 37 persoas



CULTURGAL 2024

Entre o 29 de novembro e o 1 de decembro de 2024, celebrouse no Pazo da Cultura de Pontevedra a décimo sexta edición do Culturgal, a feira das industrias culturais galegas. Un ano máis, a Cidade da Cultura de Galicia participou neste evento, consolidado como punto de encontro entre as diversas manifestacións culturais galegas e os seus públicos. Durante esta edición, presentouse a programación cultural máis inmediata, nun esforzo por fornecer a conexión entre a creación contemporánea e a sociedade.

Datas: Do 29 de novembro ao 1 de decembro de 2024

Espazo: Pazo da Cultura de Pontevedra

Horario: De 11:00 h a 20:00 h

Asistencia: 908 persoas

O GALIVERSO NO CORAZÓN DA PEDRA

Ao longo de toda a feira, a instalación de realidade virtual *O Galiverso no corazón da pedra* permitiulles ás persoas asistentes realizar unha viaxe inmersiva ás entrañas da xeografía galega. A través desta experiencia, puidéronse descubrir lugares inaccesibles como a cova de Eirós ou unha espectacular sala da cova do Rei Cintolo. Esta proposta foi recibida con grande interese por parte do público, reafirmando o compromiso da Cidade da Cultura coa innovación tecnolóxica e a divulgación do patrimonio natural e cultural.

Data: Do 29 de novembro ao 1 de decembro de 2024

Hora: De 12:00 a 14:00 h e de 16:00 a 20:00 h

Espazo: Caseta da Xunta de Galicia

Asistencia: 700 persoas



AXUDAS REGA 24: CO-CO-FLEX!

O proxecto escénico Co-Co-Flex! foi o encargado de encabezar a presentación das Axudas REGA, un programa de apoio á creación promovido pola Fundación Cidade da Cultura, que nesta edición anunciou un incremento nos seus recursos. Esta creación de Isa Fernández exploraba o acceso á vivenda en Galicia, analizando os obstáculos aos que se enfronta a denominada "xeración millennial" para acadar a independencia e construír unha vida autónoma. A obra, desenvolvida durante a residencia de creadoras e intérpretes no Gaiás, salientaba pola súa contemporaneidade e polo enfoque crítico sobre un dos retos sociais máis relevantes da actualidade.

Data: O 29 de novembro de 2024

Hora: Ás 19:00 h

Espazo: Escenario C

Asistencia: 65 persoas

PRESENTACIÓN DO CATÁLOGO OUTRAS HISTORIAS POSIBLES E PERFORMANCE DE MARÍA GIMENO — QUERIDAS VIEJAS. LA RUEDA DE LA FORTUNA

Na programación do mesmo día, presentouse o catálogo da exposición *Outras historias posibles*, unha iniciativa liderada principalmente pola comisaria da mostra, Susana Cendán. Como parte do evento, María Gimeno realizou a súa performance *Queridas viejas. La rueda de la fortuna*, unha revisión crítica do manual de referencia *Historia da Arte* de E. H. Gombrich. Durante a intervención, a artista incorporaba simbolicamente, a golpe de coitelo, as mulleres creadoras que foron historicamente excluídas, denunciando así a ausencia total de artistas mulleres nesta obra icónica da formación académica da historia da arte.

Data: O 29 de novembro de 2024

Hora: Ás 20:00 h

Espazo: Escenario Arte

Asistencia: 34 persoas



NADAL NO GAIÁS

A programación infantil deste ano destacou pola incorporación de obradoiros de xoiería e tatuaxe, que serviron como introdución ás actividades organizadas no Hall de Tirantes do Museo Centro Gaiás durante o Nadal. Estas propostas inspiráronse nas tradicións do Yule, a antiga celebración viquinga do solsticio de inverno, que rendía tributo ao cambio de estación cunha combinación de rituais e creacións artísticas.

Data: O 30 de novembro de 2024

Hora: De 12:30 a 14:00 h e de 18:00 a 19:30 h

Espazo: Caseta da Xunta de Galicia

Asistencia: 109 persoas



03/

EMPRENDE NO GAIÁS

Xunto coa cultura e a tecnoloxía, a promoción do emprendemento innovador en Galicia é un dos eixes nos que se asenta o traballo da Cidade da Cultura desde a súa creación, e que converten o complexo do Gaiás nun dos motores da comunidade grazas ao impulso de proxectos innovadores nos campos da cultura, do emprendemento e da tecnoloxía.

Este foi o propósito co que se puxo en marcha o Centro de Emprendemento Creativo no 2012. Actualmente, na liña dos obxectivos do II Plan Estratéxico da Cidade da Cultura de Galicia 2022-2027, estase a apostar por afianzar o programa de emprendemento mediante o desenvolvemento de actividades que amplíen os servizos que actualmente se prestan, optando por unha óptica que supere o enfoque espacial engadindo servizos de valor.

O CEM está ao servizo das persoas emprendedoras ofrecéndolles un espazo de traballo, apoiándoas na materialización das súas ideas de negocio e procurando contribuír á creación de empresas dinámicas, competitivas e innovadoras.

PROMOVENDO O EMPREENDEMENTO INNOVADOR



CATEGORÍAS DOS ESPAZOS DE TRABALLO:

• Viveiros na Planta -1:

1. Preferentemente asignados a entidades non lucrativas que persigan fins de utilidade pública ou que representen intereses colectivos.
2. Estas entidades deben realizar actividades anuais vinculadas á Cidade da Cultura.

• Viveiros na Planta 0:

1. Dirixidos a entidades lucrativas que teñan fins ou programas relacionados coas liñas de traballo da Fundación Cidade da Cultura.

• Espazos de Cotraballo: Divididos en dúas fases:

1. Inicio (Incubación): para emprendedores con ideas en fase inicial, cun prazo de 3 meses para constituírse como empresa.
2. Consolidación: para empresas constituídas con antigüidade non superior aos dous anos

OS DESTINATARIOS DO CENTRO DE EMPREENDEMENTO DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA DIVÍDENSE EN TRES CATEGORÍAS PRINCIPAIS, DEPENDENDO DO TIPO DE ENTIDADE E DO SEU OBXECTIVO:

Entidades non lucrativas:


• Características:

- Entidades sen ánimo de lucro con fins de utilidade pública ou representativas de intereses colectivos.
- Poden ser de ámbito local, rexional, nacional ou comunitario.

• Requisitos:

- A súa entrada está condicionada á realización de actividades anuais vinculadas ao Gaiás.
- Deben presentar unha memoria detallada que inclúa o obxectivo, os recursos, os custos e os beneficiarios potenciais da actividade.

• Proxectos sociais, culturais ou tecnolóxicos con impacto positivo para a comunidade.



Entidades lucrativas:

• **Características:**

- Empresas con ánimo de lucro que desenvolvan fins ou programas relacionados coas liñas estratéxicas da Fundación Cidade da Cultura.

• **Requisitos:**

- A memoria de solicitude debe especificar a forma na que o proxecto está vinculado aos obxectivos do CEM.
- Ámbitos incluídos:
 - Deseño
 - Ilustración
 - Comunicación
 - Literatura (escritores e editores)
 - Representación e promoción artística
 - Xestión cultural
 - Programación e proxectos tecnolóxicos ou culturais na internet
 - Innovación cultural

Iniciativas Culturais Emprendedoras

• **Características:**

- Dirixidas a emprendedores ou microempresas que traballen en industrias culturais e tecnolóxicas.


• **Modalidades:**

- Fase de inicio (Incubación):
 - Para emprendedores con ideas en fase inicial.
 - Compromiso de constituírse como empresa nun prazo de 3 meses desde a admisión.

• **Fase de consolidación:**

- Para empresas constituídas cunha antigüidade non superior a dous anos.

• **Ámbitos:** deseño, ilustración, comunicación, literatura, artes escénicas, produción audiovisual, desenvolvemento tecnolóxico e innovación cultural.



ALIANZAS, COLABORACIÓN E CONVENIOS

Co obxectivo principal de fomentar o apoio, a formación e o acompañamento ao tecido emprendedor no ámbito cultural e creativo, o Centro de Emprendemento do Gaiás traballa activamente na creación de sinerxías con entidades públicas e privadas que contribúen a reforzar o ecosistema empresarial.

Grazas a esta filosofía de colaboración, o CEM ten establecido convenios e acordos con institucións de gran relevancia, tanto no ámbito económico coma no cultural e tecnolóxico. Entre as entidades coas que colabora destacan:

CONVENIOS

- **PEN CLUBE:** Promove actividades culturais que visibilizan a importancia da literatura e a escrita como motores de innovación cultural.
- **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTE-GA):** Impulsa a dixitalización e o uso das novas tecnoloxías entre as empresas e proxectos culturais.
- **AJE – Asociación de Jóvenes Empresarios:** Facilita redes de contacto, asesoramento empresarial e formación orientada á xuventude emprendedora.
- **Academia Xacobeia:** Preserva e promove o patrimonio cultural ligado ao Camiño de Santiago, promovendo novas iniciativas culturais.
- **Fundación Castelao:** Contribúe ao estudo, difusión e preservación da obra de Castelao, apoiando actividades que combinen cultura e identidade galega.

Estes convenios son fundamentais para ampliar as posibilidades das empresas e profesionais que forman parte do CEM, garantindo que teñan acceso aos recursos, contactos e formación necesarios para consolidar e facer crecer os seus proxectos.



EMPRESAS

VIVEIROS

Entidades non lucrativas

- **Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia**
Asociación en defensa do sector do turismo.
Planta: PLANTA -1
- **Asociación de Empresas de Inserción de Galicia (AEIGA)**
Asociación que traballa na defensa dos intereses das empresas de inserción e dos seus traballadores, así como na promoción das empresas asociadas en Galicia.
Planta: PLANTA -1
- **Federación Galega de Bandas de Música Popular**
Federación dedicada á música popular en Galicia.
Planta: PLANTA -1
- **Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (Escena Galega)**
Asociación enfocada nas artes escénicas, promovendo o sector en Galicia.
Planta: PLANTA -1
- **Federación Librarías de Galicia**
Federación que representa e apoia as librarías galegas.
Planta: PLANTA -1
- **Asociación Clúster da Función Loxística de Galicia**
Asociación na defensa do sector loxístico.
Planta: PLANTA -1
- **Fundación Acción contra el Hambre**
Organización sen ánimo de lucro que loita contra as causas e os efectos da fame. Desenvolven proxectos de inserción laboral e apoio ao emprego.
Planta: PLANTA -1

- **Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GALIX)**
Asociación que representa o sector do libro infantil e xuvenil en Galicia.
Planta: PLANTA -1

Entidades lucrativas:

- **Rubén Lázaro Silva**
Realizador audiovisual especializado en vídeos promocionais, visitas virtuais e filmacións con dron.
Planta: PLANTA 0
- **Academia Galega do Viño SL (INGAVI)**
Entidade educativa privada dedicada á difusión da cultura do viño galego e á súa promoción internacional.
Planta: PLANTA 0
- **Emilio Liñares Negro**
Arquitecto.
Planta: PLANTA 0
- **Imatia Innovation SL**
Enxeñería de software e proxectos de I+D+i.
Planta: PLANTA 0
- **Lartel SL**
Consultoría en TIC, desenvolvemento de software, enxeñería de software, márketing, deseño web e apps.
Planta: PLANTA 0

Espazo de coworking

- **Victoria longa**
Empresa de formación e asesoramento na produción musical.

O CENTRO DE EMPRENDEMENTO AO LONGO DE 2024




O Centro de Emprendemento Cultural e Creativo de Galicia ofrece non só espazos físicos, senón tamén un marco dinámico e diverso de actividades, eventos e proxectos colaborativos. A través destas iniciativas, foméntase unha relación estreita entre os diferentes axentes culturais, creativos e empresariais que participan, xerando un impacto positivo na comunidade.

As empresas situadas no Centro de Emprendemento teñen un papel activo na organización de parte da programación. Este protagonismo permite que compartan o seu coñecemento e experiencia, creando un espazo colaborativo onde nacen proxectos innovadores e se multiplican as oportunidades.

As sinerxías que se establecen entre as empresas derivan en proxectos conxuntos que logran unha maior visibilidade e impacto, ademais de incrementar os beneficios para todas as partes implicadas.

Durante o ano 2024, diversas empresas e organizacións realizaron actividades, promovendo iniciativas formativas, culturais e de sensibilización social. A continuación, descríbese un resumo das principais accións agrupadas por tipo de colaboración:



EVENTOS XERADOS A TRAVÉS DOS CONVENIOS ASINADOS CON INSTITUCIÓN S AFÍNS

AJE GALICIA

En xaneiro do 2024 organizou a *Presentación do mapa de axudas da Xunta de Galicia para autónomos/as e pemes*, un evento que reuniu 100 participantes no Auditorio Xosé Neira Vilas e na Sala I da Biblioteca de Galicia.

Ademais, en xullo celebrouse un evento de Networking empresarial na Sala Eisenman, onde 20 profesionais tiveron a oportunidade de intercambiar experiencias e establecer sinerxías no seu sector.

ACADEMIA XACOB EA

Realizouse, en xullo, a Sesión solemne da Academia Xacobe a do 2024, un evento de gran relevancia que contou con 63 asistentes e que se celebrou no Auditorio Xosé Neira Vilas e na Sala Eisenman.



EVENTOS XERADOS A TRAVÉS DAS ACTIVIDADES DAS EMPRESAS RESIDENTES

Durante o ano 2024, os espazos compartidos do Centro de Emprendemento da Cidade da Cultura foron utilizados activamente por diversas empresas e entidades sen ánimo de lucro, desenvolvendo unha ampla variedade de actividades formativas, culturais e de xestión. Estas accións reflicten a diversidade de proxectos que alberga o CEM e a súa aposta polo fomento do emprendemento cultural e creativo. A continuación, preséntase unha descrición das principais actividades realizadas:

ACCIÓN CONTRA A FAME:

Utilizou os espazos do CEM para accións formativas destinadas ao seu persoal e a colaboradores externos, abordando temas como procedementos organizativos, actividades de sensibilización ambiental e diversas sesións de capacitación específica. Estas actividades contribuíron ao fortalecemento interno da organización e á mellora da súa intervención no ámbito social e medioambiental.

FEDERACIÓN DE LIBRARÍAS DE GALICIA:

Realizou a súa asemblea anual, un evento estratéxico para analizar as accións realizadas, debater sobre as necesidades do sector e planificar as actividades futuras. Este encontro foi clave para reforzar a cooperación entre as librarías galegas e impulsar a defensa e promoción do libro como produto cultural esencial.

AEIGA (ASOCIACIÓN DE EMPRESAS DE INSERCIÓN DE GALICIA):

Realizou varias iniciativas ao longo do ano. En maio organizou a actividade *Promoción da Economía Social no ámbito da Economía Circular*, que contou con 86 participantes no Auditorio 2 do edificio CINC. En novembro, celebrouse a *Xunta Directiva Foroesgal* na Sala I do espazo BAG, reunindo 16 asistentes e en decembro. AEIGA tamén instalou un *Stand informativo* na praza exterior da Praza Central da Cidade da Cultura que serviu para sensibilizar a sociedade sobre a importancia de integrar a sustentabilidade e a inclusión no tecido empresarial galego.



CLÚSTER DE TURISMO DE GALICIA (CTG):

Desenvolveu un conxunto de actividades destinadas a fortalecer o sector turístico, entre as que destacan as reunións do Consello Executivo 2024 para planificar as accións estratéxicas do Clúster, sesións de traballo colaborativo para mellorar a coordinación entre os membros e accións de formación sobre sostibilidade, como a actividade Galicia Destino Sostible. Ademais, realizou gravacións audiovisuais orientadas á promoción turística e organizou unha sesión específica para estudantes da Universidade da Coruña, fomentando o achegamento das novas xeracións ao sector.

A súa presenza no Espazo CEM reflicte a súa aposta por un turismo innovador e respectuoso co medio ambiente en Galicia.

ESCENA GALEGA

Foi responsable de dúas importantes actividades. En xuño celebrouse a Asemblea Xeral Escena Galega na Sala Eisenman, á que acudiron 45 participantes e en novembro tivo lugar a IV Xornada de Promoción Escénica e Musical no Museo e no Auditorio Xosé Neira Vilas, reunindo 120 asistentes.

Estas actividades subliñan o papel do CEM como un espazo colaborativo e dinámico, que fomenta o desenvolvemento de proxectos innovadores e a interacción entre axentes culturais e empresariais. A versatilidade dos espazos permitiu acomodar unha variedade de necesidades, consolidando o Centro de Emprendemento como un motor de creación e formación no ámbito cultural e tecnolóxico.



INGAVI– INSTITUTO GALEGO DO VIÑO

Curso Superior de Sumiller Profesional

Durante o ano 2024, o INGAVI organizou e hospedou no Espazo OFF o Curso Superior de Sumiller Profesional.

O curso mantivo en 2024 a súa reputación pola amplitude do programa e pola calidade dos profesionais implicados, con participantes procedentes de varios países diferentes. Esta edición tamén contou cun grande éxito, completando o aforo con 20 estudantes inscritos, que recibiron formación do máis alto nivel, logrando resultados altamente satisfactorios.

O INGAVI continuou a atraer destacados poñentes de referencia mundial no sector do viño, consolidando a súa oferta como unha experiencia educativa enriquecedora e de prestixio.



Certificados en Cultura do Viño

Os cursos de cata de viño organizados en 2024 combinaron teoría e práctica, ofrecendo unha formación completa e especializada. Cada curso tivo unha duración de 10 horas formativas nas cales se cataron un total de 20 viños seleccionados para a aprendizaxe.

Os cursos estruturáronse en 5 niveis progresivos, deseñados tanto para introducir novos alumnos no mundo do viño como para perfeccionar o coñecemento dos máis experimentados. Durante as sesións teóricas, abordáronse conceptos fundamentais sobre o viño, que posteriormente se aplicaron na parte práctica. Neste contexto, os participantes tiveron a oportunidade de catar viños directamente relacionados cos coñecementos impartidos.

As clases dividíronse en catro sesións de 2 horas e media cada unha, permitindo unha aprendizaxe flexible e progresiva. Os cursos de Certificados en Cultura do Viño destacaron en 2024 por fortalecer a formación especializada no sector vitivinícola en Galicia, contribuíndo á difusión e posta en valor da cultura do viño na nosa comunidade.

Como entidade educativa privada, o INGAVI reafirmou o seu compromiso coa difusión da cultura do viño en Galicia e máis aló das súas fronteiras. En 2024, traballou para promover e destacar a calidade dos viños galegos a escala global, consolidando a súa posición como referente no sector.

O INGAVI destacou novamente o seu progreso no ámbito dixital. Observouse un incremento no tráfico web respecto ao ano anterior, reflexo do continuo crecemento da visibilidade e do interese pola súa oferta formativa. Este aumento repercutiu tamén nas vendas, demostrando unha eficaz conversión de visitantes en clientes. Consolidando a súa influencia dixital como unha das principais plataformas de referencia na formación e difusión da cultura do viño en España.

Esta iniciativa foi posible, unha vez máis, grazas á colaboración da Fundación Cidade da Cultura, cuxo apoio activo foi fundamental para promover a cultura do viño en Galicia e fomentar a súa proxección no eido internacional.






LONGA MUSIC LAB

Durante o ano 2024, Longa Music Lab formou parte do ecosistema creativo do noso espazo de traballo, desenvolvendo unha actividade destacada no ámbito da produción e formación musical. Esta empresa ofreceu servizos especializados en produción e composición musical para terceiros, ademais de organizar cursos e clases personalizadas para produtores musicais en Santiago de Compostela.

Entre as actividades realizadas, Longa Music Lab levou a cabo formacións nas que os participantes aprenderon a realizar composicións musicais completas, abrangendo todos os elementos técnicos e artísticos. Estas formacións incluíron dende o manexo de software profesional ata a exportación final da canción e os pasos necesarios para a súa distribución en plataformas dixitais, utilizando selos discográficos ou servizos de distribución en liña.

Ademais, Longa Music Lab destacou pola súa oferta de clases personalizadas, adaptadas a diferentes niveis, e pola súa colaboración con produtores musicais en proxectos individuais de artistas e intérpretes. Esta combinación de servizos contribuíu a dinamizar a actividade creativa e profesional no noso espazo de traballo, promovendo a innovación e o desenvolvemento no sector musical.

Longa Music Lab é un exemplo de como o espazo CEM apoia iniciativas culturais e fomenta a creación de valor dentro da comunidade artística e emprendedora de Galicia.





O4/

BIBLIOTECA DE GALICIA

Un ano máis, a Biblioteca de Galicia cumpriu coa súa función de recoller, conservar, describir e difundir o patrimonio bibliográfico de todos os galegos e galegas. As súas coleccións continuaron a incrementarse a través do depósito legal, de doazóns particulares e de novas adquisicións no mercado libreiro.

CONSERVACIÓN

A Biblioteca de Galicia é o principal centro de conservación das unidades bibliográficas que se producen na nosa comunidade autónoma. A lexislación de depósito legal garante que todo o publicado nun territorio quede preservado para as xeracións futuras. Durante o 2024 solicitáronse en Galicia un total de 3.783 números de DL. A finais do ano, a Biblioteca de Galicia confirmara a recepción de 2.400 unidades bibliográficas suxeitas a esta obriga, o que reflicte que o mundo editorial e discográfico galego segue a producir as súas obras en soporte físico.

Nº DE DL	SOLICITADOS
A Coruña	1.982
Lugo	205
Ourense	289
Pontevedra	551
Vigo	756
TOTAL	3.783

A entrega efectiva dos exemplares que lle corresponden a cada número de DL tivo os seguintes datos para o 2024 nas cinco oficinas galegas:

Nº DE DL	CONSTITUÍDOS
A Coruña	1.226
Lugo	113
Ourense	225
Pontevedra	302
Vigo	534
TOTAL	2.400

No 2024 a Biblioteca de Galicia implementou as modificacións necesarias para conservar a copia dixital previa á impresión de todas as obras en formato libro que teñen a obriga do depósito legal. Esta nova garantía para a conservación do noso patrimonio bibliográfico está vixente desde o 2 de xaneiro de 2023, tal e como establece a *Lei 8/2022, do 4 de maio, pola que se modifica a Lei 23/2011, do 29 de xullo, de depósito legal*. O número de copias dixitais previas á impresión de libros suxeitos a DL galego conservadas a finais de 2024 foi de 3.089.

COPIAS DIXITAIS (PREPRINTS)	
A Coruña	1.841
Lugo	117
Ourense	123
Pontevedra	257
Vigo	751
TOTAL	3.089

Ademais de garantir a conservación de todo o que se publica en papel, a Biblioteca de Galicia tamén tratou de recoller todo o coñecemento relacionado coa cultura galega que está presente en Internet. En colaboración coa Biblioteca Nacional de España e coa Asociación Punto Gal, durante o 2024 gardouse a información de máis de 7.000 dominios accesibles na Rede que empregan a lingua galega, están escritos por galegos ou conteñen información relacionada con Galicia. A preservación destes contidos web permitirá garantir o acceso futuro aos recursos dixitais que reflicten a identidade cultural galega.

ANO	NÚMERO DE DOMINIOS ARQUIVADOS
2017	4.261
2018	4.788
2019	5.140
2020	5.540
2021	6.120
2022	6.525
2023	5.466
2024	7.049

No 2024 a Biblioteca de Galicia tamén completou as súas coleccións con materias bibliográficas “especiais”, como carteis de cine, programas de festas populares ou números de prensa antiga de cabeceiras como *Vida gallega*, *O Tambo-rileiro* ou *Nuevo Támega*. Esas tipoloxías documentais son de gran importancia para a Biblioteca de Galicia como centro de conservación, xa que en moitos casos trátase de exemplares únicos que non se custodian en ningunha outra biblioteca galega. A gran maioría destas publicacións foron obxecto dun proceso de dixitalización que permitirá que estean accesibles en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia ao longo de 2025.

DIXITALIZACIÓN



Nesas novas dixitalizacións que realizou a BdG durante o ano pasado destaca a prensa histórica que se publicou nos primeiras décadas do século XX en Sarria, Caldas de Reis e A Guarda. Títulos como *Dominical Sarriano*, publicado entre 1924 e 1925; *El Nuevo Heraldo*, que saíu do prelo na Guarda entre marzo de 1935 e xuño de 1936; ou as publicacións *La Democracia*, *Acción agraria* ou *El Agrario*, publicados nas dúas primeiras décadas

do XX na comarca de Caldas de Reis, son só unha mostra de publicacións locais cuxa dixitalización facilitará enormemente os estudos históricos sobre esas zonas de Galicia.

A 31 de decembro de 2024 Galiciana-BDG ofrecía os seguintes datos relacionados cos seus obxectos dixitais e cos seus usuarios:

OBXECTOS DIXITAIS NA BIBLIOTECA DIXITAL DE GALICIA

(datos a 31/12/2023 e a 31/12/2024)

	2023	2024	%
Rexistros bibliográficos (títulos)	10.485	11.164	+6%
Imaxes	3.275.482	3.401.511	+4%
Grupos de obxectos dixitais	384.762	397.819	+3%

TIPOLOXÍAS DOCUMENTAIS MÁIS PRESENTES NA BIBLIOTECA DIXITAL DE GALICIA A FINAIS DE 2024

	HEMEROTECA	MONOGRAFÍAS	CARTOGRAFÍA	MANUSCRITOS	ILUSTRACIÓNS E FOTOS
Títulos	774	6.183	266	563	2.700
Imaxes	2.272.941	953.108	480	46.848	8.203
Grupos	331.711	7.861	271	630	4.362

USUARIOS DA BIBLIOTECA DIXITAL DE GALICIA

(datos a 31/12/2023 e a 31/12/2024)

	2023	2024	%
Usuarios	119.858	105.593	-12%
Sesións	269.575	280.128	+4%
Páxinas vistas	5.812.539	5.592.189	-4%



DIFUSIÓN

Durante o 2024 a Biblioteca de Galicia tamén continuou co seu labor de difusión do noso patrimonio bibliográfico en particular e do acervo cultural galego en xeral. Programáronse 21 actividades de dinamización relacionadas con Calendario do Libro e da Lectura de Galicia que achegaron á BdG máis de 1.100 persoas. Tamén se programou unha xornada técnica que permitiu coñecer mellor o patrimonio sonoro da nosa comunidade e organizáronse 4 mostras bibliográficas sobre nomes, temas ou publicacións destacadas da nosa cultura.

Na primeira metade do ano puxéronse en valor as figuras do ilustrador Chichi Campos e da escritora Luísa Villalta, homenaxeados no 2024 polo Día da ilustración e o Día da letras

galegas, respectivamente. O programa expositivo da BdG na segunda metade do ano tivo como protagonista a literatura fantástica en galego, coa mostra *Do soño á apocalipse: os vieiros da literatura fantástica en galego*, que se poderá visitar ata o 31 de maio de 2025, e unha publicación determinante para a nosa historia editorial, a revista *Vida gallega*, posta en marcha polo vigués Jaime Solá en 1909.

No ano 2024 a Biblioteca de Galicia continuou a trasladar a formato dixital todas as súas mostras bibliográficas, accesibles a través da páxina web <https://bibliotecadegalicia.xunta.gal/>, garantido deste xeito o acceso a ese contido en calquera momento e lugar.



ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN

RETRATO CREATIVO DE CHICHI CAMPOS

Data: O 27 de xaneiro de 2024

Con motivo da celebración do Día da ilustración, neste obradoiro os nenos e nenas tiveron a oportunidade de completar un retrato a liña de Chichi Campos, o homenaxeado no 2024. Con total liberdade para elixir a súa técnica preferida, os e as asistentes puideron dar cor coas súas pinturas favoritas, crear colaxes ou reinterpretar o debuxo, plasmando a súa propia versión.

PROXECCIÓN DO DOCUMENTAL CHICHI E MAIS EU DE NICO CAMPOS

Data: O 2 de febreiro de 2024

Neste documental percórrase a vida e a obra de Xesús *Chichi* Campos, pioneiro do cómic galego, loitador antifranquista, galerista e humorista, e tamén unha das figuras máis esquecidas da cultura galega. Cando morreu, deixou un fillo que só tiña once anos e moitas preguntas que, trinta anos despois, responde neste documental que proxectou a Biblioteca de Galicia con motivo do Día da ilustración dedicado no 2024 á súa figura.

A TÚA LINGUA CONTIGO: OBRADOIRO DE CREACIÓN DE CHAPAS

Data: O 17 de febreiro de 2024

Para conmemorar o Día da lingua materna, a Biblioteca de Galicia programou unha proposta en forma de xogo na que se falou na nosa lingua, noutras linguas e en linguas que se inventaron.

CONTACONTOS EN MOVEMENTO: LIBROS E IOGA NO DÍA DE ROSALÍA!

Data: O 24 de febreiro de 2024

Con motivo do Día de Rosalía, que se conmemora cada 23 de febreiro coincidindo coa data de nacemento da escritora, a Biblioteca de Galicia organizou esta actividade centrada na súa figura e enfocada na cativada. A partir do libro *Miña casiña, meu lar*, editado por Galaxia e ilustrado por Blanca Millán, os nenos mergulláronse nunha viaxe coa voz, co corpo e coa creatividade.



CONVERSAS CON MERENDA: É POSIBLE CONTAR A HISTORIA DOUTRO XEITO?

Data: O 8 de marzo de 2024

Con motivo da conmemoración do Día da muller, a Biblioteca de Galicia puxo en marcha xunto co CSIC unha conversa distendida e interactiva entre as persoas asistentes e o investigador Miguel García Fernández, especializado no estudo da historia das mulleres. O obxectivo foi o de debater sobre os silencios que aínda persisten, tanto no ámbito da investigación coma no da divulgación e na ensinanza da historia, respecto do papel e o protagonismo que tiveron as mulleres na historia de Galicia.

É POSIBLE CREAR UN CÓMIC NUN DÍA?

Data: O 9 de marzo de 2024

Polo Día do cómic 2024 a Biblioteca de Galicia programou este obradoiro que tentaba responder a pregunta: É posible crear un cómic nun día? Na actividade tratouse de mostrar as bases para deseñar un cómic desde a xestación da primeira idea, pasando polos bosqueños, o deseño dos personaxes, a composición de escenas e o montaxe final.

CACHO ANIMALADA!

Data: O 19 de marzo de 2024

Esta foi a sesión de narración oral e música para público familiar que ofreceu a Biblioteca de Galicia para celebrar o Día da narración oral. A narradora Vero Rilo estivo acompañada da guitarra e da voz (e outros trebellos) do multifacético Luís Iglesias. Xuntos aventuráronse nun camiño diverso, transitado por contos da nosa tradición oral, e por versións libres e revisitadas de contos de autor/a que xa son clásicos da literatura e do álbum ilustrado infantil.

AS ALUMNAS

Data: O 22 de marzo de 2024

A Biblioteca de Galicia celebrou o Día do teatro coa representación do marabilloso texto de Paula Carballeira publicado por Galaxia, *As alumnas*. Este espectáculo dirixido a público adulto, trata sobre a figura da pedagoga galega María Barbeito e sobre como o franquismo significou un enorme retroceso na educación, especialmente para as mulleres. Ao remate da representación teatral tivo lugar unha charla coloquio coa autora do libro, Paula Carballeira.



FRANCISCO ASOREY. XOGANDO COAS FORMAS

Data: O 6 de abril de 2024

Este ano o homenaxeado no Día das artes galegas foi o escultor cambadés Francisco Asorey. Con este motivo a Biblioteca de Galicia organizou un obradoiro para dar a coñecer a este marabilloso e singular artista entre os máis pequenos e pequenas. Co obxectivo de achegar os trazos máis representativos da súa vida e a súa obra, desenvolveuse unha proposta na que os e as asistentes ao obradoiro crearon as súas propias esculturas a partir dun bosquexo en papel.

ISAURA E TRISTÁN. CONTASTORIAS

Data: O 11 de maio de 2024

A Biblioteca de Galicia conmemorou un ano máis o Día das letras galegas cunha programación específica sobre a protagonista da efeméride no 2024. Para o público familiar programouse esta peza teatral a cargo de Fantoques Baj, unha enxeñosa función de monicreques a partir do libro de Luísa Villalta *As chaves do tempo*.

INDÓCILES

Data: O 25 de maio de 2024

Para continuar celebrado o Día das letras galegas, o auditorio da Biblioteca de Galicia foi o escenario onde se puido ver *Indóciles*, un proxecto multidisciplinar que achega ao público adulto a obra de Luísa Villalta, unha autora comprometida e versátil cun legado literario provocador e rebelde.

MOLTO BARROCO

Data: O 15 de xuño de 2024

A Biblioteca de Galicia convidou a festexar en familia o Día europeo da música cunha festa da mellor música barroca. Un espectáculo cargado de humor onde as personaxes, as músicas, o teatro cómico e os espazos escénicos compoñen un mosaico que funciona á perfección para o goce de cativada e persoas adultas.



AS LETRAS VIAXEIRAS

Data: O 21 de setembro de 2024

Con motivo da conmemoración do Día europeo das linguas, a Biblioteca de Galicia organizou este obradoiro, impartido por Marisa Irimia, no que os nenos e nenas se mergullaron, a través da música e das artes plásticas, na diversidade doutras linguas e culturas co fin de valorar a importancia da variedade de idiomas que existen para incrementar a comunicación intercultural.

CON OUTRAS PALABRAS: ACHÉGATE Á TRADUCIÓN!

Data: O 28 de setembro de 2024

A Biblioteca de Galicia quixo celebrar o Día da tradución con esta actividade que tentou achegar o proceso de tradución á cativada de xeito dinámico e divertido co obxectivo de poñer en valor a diversidade lingüística e o luxo de poder acceder a libros escritos noutros lugares. Durante a actividade, tamén se explorou a combinación de imaxe e palabra a través dos libros ou dos álbums ilustrados.

A LITERATURA FANTÁSTICA TAMÉN SE ESCRIBE EN FEMININO

Data: O 18 de outubro de 2024

Unha conversa fantástica. Alba Rozas (Lalín, 1988) visitou a Biblioteca de Galicia en conmemoración do Día das escritoras, para percorrer os sendeiros da literatura fantástica escrita por mulleres. Foron moitas as autoras que, ao longo da historia, sentiron paixón polo extraordinario. Mundos novos, historias que van máis alá do tanxible, a maxia en simbiose co cotiá. Esta charla, na que Alba estivo acompañada polos técnicos da Biblioteca de Galicia, Noelia Bascuas e Lorenzo Romero, permitiu que os asistentes se achegasen, non só á escrita de Alba, senón tamén á doutras escritoras galegas de literatura fantástica, como Vanesa Santiago ou Lara Dopazo, e a de autoras internacionais consagradas neste xénero, como Shirley Jackson ou Ursula K. Le Guin, que abriron camiño para que a fantasía se escribise tamén en feminino.

AGORA VESME: A MAXIA DO MUNDO MICROSCÓPICO

Data: O 9 de novembro de 2024

A primeira das actividades que se desenvolveron na Biblioteca de Galicia para celebrar o mes da ciencia en 2024 foi este obradoiro no que a rapazada asistente puido atopar a resposta a cuestións como: Cal é o animal máis abundante do océano?, Como sabemos a idade dos peixes?, De que tamaño é unha lura cando nace? Como medran as bacterias?. Co emprego de lupas binoculares propias dun laboratorio, os participantes observaron unha gran variedade de obxectos e individuos que forman parte do traballo de investigación que se leva a cabo no Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC.

O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS: APRENDE XOGANDO!

Data: O 16 de novembro de 2024

No segundo obradoiro do mes da ciencia, de novo impartido polo CSIC, os nenos e nenas participantes descubriron o Seminario de Estudos Galegos dun xeito moi dinámico e entretido a través de diversos xogos e actividades.

QUE É UN SCRIPTORIUM MEDIEVAL? OBRADOIRO DE PALEOGRAFÍA PARA DESCIFRAR ESCRITURAS ANTIGAS

Data: O 23 de novembro de 2024

A paleografía foi a ciencia protagonista no terceiro obradoiro programado pola Biblioteca de Galicia durante o mes da ciencia en galego. Nesta actividade a rapazada descubriu esta rama da Historia dun xeito ameno a partir de mostras de documentación medieval e moderna, tanto pergameos orixinais coma facsímiles (*Tombo A, Cantigas de Santa María* ou pergameos notariais do século XV).

ONDE ESTÁ A MIÑA CUNCA? CONTACONTOS E OBRADOIRO DE CERÁMICA

Data: O 30 de novembro de 2024

O último obradoiro do Mes da Ciencia en Galego posto en marcha pola BdG, en colaboración co CSIC, foi unha actividade participativa con "moito conto". Na primeira parte da actividade, a rapazada realizou un conto con kamishibai, que é unha forma popular de contar historias no Xapón. O conto, elaborado e ilustrado por José Ramón Almeida, narra a historia de Brica, unha rapaza que viviu hai 6.000 anos nunha aldea do Neolítico e que perde a cunca na que come. Na segunda parte púxose en marcha un obradoiro de cerámica no que se explicaron as formas de modelar o barro para facer unha cunca, semellante á descrita no conto.



ALDEA MUSICAL DE NADAL


Data: O 14 de decembro de 2024

O auditorio da Biblioteca de Galicia converteuse nunha pequena aldea con casiñas de madeira que parecen feitas de galletas de xenibre. Nelas habita a veciñanza da Aldea Musical de Nadal, que lles contaron aos nenos e nenas como é a súa vida nun lugar máxico e sorprendente onde sempre é Nadal. O arranxo polifónico das voces, a percusión con elementos pouco convencionais como axóuxeres, campás e un feixe de instrumentos, son as ferramentas que usaron os habitantes da aldea para contarlles ás familias asistentes as historias de panxoliñas universais como *Silent Night*, *Adeste Fideles*, ou *A Belén vinde pastores*, entre outras.

AS AVENTURAS DO APALPADOR OU APAL- PADORA NA LONGA NOITE DE NOITEBOA

Data: O 21 de decembro de 2024

O último dos obradoiros programados pola Biblioteca de Galicia no 2024 estivo dirixido a público infantil. Nesta actividade, os nenos e as nenas descubriron como vive o Apalpador o 24 de decembro. Distribuídos en varios grupos crearon, a través da técnica da colaxe, personaxes e escenografías para reproducir este día tan especial para a cativada. Nesta actividade, a rapaza participante puido divertirse explorando diferentes disciplinas artísticas como as artes plásticas, a literatura e o teatro.



MOSTRAS BIBLIOGRÁFICAS

XESÚS CHICHI CAMPOS: O HUMOR DE TRAZO ELEGANTE

Datas: Dende o 30 de xaneiro ao 12 de maio de 2024

Xesús Campos (Tenerife, 1952-Santiago de Compostela, 1991) foi o creador homenaxeado no 2024 o Día da ilustración que se celebra o 30 de xaneiro. A Biblioteca de Galicia participou nesta celebración cunha mostra bibliográfica que pretendeu dar unha imaxe de conxunto do humor e a visión do mundo dun home polifacético como foi *Chichi* Campos, un dos máis finos debuxantes da súa xeración, ademais de cronista perspicaz da política e da sociedade dos anos da transición en Galicia.

A mostra, que reuniu unha escolma das publicacións nas que colaborou Xesús Campos, parte da *Cova das choias*, a primeira revista de banda deseñada galega, e chegou até os últimos estudos e homenaxes adicados a súa obra. Na súa organización colaborou intensa e desinteresadamente Nico Campos, fillo de *Chichi*.

Dentro do material exposto destacou especialmente a inclusión de documentos orixinais (debuxos, bosquexos e maquetas) rescatados do arquivo da revista *Can sen dono* e que conserva en exclusiva a Biblioteca de Galicia. Este material brinda de primeira man unha ollada peculiar ao proceso de creación e edición nos anos previos á difusión da tecnoloxía dixital no mundo editorial e permite que o público se achegue ao máis xenuíno e orixinal humor de trazo elegante de Xesús *Chichi* Campos.

LUÍSA VILLALTA, A MEMORIA DOS SONS

Datas: Dende o 16 de maio ao 15 de novembro de 2024

A exposición de dedicada á autora homenaxeada o Día das letras galegas 2024 contou con 6 vitrinas e 62 pezas entre fotografías, documentos, CDs de música, libros e publicacións periódicas. Algunhas desas pezas foron reproducións dixitais por ter unhas dimensións moi grandes.

Case todos os documentos que se expuxeron pertencen ao fondo bibliográfico da Biblioteca de Galicia, aínda que tamén se contou con fotografías procedentes do arquivo familiar da propia Luísa Villalta, e outras de fotógrafos profesionais como Manuel G. Vicente, Xoán Piñón e Xurxo Lobato.

A estrutura da exposición atendeu aos seguintes grandes bloques sobre a figura de Luísa Villalta: biografía, activismo, a súa relación coa música, a poesía, o teatro, e a súa produción narrativa e de ensaio.

A autora da imaxe gráfica da mostra foi Tamara Baz. A idea do seu cartel partiu da "mousiké" grega, "a arte das musas" do que provén a palabra música. Un concepto da Grecia antiga que se refería ao compendio entre poesía (a arte da palabra), música (a arte do son) e a "orquestika" (a arte do movemento). Aínda que Luísa Villalta podería representar a "mousiké" en si mesma (de nova foi figurante de ópera), neste caso o "movemento" non é tan literal senón que tentou representar o seu activismo.



VIDA GALLEGA. UNHA VIAXE ILUSTRADA

Datas: Dende o 19 de novembro de 2024 ao 28 de xaneiro de 2025

A finais do ano 2024 a Biblioteca de Galicia puxo en marcha a mostra bibliográfica *Vida gallega. Unha viaxe ilustrada*, unha retrospectiva sobre unha das publicacións máis relevantes da cultura e sociedade galegas do século XX e da que se cumpría cento quince anos da saída do prelo do seu primeiro número.

Con preto de 800 números publicados, *Vida gallega* pode considerarse a revista ilustrada de maior tirada, lonxevidade e influencia social do seu tempo. De carácter rexionalista e conservador e dirixida a un público burgués, converteuse na ventá e vehículo transmisor e impulsor da riquísima actividade social e cultural que xeraba Galicia e que tiña o seu principal mercado nos galegos emigrados ao outro lado do Atlántico.

Aínda que a traxectoria de *Vida gallega* se divide en dúas etapas, 1909-1938 e 1954-1963, débémolle a súa existencia a Jaime Solá. Home polifacético, dedicou toda a súa vida ao mundo das letras e a Galicia a través da súa revista, cuxo primeiro número saíu en 1909 e continuou a súa andadura ata 1938, cando a Guerra Civil interrompeu a súa publicación. Case dúas décadas despois, José Iglesias Presa sería o encargado de recoller a súa testemuña.

Fotografía, ilustración, artigos de todo tipo e unha publicidade do máis expresiva son os catro piares da revista. A través dunha rede de máis de 400 correspondentes entre Galicia e Latinoamérica e grazas ás achegas de grandes artistas como Castelao, Álvaro Cebreiro ou Urbano Lugrís, e ás sinaturas de toda a intelectualidade galega do momento, *Vida gallega* compón un retrato da evolución sociopolítica de Galicia e dos seus veciños, tanto da terra como de ultramar.

A mostra da Biblioteca de Galicia, que puido visitarse ata finais de xaneiro do 2025, permitiu achegarse a algúns dos números e noticias máis significativos desta revista fundamental para a nosa historia. Todos eles pertencen á colección da propia biblioteca, que nos últimos meses do 2024 se viu incrementada polas doazóns de Fernando Herce Meléndrez e da Biblioteca Pública de Sada.

Como complemento das pezas físicas, a exposición contou coa interpretación gráfica que a ilustradora Rosa de Cabanas fixo desta publicación, que posúe múltiples lecturas e que se converteu nun referente para a investigación da sociedade galega.



DO SOÑO Á APOCALIPSE: OS VIEIROS DA LITERATURA FANTÁSTICA EN GALEGO

Datas: Dende o 28 de outubro de 2024 ao 31 de maio de 2025

No último trimestre de 2024 os visitantes da Biblioteca de Galicia puideron achegarse a unha mostra representativa da literatura fantástica en galego. O obxectivo da Biblioteca de Galicia, e dos comisarios desta mostra, Alba Rozas e Lorenzo Romero, foi reivindicar a importancia e desterrar os prexuízos sobre un xénero moitas veces estigmatizado como menor, superficial ou de escasa calidade, asociado decotío a un público infantoxuvenil, como demostra o feito de que a maioría de editoriais galegas careceron de coleccións específicas dedicadas ao xénero fantástico.

Galicia sempre foi un lugar proclive á fantasía. O seu rico acervo de lendas e tradicións de influencia celta e precristiá e mesmo factores climáticos e orográficos (chuvia, néboa, fragas espesas, montañas sombrías...) contribuíron á xestación dunha atmosfera adecuada para poboa a súa mitoloxía de seres fantásticos e transmitila principalmente de modo oral, arredor da lareira. A literatura fantástica en galego ten a súa orixe nesta tradición popular que enraiza na mitoloxía e no folclore propios, como se reflicte na primeira sección das catro nas que se estruturou esta exposición.

As seccións restantes centráronse nos tres grandes subxéneros da literatura fantástica: a fantasía, a ciencia ficción e o terror sobrenatural. En cada unha delas expuxéronse obras fundamentais de cada subxénero que están traducidas ao galego (autores hoxe canónicos coma J. R. R. Tolkien, Robert E. Howard ou Ursula K. Le Guin no eido da fantasía; Mary Shelley, H. G. Wells ou Philip K. Dick no da ciencia ficción; Shirley Jackson, Edgar Allan Poe ou H. P. Lovecraft no do terror) e obras de creadores galegos escritas orixinariamente no noso idioma.

A relación de autores galegos escollidos para representar a viva presenza do fantástico nas nosas letras foi dende principios do século pasado (Vicente Risco cunha obra de 1919, *Do caso que ll'aconteceu ó doutor Alveiros*) ata á actualidade. Ademais do propio Risco, estiveron representados autores como Dieste, Castelao, Cunqueiro, Ánxel Fole ou Méndez Ferrín; pasando por creadores que continuaron ese legado e foron abrindo novos vieiros finalizada a ditadura, como Darío Xohán Cabana, Agustín Fernández Paz, Xosé Fernández Ferreiro, Ramón Caride, Manuel Lourenzo González, Manuel Rivas ou Suso de Toro. As novas xeracións de autores e autoras do xénero fantástico en galego, como Tomás González Ahola, Fernando M. Cimadevila, Jorge Emilio Bóveda, Roberto A. Rodrigues, Vanesa Santiago, Fabián Plaza, Lara Dopazo, Jacobo Sánchez-Feijóo, María Reimóndez ou Alba Rozas Arceo, entre outros, tamén estiveron presentes nesta exposición, sen esquecer as tres editoras fundamentais no eido desta literatura: Urco, Contos Estraños e Boadicea.

Cada unha destas catro seccións dividiuse á súa vez en tres subseccións que poñían o foco nun aspecto concreto do subxénero que se ía tratar, compoñendo un total de doce vitrinas, cada unha delas acompañada por unha ilustración de Iago Torres París.

En total mostráronse máis de 100 pezas bibliográficas custodiadas na Biblioteca de Galicia, ademais doutros documentos como gravados, manuscritos e outros materiais achegados por algúns dos autores expostos.



XORNADAS TÉCNICAS


TRANSFORMANDO A MÚSICA EN PATRIMONIO

Data: O 31 de maio de 2024

Como cada ano, a institución cabeceira do Sistema de Bibliotecas da nosa comunidade autónoma organizou un novo encontro para analizar e debater algún dos temas transversais vencellados ás institucións da memoria de Galicia. Nesta ocasión, a xornada centrouse no patrimonio sonoro. Os documentos sonoros e audiovisuais tamén forman parte do acervo cultural dun pobo, e como tales deben preservarse e difundirse.

O obxectivo foi que os asistentes coñecesen, non só como se está a traballar sobre o patrimonio sonoro en institucións como a Biblioteca Nacional de España ou a Biblioteca de Catalunya, senón tamén achegarse ao labor que están a desenvolver institucións como o Arquivo Sonoro de Galicia, dependente do Consello da Cultura Galega, ou o Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade, posto en marcha polo Museo do Pobo Galego, para conservar a herdanza sonora de todas as galegas e galegos. Nesta nova xornada técnica do 2024 non se quixo deixar de lado a investigación que se realiza, fundamentalmente desde as universidades, para coñecer o patrimonio sonoro galego, tanto material como inmaterial.





05/



ARQUIVO DE GALICIA

O Arquivo de Galicia custodia os documentos producidos pola Xunta de Galicia e os órganos e entidades dela dependentes desde a súa creación (1982), así como outros de calquera procedencia que, polo seu ámbito e interese, formen parte do patrimonio documental da Comunidade. Xoga un papel fundamental na xestión documental da nosa Administración e na preservación e difusión da memoria documental de Galicia.

O patrimonio documental é unha parte fundamental da memoria colectiva da sociedade. Os documentos que o integran ofrecen información e coñecemento, e son garantía de dereitos cidadáns e da transparencia na xestión das institucións. Por iso debemos velar pola súa conservación e por garantir o acceso a todas as persoas.




NOVOS INGRESOS DOCUMENTAIS

A transferencia constitúe a forma máis habitual de ingreso de fondos nos arquivos. É un procedemento administrativo polo que se traspasan os documentos e as responsabilidades relativas á súa custodia, conservación e acceso desde as oficinas produtoras ao arquivo ou desde un tipo de arquivo a outro. No ano 2024 o Arquivo de Galicia recibiu un total de 17 transferencias, segundo se relaciona na seguinte táboa:



NÚM. TRANSFERENCIA	DATA	PRODUTOR	VOLUME	ÁREA FUNCIONAL	DATAS EXTREMAS	OBSERVACIÓNS
TR2024001	19/02/2024	Hospital Psiquiátrico de Conxo	386 u.i.	Sanidade	1885-2020	Son de especial interese as historias clínicas, aínda que foron transferidas tamén outras series documentais relacionadas coa xestión do centro
TR2024002	08/03/2024	Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual / Secretaría Xeral de Comunicación	156 u.i.	Alta Dirección	1996-2008	Basicamente son expedientes de axudas, tanto á produción e exhibición da produción audiovisual como no ámbito das comunicacións (fomento de internet ou de instalación de equipamentos de emerxencias)
TR2024003	11/03/2024	Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información	94 u.i.	Industria, Innovación e Promoción Económica	2008-2013	Son expedientes de subvencións a concellos para mellorar a súa conectividade
TR2024004	01/04/2024	Dirección Xeral de Industria	8 u.i.	Industria, Innovación e Promoción Económica	1992-2015	Fundamentalmente, trátase de documentos relacionados coa exploración, investigación e prospección de hidrocarburos
TR2024005	06/05/2024	Rexistro da propiedade intelectual de Galicia	139 u.i.	Cultura	2018	É un instrumento oficial que ten como finalidade a protección xurídica e o recoñecemento da titularidade dos dereitos de propiedade intelectual sobre creacións orixinais literarias, artísticas, científicas, sobre calqueira actuación ou produción que apareza contemplada na Lei de Propiedade Intelectual.
TR2024006	16/05/2024	Servizo de programación (de extinción de incendios)	13 u.i.	Medio Rural	2005-2018	Son expedientes de contratación de servizos e subministración
TR2024007	27/06/2024	Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información	75 u.i.	Industria, Innovación e Promoción Económica	2009-2014	Son expedientes de subvencións a concellos para mellorar a súa conectividade
TR2024008	23/07/2024	Servizo de Arquitectura e Etnografía	174 u.i.	Cultura	2002-2016	Son tanto expedientes de contratación de obras como expedientes de autorización para intervencións nos bens integrantes do patrimonio cultural
TR2024009	23/07/2024	Subdirección Xeral de Centros	98 u.i.	Educación e Investigación	2012-2023	Son rexistros de títulos de ensino medio
TR2024010	05/09/2024	Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade	66 u.i.	Medio Ambiente	2006-2016	Son expedientes relacionados coa xestión económica da unidade
TR2024011	06/09/2024	Subdirección Xeral de Obras Hidráulicas	44 u.i.	Medio Ambiente		Destacan os estudos, plans e proxectos relacionados tanto coa xestión das cuncas fluviais como do litoral galego
TR2024012	12/09/2024	Servizo de xestión forestal	120 u.i.	Medio Rural	2010-2015	Son expedientes relacionados coa xestión económica da unidade
TR2024013	16/09/2024	Servizo de programación (de extinción de incendios)	13 u.i.	Medio Rural	2016-2023	Son expedientes de contratación de servizos e subministración
TR2024014	08/10/2024	Servizo de arqueoloxía	24 u.i.	Cultura	1980-2023	Destacan os expedientes de autorización de actividades arqueolóxicas
TR2024015	13/12/2024	Escola de Artes e Oficios Mestre Mateo de Santiago	171 u.i.	Educación e Investigación	/1792/1845-2003	Son maioritariamente expedientes de matriculación do alumnado e outros documentos relacionados coa administración do centro. Resultan de especial interese as láminas utilizadas para a docencia do debuxo e a pintura, así como algúns exercicios orixinais do alumnado.
TR2024016	16/12/2024	Servizo de relacións laborais	78 u.i.	Traballo	1983-1988	Expedientes de regulación de emprego
TR2024017	18/12/2024	Servizo de Persoal/ Recursos humanos da Consellería da Presidencia	701 u.i.	Administracións públicas	1983-2024	Son fundamentalmente expedientes de xubilación de persoal funcionario e laboral

OCUPACIÓN DOS DEPÓSITOS DO ARQUIVO DE GALICIA



CLASIFICACIÓN DOS FONDOS DO ARQUIVO DE GALICIA A 31 DE DECEMBRO DE 2024

	U.I	METROS	DATAS EXTREMAS
1.4. ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA DE GALICIA			
1.4.1. ÁMBITO GALEGO			
XUNTA DE GALICIA			
. Alta Dirección da Comunidade Autónoma	6.325	727,38	1978/2012
. Administracións Públicas	7.421	853,42	1950/2024
. Política Económica e Facenda	7.526	865,49	1978/2015
. Comercio e Consumo	4.175	480,12	1975/2014
. Cultura	26.664	3066,36	1942/2023
. Deporte	5.093	585,69	1979/2017
. Educación e Investigación	19.247	2213,41	1845/2023
. Industria, Innovación e Promoción Económica	22.898	2633,27	1926/2019
. Medio Ambiente	12.223	1405,65	1857/2020
. Medio Mariño	6.510	748,65	1925/2017
. Medio Rural	18.544	2132,56	1950/2023
. Política Lingüística	2.441	280,72	1980/2008
. Política Territorial	14.362	1651,62	1843/2023
. Sanidade	6.045	695,18	1885/2020
. Seguridade e Interior	288	33,12	1979/1993
. Servizos Sociais	12.716	1462,34	1968/2017
. Traballo	8.717	1002,46	1945/2016
. Turismo	4.778	549,47	1939/2015
Subtotal Administración Autónoma de Galicia	185.973	21.386,91	
1.6. INSTITUCIÓNS DO MOVEMENTO NACIONAL			
. Consello Económico Sindical Interprovincial do Noroeste de España	3	0,34	1963 e 1969
1.7. ADMINISTRACIÓN CORPORATIVA			
1.7.2. Cámaras da propiedade urbana			
. Santiago de Compostela	141	16,20	1927-2000
Subtotal fondos públicos	186.117	21.403,45	

	U.I	METROS	DATAS EXTREMAS
2. FONDOS PRIVADOS			
2.1. PERSOAS E FAMILIAS			
2.1.1. PERSOAS			
. Clemente González Peón	165	18,9	1901/2003
. Germán Lago Durán	3	0,35	S.XX
. Olga Gallego Domínguez	49	5,6	1941/2010
. Luz Pozo Garza	29	3,33	S.XX-XXI
. María Moreira	26	3	S.XX
2.1.2. FAMILIAS			
. Familia Cervela Lira (Pazo de Valiñas)	13	1,5	1539/1949
. Familia Freire	5	0,5	1598/1875
. Familia González Regueral y Losada	8	1	1539/ 1949
. Familia Pita da Veiga	5	0,5	1428/1847
. Familia Vilariño Pintos	19	2,1	1404/1982
. Pazo de Golmar ou de Pardiñas / Casa de Noceda	12	1,28	S.XVI-XX
. Turismo	4.778	549,47	1939/2015
Subtotal Administración Autonómica de Galicia	185.973	21.386,91	
2.2. ASOCIACIÓNS E FUNDACIÓNS			
. Asociación Galega de Compositores	7	0,8	1950/2000
. Asociación O Penedo. Fogar Galego	9	1	1983/2009
. Fundación Ventura Figueroa	502	57,7	1786-1980
. Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago de Compostela	186	21,39	1784/1986
. Sociedade de Instrución, Recreo, Beneficencia e Asistencia Médica Colectiva Casa de Galicia de Montevideo	177	7,3	1917-2021
2.3. EMPRESAS			
. Banco Gallego	168	19,5	1845/1900
. Casa de Banca e Comercio Bengoechea	405	46,5	1494/1952
. Casa Mar	265	30,4	1939/1994
. Fábrica de conservas Massó Hermanos S.A. (Avilés)	147	16,9	1931/1990
. Fotografía Aérea y Terrestre, S.L. (FOAT)	1.134 negativos		1961/1992
Subtotal fondos privados	2.200	239,55	
3. COLECCIÓNS	UNIDADES DOCUMENTAIS		
. Colección de documentos en pergamino	3		1346-1434
. Colección cartográfica	2		S. XVII
. Colección fotográfica	50.000 fotografías		1926-2005
TOTAIS	185.957 u.i	21.371,53	



A AVALIACIÓN DOCUMENTAL

O Consello de Avaliación Documental de Galicia é o órgano colexiado consultivo e de asesoramento da Administración autonómica de Galicia para o estudo e ditame sobre cuestións relativas á cualificación e utilización dos documentos producidos polas administracións no ámbito do Sistema de Arquivos de Galicia. Isto significa avalialos desde o punto de vista administrativo, xurídico, informativo e histórico para determinar os que deben ser conservados e os que poden ser eliminados, así como o seu réxime de acceso.

Correspóndelle ao Arquivo de Galicia, segundo establece o seu decreto de creación, programar, coordinar e dirixir a identificación, valoración e selección documental de todos os arquivos do subsistema de arquivos da Xunta de Galicia. O arquivo forma parte, ademais, do Consello de Avaliación Documental de Galicia.

No ano 2024 aprobáronse once estudos de serie (sete deles elaborados no Arquivo de Galicia) e 36 propostas de eliminación documental (unha delas do Arquivo de Galicia)

TÁBOA DE ESTUDOS DE SERIE APROBADOS POLO
CONSELLO DE AVALIACIÓN DOCUMENTAL DE GALICIA NO 2024

DATA DA REUNIÓN	ADMINISTRACIÓN PROPOÑENTE	COD. SERIE	DENOMINACIÓN	DATA DE PUBLICACIÓN NO DOG	NÚMERO TÁBOA
19/03/2024	Administración autonómica	AA5260	Expedientes de revisión de autorización ambiental integrada	DOG núm. 80 do 23 de abril de 2024	T0116
19/03/2024	Administración autonómica	AA215	Expedientes de autorización ambiental integrada	DOG núm. 80 do 23 de abril de 2024	T0118
19/03/2024	Administración autonómica	AA5259	Expedientes de seguimento de autorización ambiental integrada	DOG núm. 80 do 23 de abril de 2024	T0117
05/07/2024	Administración autonómica	AA6613	Expedientes de avaliación das bolsas e axudas do Ministerio de Educación ao estudo nos niveis non universitarios	DOG núm. 154 do 9 de agosto de 2024	T0119
05/07/2024	Administración autonómica	AA6274	Acceso, admisión e matrícula de alumnado en centros educativos sostidos con fondos públicos	DOG núm. 154 do 9 de agosto de 2024	T0120
05/07/2024	Administración autonómica	AA6310	Rexistros de entrada e saída de documentos	DOG núm. 154 do 9 de agosto de 2024	T0121
28/11/2024	Administración autonómica	AA 1114	Expedientes de avaliación ambiental de plans e programas	DOG núm. 3 do 20 de decembro de 2024	T0122
28/11/2024	Administración autonómica	AA0214	Expedientes de avaliación ambiental de proxectos	DOG núm. 3 do 20 de decembro de 2024	T0123
28/11/2024	Administración autonómica	AA6309	Autorizacións para participar/inhibirse nas actividades e/ou servizos escolares complementarios ofertados polos centros educativos de réxime xeral ou especial que presten servizo público	DOG núm. 3 do 20 de decembro de 2024	T0124
28/11/2024	Administración autonómica	AA2458	Expedientes de axudas individuais non periódicas para persoas ou grupos familiares que se encontren en situación de emerxencia social	DOG núm. 3 do 20 de decembro de 2024	T0125
28/11/2024	Administración autonómica	AA0635	Expedientes de xestión do Imposto de transmisións patrimoniais de determinados medios de transporte usados entre particulares	DOG núm. 3 do 20 de decembro de 2024	T017 Revisión da táboa aprobada na sesión do 12 de decembro de 2018 e publicada no DOG núm. 97, do 23 de maio de 2019



TÁBOA DE PROPOSTAS DE ELIMINACIÓN APROBADAS POLO CONSELLO DE AVALIACIÓN DOCUMENTAL DE GALICIA NO 2024

DATA DA REUNIÓN	ADMINISTRACIÓN PROPOÑENTE	COD. SERIE	DENOMINACIÓN	NÚM. TÁBOA	DATAS EXTREMAS	VOLUME PARA ELIMINAR
19/03/2024	Deputación de Pontevedra	AL193	Expedientes de contratación de obras	T0093	1955-2015	356 u.i + 150 atados
19/03/2024	Deputación de Pontevedra	AL195	Expedientes de contratación de subministracións	T0095	1955-2015	219 u.i + 55 atados
19/03/2024	Consellería de Sanidade. Xefatura territorial de Ourense	AA0059	Expedientes de permisos, licenzas, vacacións e xustificacións horarias dos empregados públicos	T0077	1995-2016	63 u.i.
19/03/2024	Consellería de Sanidade. Xefatura territorial de Ourense	AA0058	Rexistro de control horario dos funcionarios públicos	T0076	1995-2016	72 u.i.
19/03/2024	Universidade de Santiago de Compostela	U003	Expedientes de bolsas de carácter xeral do ministerio	T0032	2005-2017	184 u.i.
19/03/2024	Universidade de Santiago de Compostela	U016	Expedientes de axudas e subvencións para o pagamento dos prezos públicos	T0111	1994-2015	264 u.i.
19/03/2024	Universidade de Santiago de Compostela	U014	Expedientes de retribucións do persoal	T0109	1972-1988	278 u.i.
19/03/2024	Universidade de Santiago de Compostela	U017	Expedientes de bolsas de carácter xeral do Goberno Vasco	T0112	1999-2015	8 u.i.
19/03/2024	Universidade de Santiago de Compostela	U015	Expedientes de subvención de prezos públicos no terceiro ciclo	T0110	1994-2006	14 u.i.
19/03/2024	Universidade de Santiago de Compostela	U010	Expedientes de prazas de aloxamento en residencias universitarias públicas	T059	2016-2017	20 u.i.
19/03/2024	Universidade de Santiago de Compostela	U018	Expedientes de bolsas de colaboración do Ministerio	T0113	2003-2015	40 u.i.
19/03/2024	Universidade de Santiago de Compostela	U001	Expedientes de xestión do gasto e do pagamento	T0030	2008-2019	508 u.i.
19/03/2024	Consellería de Economía, Industria e Innovación	AA0140	Expedientes contables de gasto	T0101	2006-2015	471 u.i..
19/03/2024	Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. Dirección Xeral de Xustiza.	AA5063	Expedientes de asistencia xurídica gratuíta.	T0047	2010-2013	361 u. i.
19/03/2024	Consellería de Medio Rural. Xefatura Territorial de Pontevedra.	AA1306	Documentos de identificación bovina	T0043	2020	84 u.i.
19/03/2024	Instituto Galego do Consumo e da Competencia. IGCC	AA5129	Expedientes de reclamacións en materia de consumo	T0061	2006-2008	268 u.i.
19/03/2024	Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Dirección Xeral de Relacións Laborais.	AA2739	Expedientes de conciliación previa á xurisdición laboral	T0086	1998-2013	571 u.i.
19/03/2024	Arquivo de Galicia	AA5063	Expedientes de asistencia xurídica gratuíta	T0047	2010-2012	183 u.i.
19/03/2024	Arquivo Histórico Provincial de Lugo	AA5706	Guías de orixe e sanidade pecuaria	T0078	1995- 2007	94 u.i.

DATA DA REUNIÓN	ADMINISTRACIÓN PROPOÑENTE	COD. SERIE	DENOMINACIÓN	NÚM. TÁBOA	DATAS EXTREMAS	VOLUME PARA ELIMINAR
05/07/2024	Arquivo do Reino de Galicia	AA 712	Expedientes de xestión de prestacións da lei de integración social de minusválidos (LISMI)	T0054.	1992.2002	37 u.i.
05/07/2024	Arquivo do Reino de Galicia	AA05711	Expedientes de axudas ao fomento da estabilidade laboral	T0087	1999-2002	616 u.i.
05/07/2024	Dirección Territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Arquivo Territorial de Pontevedra	AA635	Expedientes de xestión do imposto de transmisións patrimoniais de determinados medios de transporte usados entre particulares	T0017	1987-2013	1299 u.i.
05/07/2024	Arquivo Municipal de Baiona	AL548	Expedientes do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (plusvalías)	T007	1938-2014	152 u. i.
05/07/2024	Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional	AA0268	Expedientes de concursos de traslados do persoal docente de ensino medio	T0014	2018	73 u.i.
28/11/2024	Arquivo da Deputación da Coruña	AL545	Expedientes do imposto sobre circulación de vehículos	T0024	1993-2009	621 u.i.
28/11/2024	Arquivo da Deputación da Coruña	AL941	Expedientes de multas en materia de tráfico	T0104	2010-2018	311u.i.
28/11/2024	Arquivo da Deputación da Coruña	AL548	Expedientes do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana	T0007	2002-2011	948 u.i.
28/11/2024	Arquivo da Deputación da Coruña	AL594	Padróns do imposto sobre circulación de vehículos	T0023	1993-2008	97 u.i.
28/11/2024	Arquivo do Reino de Galicia	AA5711	Expedientes de axudas ao fomento da estabilidade laboral	T0087	1990-1998	659 u. i.
28/11/2024	Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela	U001	Expedientes de xestión do gasto e do pagamento	T030	1995-2021	486 u.i.
28/11/2024	Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela	U003	Expedientes de bolsas de carácter xeral do ministerio	T032	2017-2019	127 u.i.
28/11/2024	Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela	U010	Expedientes de prazas de aloxamento en residencias universitarias públicas	T0059	2017-2019	43 u.i.
28/11/2024	Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela	U014	Expedientes de retribucións do persoal	T0109	1973-2015	769 u.i.
28/11/2024	Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela	U016	Expedientes de axudas e subvencións para o pagamento dos prezos públicos	T0111	2015-2016	3 u.i.
28/11/2024	Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela	U017	Expedientes de bolsas de carácter xeral do Goberno vasco	T0112	1993-2019	8 u.i.
28/11/2024	Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela	U018	Expedientes de bolsas de colaboración do ministerio	T0113	1993-2019	12 u.i

A aplicación dos ditames aprobados polo Consello de Avaliación Documental de Galicia permitiulle ao Arquivo de Galicia a eliminación de 183 u.i. (expedientes de asistencia xurídica gratuita) que representan un 0,09 % do volume total dos seus fondos (esta medida xunto a unha pequena adaptación do espazo fixo posible un pequeno aumento da capacidade de almacenamento).

A DESCRICIÓN DOCUMENTAL

Para xestionar a información que custodia, o Arquivo conta con dúas aplicacións: ARQA e Galiciana Arquivo Dixital de Galicia.

A primeira delas emprégase para a xestión (de espazos, de ingresos e de usuarios). A segunda está fundamentalmente destinada á difusión.

Durante o ano 2024 foron introducidos un total de 29.192 rexistros descritivos na aplicación ARQA (corresponden ás transferencias recibidas durante o ano que antes sinalamos).

Galiciana Arquivo Dixital de Galicia é unha plataforma que permite a consultar a través dun punto único tanto de documentos que teñan obxectos dixitais asociados como aqueles non dixitalizados de arquivos como o Arquivo de Galicia, os arquivos históricos xestionados pola Xunta de Galicia (Arquivo do Reino de Galicia, e Arquivos Históricos Provinciais de Lugo e Ourense), os de administracións locais de centros docentes (universidades e centros de ensino medio fundamentalmente), de institucións e organismos cultural e sindical, de interese para Galicia (Arquivo da Real Academia Galega, Arquivo da Fundación Penzol e da Fundación Luís Tilve) e de institución eclesiásticas. Está coordinada polo Arquivo de Galicia.

Actualmente, conta con máis de millón e medio de rexistros (1.673.014 a finais de decembro), que lles permiten aos cidadáns coñecer a localización, contexto e datos básicos dos documentos que describen. Son documentos de carácter textual, cartográfico ou audiovisual que cobren un amplo período cronolóxico (dende a Alta Idade Media ata o século actual), e teñen un gran valor para a historia, o patrimonio e a cultura de Galicia.

Durante o ano 2025 engadíronse 222.162 novos rexistros. Deles 9.347 corresponden á descrición das fichas do inventario de xacementos arqueolóxicos da provincia de Ourense e da provincia de Lugo realizadas no Arquivo de Galicia.

Pero, sen ningunha dúbida, o maior fito experimentado foi a migración de 141.071 rexistros e 2.772.475 imaxes do Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela, que foi integrado este ano na plataforma.



A DIXITALIZACIÓN


Polo que respecta aos arquivos xestionados pola Xunta de Galicia, desde 2021 estase a desenvolver o proxecto denominado Memoria e Concordia coa finalidade de identificar, describir, e dixitalizar documentos custodiados nos arquivos de xestión autonómica (Arquivo do Reino de Galicia e arquivos histórico provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra) relacionados cos episodios históricos do Golpe de Estado, Guerra civil española e Ditadura franquista ata a Constitución de 1978 e poñelos á disposición das persoas interesadas a través de Galiciana Arquivo Dixital de Galicia.

Dixitalizáronse documentos das Institucións do Movemento Nacional instauradas a partir do alzamento militar de 1936, tribunais de responsabilidades políticas, prisións provinciais, gobernos civís e fondos privados de persoas e familias, empresas, asociacións e fundacións.

En 2024 incorpóranse 288.584 novas imaxes correspondentes a 6.746 documentos segundo se detalla a continuación:

ARQUIVO	Nº DE DOCUMENTOS	Nº DE IMAXES
Arquivo do Reino de Galicia	4.349	77.626
Arquivo Histórico Provincial de Lugo	281	66.929
Arquivo Histórico Provincial de Ourense	1.514	66.776
Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra	602	77.253
TOTAL	6.746	288.584

Para favorecer a difusión do proxecto e a consulta dos documentos existe na plataforma un micrositio denominado Memoria e Concordia que será a base dun novo proxecto baseado na web semántica para proporcionar información do seu contexto.



Polo que respecta a actividade propia do Arquivo de Galicia temos que sinalar a continuidade do plan de dixitalización de documentos relacionados coa xestión do patrimonio cultural de Galicia que se está desenvolvendo nos últimos anos. En 2024 iniciouse a dixitalización do inventario de xacementos arqueolóxicos de Galicia. Como resultado foron incorporadas 45.915 imaxes correspondentes a 4.331 fichas das provincias de Ourense (na súa totalidade) e Lugo (en concreto as dos concellos de Abadín, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Castrovende, Cervantes, Cervo, Chantada, O Corgo, Cospeito, Folgoso do Courel e Láncara).



SERVIZO ÁS PERSOAS USUARIAS

A principal función do Arquivo é facilitar o acceso aos documentos e á información que custodia.

DURANTE 2024 O ARQUIVO DE GALICIA:

Realizou 85 préstamos administrativos e 1 préstamo para unha exposición.


Trátase dun plano de 1911 pertencente a un proxecto de aproveitamento das augas do río Lérez, no sitio denominado “As Aceñas” para abastecemento de auga á cidade de Pontevedra que foi exhibido na exposición *Pontevedra no Tempo*, organizada por Afundación (Obra social A Caixa) e Fundación Cidade da Cultura de Galicia (do 26 de xuño ao 14 de setembro de 2024).

- Atendeu 2.678 consultas en sala e 741 por correspondencia.
- Realizou 545 copias, 3 certificacións e autorizou a reprodución de 23 documentos.

Polo que respecta aos datos de acceso a Galiciana podemos resumilos no seguinte cadro:

Nº DE VISITAS	155.155
Nº DE CONSULTAS	639.217
Nº DE IMAXES VISUALIZADAS	3.796.790
Nº DE OBOECTOS MULTIMEDIA DESCARGADOS	29.336

VISITAS POR MES





CURSOS E PRÁCTICAS TUTELADAS

O Arquivo impartiu dous cursos de formación na Escola Galega de Administración Pública (EGAP), un de dixitalización e outro sobre a xestión documental na Xunta de Galicia.

Ademais, o centro tutelou a formación práctica en materia de arquivos dunha persoa beneficiaria das bolsas de formación en materia de arquivos, convocadas pola Orde do 27 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras de bolsas de formación en materia de arquivos e se convocan as correspondentes ao programa 2024 (desde o 1 de xullo) e dunha alumna do Grao en Historia da Universidade de Santiago de Compostela (desde o 30 de xaneiro ao 29 de febreiro).



PROGRAMA DE VISITAS

O Arquivo recibiu a visita de 11 grupos cun total de 185 asistentes

FILLAS DE GALICIA. MULLERES NA EMIGRACIÓN

A recepción no ano 2023 do fondo documental da Sociedade de Instrución, Recreo, Beneficencia e Asistencia Médica Colectiva Casa de Galicia de Montevideo foi o detonante da preparación dunha mostra para dar a coñecer a incorporación ao centro deste fondo e difundir as posibilidades que ofrece para as investigacións relacionadas cos movementos migratorios e cos estudos de xénero.


Exhibíronse, maioritariamente, documentos de dúas asociacións nadas para seren punto de encontro dos galegos fóra da súa terra: unha en Uruguai (A Casa de Galicia de Montevideo); a outra en Barcelona (Asociación "O Penedo" Fogar Galego). Xunto a eles mostráronse tamén historias clínicas do Hospital Psiquiátrico de Conxo e diferentes testemuños das relacións coas comunidades galegas realizadas pola Administración autonómica desde os primeiros momentos da súa creación.

Tempos e espazos diferentes cun denominador común, a desigual participación de homes e mulleres nas asociacións de emigrantes, serviron para analizar unha realidade na que existiron, con todo, luces e sombras.

MENTES NO LABIRINTO. SAÚDE MENTAL, CULTURA E INCLUSIÓN


A colaboración do Arquivo de Galicia co equipo de Psiquiatría do Hospital Piñor, do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO), permitiu crear un discurso expositivo que combinou unha aproximación puramente documental con outra na que se amosaron os achados de prácticas clínicas na que a arte xoga un importante papel cara a inclusión social. A mostra fixo un percorrido pola historia da enfermidade mental en Galicia desde o século XIX ata a actualidade a través das actividades realizadas en tres institucións especializadas: os hospitais psiquiátricos de Conxo (Santiago de Compostela), Toén (Ourense) e Piñor (Ourense), poñendo o foco no cambio de paradigma que a "arte-terapia" supón como ferramenta socio-terapéutica para recuperar a capacidade de desenvolvemento persoal e social das persoas e, en definitiva, para dignificar as súas vidas e mellorar o seu benestar e a súa saúde.

É posible, ademais, visitar cada unha das mencionadas exposicións a través da súa publicación virtual na páxina web do Arquivo de Galicia.



PUBLICACIÓNS

A publicación do catálogo da exposición *Mentes no Labirinto. Saúde mental, Cultura e Inclusión* afondou no relato mediante a inclusión de dous artigos que entrelazan os fíos do pasado e do presente, da cultura e da ciencia, dos arquivos e da sociedade, a cargo dos profesionais de Psiquiatría do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, colaboradores no proxecto.





XORNADAS

Con motivo da celebración dos actos da Semana de Administración Aberta, unha iniciativa impulsada a escala mundial pola Alianza para o Goberno Aberto, o día 10 de xuño organizouse unha nova xornada de divulgación, presidida polo director xeral de Cultura á que asistiu o alumnado do grao de Xestión Cultural da Universidade de Santiago de Compostela, no campus de Lugo.



REDES SOCIAIS E PORTAL WEB

O Arquivo continuou durante este ano a súa actividade nas redes sociais, especialmente na páxina de Facebook, onde se realizaron 145 publicacións cun alcance de 135.089 visitas e un número de 9.473 usuarios.





A large audience is seated in a theater, facing a stage. The stage is illuminated with blue light and features large, glowing geometric patterns. The audience is diverse in age and is seated in rows of blue seats.

06/

EVENTOS

En 2024, a Cidade da Cultura de Galicia acolheu un total de 689 eventos organizados por empresas, organizacións sociais e institucións nos diferentes espazos do Gaiás. O ano péchase cunha cifra de asistentes de 71.724 persoas no conxunto destes congresos, xuntanzas, foros, presentacións de produto, feiras ou actos con medios de comunicación realizados no Gaiás.

EVENTOS ORGANIZADOS POR INSTITUCIÓN, EMPRESAS E COLECTIVOS SOCIAIS




Salienta un ano máis, a capacidade das instalación do Gaiás para acoller eventos con necesidades loxísticas moi específicas, de distintos colectivos sociais ou converterse novamente en centro de vacinación.

A tipoloxía de eventos externos que acolleu o Gaiás no 2024 foi moi variada, incluíndo congresos, festivais, encontros, eventos musicais, rodaxes, actos con medios de comunicación, foros, xuntanzas de empresa... Pode consultarse na seguinte páxina unha escolma destes casi 700 eventos acollidos ao longo do ano.

En canto ás entidades solicitantes, podemos atopar desde institucións -dependentes ou non do Goberno galego-, ata entidades públicas e asociacións ou colectivos sen ánimo de lucro, así como empresas do sector privado.

EVENTOS TOTAIS 2024

ANO	NÚMERO EVENTOS	NÚMERO ASISTENTES
2023	722	62.000
2024	698	71.724



EVENTOS



ASISTENTES





MEDALLAS DE GALICIA

Datas: O 24 de xullo de 2024

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar -1

Organiza: Xunta de Galicia

O 24 de xullo o Museo Centro Gaiás acolleu o acto de entrega das Medallas de Galicia 2024. A Medalla de Galicia é a máxima distinción de honra que concede a Xunta a persoas ou institucións que polos seus méritos ao servizo de Galicia en calquera aspecto da súa realidade social, cultural ou económica, sexan dignas de obter o recoñecemento do pobo galego. Nesta edición, recoñeceuse coa Medalla de Ouro a tres nomes destacados da música galega: Luís Tosar, Zaza Ceballos e a Academia Galega do Audiovisual.

FP INNOVA 2024

Datas: Do 24 ao 26 de abril de 2024

Espazo: Museo Centro Gaiás

Organiza: Xunta de Galicia

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades organizou FP Innova Galicia 2024, Congreso de Innovación na Formación Profesional, que tivo lugar entre os días 24 ao 26 de abril no Museo Centro Gaiás.

Foi xa a sexta edición dun evento que se constitúe como referente na difusión da innovación didáctica e tecnolóxica, da transferencia de coñecemento e da capacidade de emprender na que está inmersa a Formación Profesional de Galicia.

O congreso contou cunha zona expositiva de 4.100 m², distribuída nos andares -1 e 0 do Museo Centro Gaiás, na que as persoas asistentes puideron coñecer:

- A investigación e a innovación que os centros de formación profesional de Galicia están a desenvolver en colaboración con empresas e institucións, a través da visualización en directo dos 35 proxectos de innovación que se presentaron e que abranguían as tecnoloxías máis punteiras do mercado.
- A innovación ligada ao emprendemento.
- Nesta edición, as persoas participantes puideron descubrir os proxectos que se están a realizar en ámbitos punteiros como o da intelixencia artificial ou e a innovación no ámbito da ecoloxía e a sustentabilidade.



INNOVART 2024

Datas: O 18 e 19 de abril de 2024

Espazo: Museo Centro Gaiás

Organiza: Xunta de Galicia

InnovArt 2024 foi un evento que aglutinou a oferta das ensinanzas artísticas, de idiomas e deportivas que se imparten en Galicia nun encontro e espazo expositivo e demostrativo. O evento supón unha excelente ocasión para coñecer o potencial destas ensinanzas, a través de material expositivo e de actividades interactivas de arte dramática, artes plásticas e deseño, conservación e restauración de bens culturais, danza, ensinanzas deportivas, idiomas e música. O programa incluíu tamén concertos, conferencias e espectáculos escénicos. O acceso ao evento foi gratuito tanto para o alumnado e persoal dos centros de ensino como para o público en xeral.

CARREIRA DE OBSTÁCULOS GLADIATOR RACE

Datas: O 14 de setembro de 2024

Espazo: Espazos exteriores

Organiza: Gladiator Race

Colabora: Xunta de Galicia

A carreira de obstáculos Gladiator Race desenvolveuse no 2024 na contorna do Monte Gaiás o 14 de setembro, cun percorrido de máis de 6 quilómetros, 30 obstáculos e grande éxito de participación. Trátase dunha proba que conta cunha gran versatilidade e que está orientada tanto aos deportistas de alto nivel como os de perfil máis popular. Esta xornada deportiva incluíu tamén a Gladiator Kids, onde os máis pequenos de entre 3 e 16 anos percorreron unha menor distancia con menos obstáculos acompañados dos seus pais e nais.



CONGRESO DA UNIÃO EUROPEA DE CICLISMORACE

Datas: O 17 de marzo de 2024

Espazos: Museo, Andar -1

Organiza: Club Ciclistas Rías Baixas

A Cidade da Cultura acolleu entre o 15 e o 17 de marzo este evento ao que acudiron arredor de 200 participantes procedentes das máis de 50 federacións integradas na Unión Europea de Ciclismo. O seu fin é contribuír a promocionar internacionalmente os valores naturais, culturais, deportivos e turísticos da nosa comunidade. Tamén permitiu coñecer a realidade existente noutros países e a percepción que teñen os seus representantes sobre o xeito de traballar en Galicia.



PRESENTACIÓN DA XIRA MYTHOS DE ABRAHAM CUPEIRO

Datas: O 16 de xaneiro de 2024

Espazo: Museo Centro Gaiás

Organiza: Axencia de Turismo de Galicia

Abraham Cupeiro presentou na Cidade da Cultura o 17 de xaneiro a súa nova xira *Mythos*, un proxecto no que recupera instrumentos celtas e gregos e os une, como xa fixera en *Pangea*, coa Orquestra Gaos.

Nesta nova xira, que iniciou no Museo Centro Gaiás, o multi-instrumentista recupera artefactos que soaron nos teatros gregos, circos romanos e covas esquecidas nos confíns do mundo.



EXPOFARMA 2024

Datas: O 22 de maio de 2024

Espazos: Museo, Andar -1

Organiza: COFANO, Farmacéutica do Noroeste Sc. Gallega

O Museo Centro Gaiás acolheu o 14 de maio o gran punto de encontro para farmacias, laboratorios e cooperativas do grupo Unnefar. Máis de 50 expositores que recibiron a visita de numerosos farmacéuticos e farmacéuticas de toda Galicia. Durante a xornada, tamén se impartiron formacións para os profesionais do sector.



DESFILE MESTRE MATEO. DESPUNTE 2024

Datas: O 29 de febreiro de 2024

Espazos: Museo, Andar -1

Organiza: EASD Mestre Mateo

A Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo (EASDMM) celebrou a XXIII edición de Despunte o 29 de febreiro na Cidade da Cultura para amosar o traballo realizado como parte do Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores en Deseño de Moda da escola.

O encontro, ao que asistiron máis de 500 persoas, está integrado por dúas partes principais: Despunte e Miscelánea. Unha terceira parte permitiu amosar unha escolma dos traballos desenvolvidos dentro do Ciclo Superior de Xoiaría Artística. Este ano uniuse ademais unha pequena exposición cunha selección dos mellores proxectos finais desenvolvidos no resto de especialidades impartidas na EASDMM. A condutora da gala foi a presentadora e modelo Diana Nogueira. Pola mañá houbo unha xornada de recrutamento de talento, onde empresas do eido téxtil entrevistaron o alumnado egresado.



DESDE VALENCIA PARA VALENCIA

Datas: O 13 de decembro de 2024

Espazos: Museo, Andar -1

Organiza: Fundación Cidade da Cultura de Galicia

A Cidade da Cultura acolleu a iniciativa solidaria “Desde Valencia Para Valencia”, liderada polos prestixiosos chefs Ricard Camarena, Begoña Rodrigo e Quique Dacosta, en colaboración coa Asociación Valenciana de Empresarios (AVE). Este proxecto tiña como obxectivo principal recadar fondos para apoiar a recuperación das zonas devastadas pola DINA na provincia de Valencia, poñendo unha énfase especial na axuda a autónomos, comercios e pequenas empresas.

O movemento “Desde Valencia Para Valencia” organizou ceas benéficas de maneira simultánea en distintas cidades de España e do mundo, o pasado 13 de decembro. Os recoñecidos chefs galegos Pepe Solá, Javi Ollerós e Xosé Cannas lideraron este evento histórico na Cidade da Cultura, en Santiago de Compostela, que amenizaron os músicos Xoel López e Iván Ferreiro.

PREMIOS #DÍGOCHOEU

Datas: O 16 de maio de 2024

Espazo: Edificio Fontán

Organiza: CRTVG

A Corporación Radio e Televisión de Galicia convocou o 16 de maio a entrega de premios #DigochoEu, un concurso destinado a centros educativos de primaria e secundaria que imparten a materia de Lingua Galega, dentro ou fóra de Galicia, co obxecto de fomentar a colaboración da xente nova e dos centros educativos na elaboración do programa #DigochoEu para achegar a lingua galega a este sector da poboación.



IV ENCONTRO GALEGO DE CIBERSEGURIDADE

Datas: O 6, 7 e 8 de novembro de 2024

Espazo: Edificio Fontán

Organiza: AMTEGA

Colabora: Xunta de Galicia

A Cidade da Cultura acolleu a IV edición do Encontro Galego de Ciberseguridade CIBER.gal, que se desenvolveu os días 6 e 7 de novembro no Edificio Fontán da Cidade da Cultura. Consolidado xa como un evento de referencia para o sector, CIBER.gal reuniu a expertos, empresas nacionais e internacionais, entidades locais e a cidadanía, para abordar os retos e oportunidades da seguridade na contorna dixital. Unha das novidades que incorporou este ano CIBER.gal foi a realización de demostracións de produtos, servizos ou solucións de ciberseguridade por parte dalgunhas das entidades que apoiaron o evento e que se realizaron de xeito paralelo ao programa principal.

Un ano máis, CIBER.gal contou coa colaboración da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia coa posta en escena da obra *Hixiénico*, na que se expuxeron as consecuencias do *cyberbullying*. Tamén contou de novo coa colaboración dos coordinadores dos centros de FP de Galicia, que realizaron catro obradoiros prácticos de ciberseguridade.

FOGOS DO APÓSTOLO

Datas: O 24 e 31 de xullo de 2024

Espazo: Bosque de Galicia e outros espazos exteriores

Organiza: Concello de Santiago de Compostela

Na noite do 24 de xullo de 2024, os Fogos do Apóstolo lanzáronse desde cinco localizacións diferentes de Santiago, entre elas o Monte Gaiás. A Praza Central, as faldras do Bosque de Galicia e outros puntos do complexo, como o Parque da Balea, que ofrecen unha boa visibilidade do ceo de Compostela, permitiron gozar do espectáculo.





07/

AS TORRES HEJDUK

As Torres Hejduk foron deseñadas en 1992 polo arquitecto John Hejduk (Nova York, 1929 – 2000) como torres botánicas para o parque compostelán de Belvís, pero non chegaron a ser unha realidade no seu destino orixinal. Tras a morte de Hejduk, Peter Eisenman decidiu recuperar o proxecto do seu amigo e compañeiro no The New York Five -grupo que mellor representa o espírito neo-racionalismo arquitectónico- e propuxo a súa contrución na Cidade da Cultura.

Actualmente, estas torres úsanse como un espazo expositivo non convencional acollendo intervencións artísticas e, ademais, a torre de cristal das Hejduk ilumínase de cores diferentes, por pedimento de todo tipo de institucións, asociacións ou organismos sen ánimo de lucro, con motivo de diferentes causas sociais. En 2022, as Hejduk ilumináronse, entre outras por efemérides como:

- Día Internacional da Muller
- Día Mundial do Síndrome de Down
- Día das Letras Galegas
- Día Nacional das Linguas de Signos
- Día Mundial da Loita contra a Esclerose Lateral Amiotrófica
- Día Internacional do Orgullo LGTBIQ+
- Día Mundial das Enfermidades Reumáticas
- Día Mundial da Eliminación da Violencia de Xénero contra a Muller





08/

COMUNIDADE

O GAIÁS NA REDE

A Cidade da Cultura dispón dunha páxina web, dun servizo de envío de newsletter e de canles nas principais redes sociais (Facebook, Instagram e X) nas que informa das súas actividades. O Gaiás conta cunha ampla comunidade online que segue puntualmente as actualizacións, publicadas diariamente no caso das redes sociais e con periodicidade variable e adaptada ás necesidades de comunicación da institución, no caso da páxina web e da newsletter.

Nº de accesos á páxina web
ciudadadacultura.gal

(1 xaneiro-31 decembro 2023)

542.796
sesións

Nº de accesos en redes sociais

(1 xaneiro-31 decembro 2023)

105.692
seguidores







XUNTA
DE GALICIA



FUNDACIÓN
CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA

